Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 19/04/2022 09:51:31
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 59

## Sesión plenaria
**24 de novembro de 2021**

**Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira**

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ORDE DO DÍA (Continuación)

## Punto 4. Proposicións non de lei

**4.4 24276 (11/PNP-002180)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**
Sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta
Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

**4.5 24322 (11/PNP-002186)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior
Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

**4.6 24337 (11/PNP-002188)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Candia López, María Elena e trece deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 224, do 10.11.2021

## Punto 5. Interpelacións

**5.1 16842 (11/INT-000975)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún
Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

**5.2 23473 (11/INT-001238)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

**5.3 24211 (11/INT-001264)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**
Sobre a situación económica do sector lácteo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

**6.1 24979 (11/POPX-000047)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo**
Sobre as previsións do presidente da Xunta en relación co impulso dunha actualización do Estatuto de autonomía de Galicia en canto pasen as peores fases da pandemia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

**6.2 24980 (11/POPX-000048)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pontón Mondelo, Ana**
Sobre o malestar crecente que expresa a cidadanía galega nas rúas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

**7.124946 (11/PUP-000216)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas nos xulgados de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

**7.224028 (11/POP-003439)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**
Sobre a posta en marcha dun plan de industrialización e emprego para a comarca da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

**7.324454 (11/POP-003483)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do crédito orzamentario no ano 2022 para as subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

**7.424360 (11/POP-003473)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**
Sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**7.524937 (11/PUP-000214)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pago por uso das autovías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

**7.618932 (11/POP-002594)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**
Sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

**7.720712 (11/POP-003145)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**
Sobre a situación da formación profesional en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

**7.823902 (11/POP-003427)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**
Sobre os dereitos educativos da mocidade interna no Centro de Menores Santo Anxo de Rábade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

**7.924941 (11/PUP-000215)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes**
Sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

**7.1022055 (11/POP-003256)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis**
Sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**Pregunta para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do presidente da Xunta en relación co impulso dunha actualización do Estatuto de autonomía de Galicia en canto pasen as peores fases da pandemia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 11.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx.12.)
Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 14.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

**Pregunta para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o malestar crecente que expresa a cidadanía galega nas rúas.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 23.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 26.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 29.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 32.)

*O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 35.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 38.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 41.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 44.)

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*A señora Gallego Sanromán (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 47.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 52.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 56.)

*A señora Candia López (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 59.)

***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar de maneira urxente contra a violencia de xénero: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

*A señora García Vidal (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos na votación da seguinte proposición non de lei, proposta que é denegada polo grupo propoñente.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, respecto dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a protección das brañas do Deo, ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, e a súa inclusión na Rede Natura: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

*O señor presidente anuncia que foi aceptada unha separación de puntos na votación da seguinte proposición non de lei.* (Páx. 62.)

Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as me-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

didas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior: *aprobados por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo: *aprobada por 37 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Pax. 63.*)*

**Interpelación de D. Martín Seco García e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún**. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Seco García (S).* (Páx 63..)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 66.)
Réplica do autor*: Sr. Seco García (S).* (Páx. 69.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 71.)

**Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación económica do sector lácteo.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 73.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 76.)
Réplica do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 79.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 81.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.*

***Alteración da orde do día***.

*O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar a formulación da pregunta 7.4 da orde do día.* (Páx. 83.)

**Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 83.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 84.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 86.)

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 86.)

**Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 88.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 91.)
Réplica do autor*: Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 94.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 96.)

**Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas nos xulgados de violencia de xénero.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 99.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 100.)
Réplica da autora*:. Sra. Castro Rey (S).* (Páx.) (Páx. 101.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 102.)

**Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha dun plan de industrialización e emprego para a comarca da Mariña.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 103.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 104.)
Réplica do autor*: Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 105.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 105.)

**Pregunta de Dª María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do crédito orzamentario no ano 2022 para as subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 106.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 107.)
Réplica da autora*: Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 108.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 109.)

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pago por uso das autovías.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 110.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 111.)
Réplica do autor*: Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 112.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 114.)
Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 115.)
Réplica do autor*: Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 117.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 118.)

**Pregunta de Dª Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 119.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 120.)
Réplica da autora*: Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 121.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 122.)

*O señor presidente comenta que se cometeu un erro na correlación de preguntas na orde do día, polo que retoman a pregunta 7.7.* (Páx. 123)

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación da formación profesional en Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 123.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 124.)
Réplica do autor*: Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 125.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 126.)

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*:* Sra. Otero Lago (S). (Páx. 128.)
Resposta da Xunta: *Sr. Conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 129.)
Réplica da autora*: Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 130.)
Réplica da Xunta: Sr. Conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 130)

*Remata a sesión ás seis e trinta e dous minutos da tarde.*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto sexto, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do presidente da Xunta en relación co impulso dunha actualización do Estatuto de autonomía de Galicia en canto pasen as peores fases da pandemia.**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, a Autonomía non é a confirmación do pasado, é a apertura de camiño novo cara ao futuro, un camiño novo que abrimos hai corenta anos en Galicia, como vostede ben sabe. Corenta anos que deron lugar ao período máis longo de democracia e de autogoberno na nosa Comunidade. Corenta anos dunha España que apostou por un modelo de descentralización, por un modelo de facto federal, por un modelo de participación dos territorios, das identidades, das sensibilidades, das nacionalidades, un modelo de Estado autonómico que funcionou pero que necesita tamén adaptarse aos tempos que temos que vivir por diante.

Ao longo deste ano estamos celebrando os corenta anos do Estatuto de autonomía de Galicia, un estatuto que permitiu dignidade, que permitiu desenvolvemento da cultura, da lingua, o desenvolvemento económico e social do noso país, e facelo, ademais, nunha España plural na que hai cabida para que as comunidades poidan participar en pé de igualdade, contribuír, dotar a súa cidadanía dos mellores bens públicos rexionais e de fomentar todo aquilo que implica dignidade, identidade, cultura, benestar para o noso pobo.

Corenta anos despois, o Estatuto de autonomía foi un éxito colectivo, unha das páxinas escritas para favorecer o noso país da mellor política feita en Galicia. E corenta anos despois do Estatuto feito no século XX Galicia necesita tamén a oportunidade de adaptar o Estatuto ás necesidades do século XXI. Ese foi tamén o seu compromiso no programa electoral cando accedeu ao Goberno da Xunta por primeira vez, e ese é un compromiso tamén do Partido Socialista de Galicia, que leva mantendo de forma continua en distintas convocatorias, con distintas direccións, e que vai ser tamén un sinal de identidade.

A medida que pasemos os peores momentos da pandemia é hora de abrir unha páxina de adaptación do Estatuto de autonomía ás necesidades do século XXI. Un estatuto que ten que incorporar novos dereitos, novas liberdades, novas competencias, un estatuto que necesita actualizarse para incorporar tantos galegos e galegas de menos de cincuenta anos que non estaban en exercicio de voto nin tampouco coa madurez para poder participar no Estatuto e no referendo de 1981.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso queremos, señor presidente, pedirlle que abra unha páxina na historia da Autonomía de Galicia abrindo a actualización e a reforma do Estatuto de autonomía así como pasen as peores páxinas desta pandemia nesta lexislatura; que o faga para incorporar unha carta de servizos básicos, de servizos públicos que dean dereito á igualdade en todo o territorio do noso país; que o faga para incorporar tamén novos dereitos e adaptar a Administración autonómica aos novos tempos en materia de igualdade, de feminismo, en materia de loita contra a violencia machista, en materia de novos dereitos vinculados ao medio ambiente, á sustentabilidade, en materia de novos aspectos como as novas tecnoloxías da sociedade da comunicación, en aspectos referentes tamén a actualizar a arquitectura institucional en materia de competencias, en organismos propios en Galicia que se poden mellorar; tantas cuestións das que falar.

É necesario abrir esa páxina de diálogo, de apertura, esa páxina de valentía. E pedímoslle a este Parlamento de Galicia que asuma a valentía de facer fronte aos retos do século XXI tamén na nosa carta estatutaria. Para que o Estatuto blinde dereitos novos e servizos para toda a cidadanía galega e o faga tamén cun novo contrato social entre todas as forzas políticas parlamentarias, coa sociedade civil, cos representantes dos distintos ámbitos da nosa Galicia e tamén en contacto coa cidadanía, coa xente do país que queira tamén incorporarse a un novo contrato social no que basear unha actualización do Estatuto que sexa de beneficio para os galegos e para as galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Queremos actualizar esas cuestións porque sabemos que a loita polo Estatuto foi a loita polo autogoberno de Galicia, que uniu os galegos de 1936, os galegos de 1981, os galegos que apostaron polo autogoberno tamén en 2007 e que agora necesita tamén en 2021 unha aposta polos galegos e polas galegas, que queren solucións cunha administración de autogoberno que sexa útil.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Ten a man tendida dos socialistas de Galicia para abrir esa páxina e para traballar buscando o mellor para os galegos e para as galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, non lle oculto que me causou unha certa sorpresa ver a formulación da súa pregunta en relación co momento que o Partido Socialista elixe para plantexar unha reforma ou un novo Estatuto de autonomía. Certamente quedo máis tranquilo despois da súa explicación e da súa ampliación e contextualización do que solicita. Porque realmente, señorías, se lle dicimos á xente hoxe, aínda durante os efectos sanitarios da pandemia sen resolver e cunha crise

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

industrial de máis de 16.000 postos de traballo en risco e cunha enorme incerteza en relación con todas as materias primas, todas as subministracións, carestía da vida, as dificultades que están pasando todas as familias e a maioría dos traballadores en Galicia, comprenderá que estar falando disto no Parlamento non é máis que un exercicio teórico de futuribles.

Pero, señor Caballero, dado que vostede o contextualizou —na miña opinión— dunha forma axeita á pregunta, probablemente o máis importante é saber cal é a postura do Partido Socialista agora e que é o que quere cambiar o Partido Socialista.

Acaba de saír unha enquisa recente no xornal *La Voz de Galicia* que dalgunha forma facía unha auditoría dos problemas que tiñan os galegos considerándoos como problemas prioritarios. E concretaba que o problema prioritario era o paro, as condicións laborais, os salarios, a falla de industrias, o avellentamento da poboación; en ningunha delas se refería a un novo Estatuto ou a unha reforma do Estatuto.

Por tanto, se estamos falando neste contexto e nesta sesión desa reforma do Estatuto que non está e que non forma parte dos problemas dos galegos, dende logo dos problemas actuais nin dos problemas próximos, probablemente pensarán os galegos que non estamos respondendo aos seus problemas cotiáns, inmediatos e urxentes.

Estou de acordo con vostede, señoría, en que estes corenta anos son corenta anos de éxito. Por tanto, temos unha arquitectura institucional que foi a que facilitou o éxito, que, como vostede sinalaba, foron estes corenta anos de autogoberno, de responsabilidade, de Constitución e de Estatuto.

Creo que para abordar a reforma de calquera estatuto, nomeadamente aquí en Galicia, necesitamos traballar con dous supostos. O primeiro, que o Bloque Nacionalista Galego abandone o independentismo e o soberanismo. *(Murmurios.)* E o segundo, saber exactamente que é hoxe por hoxe o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia. ¿Segue sendo un partido de ámbito nacional? ¿Está claramente en favor da Constitución? ¿Está claramente a favor de partidos constitucionalistas e, por tanto, non está en ningún caso plantexando acordos con partidos independentistas e soberanistas? Creo que é o lóxico que teñamos que plantexar neste momento.

Mire, efectivamente, señoría, estamos na maior época de prosperidade democrática da nosa historia, na única época de autogoberno que tivemos na nosa historia e coa mellor calidade de vida a pesar das incertezas da nosa historia.

Probablemente, señoría, sería bo concretar cales son as propostas dos partidos da Cámara e, sobre todo, saber se o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia vai seguir traballando pola Constitución, polo autogoberno constitucional, polo galeguismo e vai rexeitar calquera plantexamento soberanista ou independentista. Creo que esa é unha cuestión fundamental.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Entre os retos que temos por diante, que temos que abordar de forma inmediata, creo que un deles sen dúbida de medio

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e longo alcance é o financiamento das comunidades autónomas, concretamente o financiamento de Galicia. Sobre iso temos puntos de acordo, non co Partido Socialista en Galicia, pero si co Partido Socialista en cinco comunidades autónomas distintas á de Galicia. Sería bo que a primeira cuestión é que o Partido Socialista en Galicia concretara e consensuara co grupo maioritario o modelo de financiamento autonómico de acordo cos partidos socialistas doutras comunidades autónomas.

Temos que concretar unha xestión eficaz dos fondos europeos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e sería bo, señoría, que vostede por unha vez priorizara eses fondos e puideramos chegar a un acordo.

Temos que superar a crise industrial, e aí si que se ven as capacidades de autogoberno das distintas formas que conformamos o Parlamento do país.

E temos, por suposto, que afrontar o reto demográfico.

Por iso, señoría, comprenderá que se nos próximos meses...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...imos empezar a falar de cuestións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que non afectan aos problemas dos cidadáns, probablemente esteamos deslexitimando a nosa representación.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Cando nós plantexamos que hai que abordar a actualización do Estatuto, estamos pensando nos galegos e nas galegas. Porque o Estatuto de autonomía é un instrumento para facer Galicia, foi un instrumento para facer unha Galicia mellor ao longo destes corenta anos e ten que ser tamén un instrumento para facer unha Galicia mellor nos corenta anos que veñen.

E é por iso que queremos blindar no Estatuto de autonomía os dereitos a servizos públicos da cidadanía, con independencia de onde vivan, en materia de sanidade pública, en materia de educación, en materia de políticas sociais, en materia de dependencia.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eses son xustamente os problemas que os galegos amosan en todas as enquisas, os mesmos problemas de atopar un emprego, e por iso é necesario tamén actualizar o Estatuto para ter un instrumento máis útil para que o Goberno da Xunta poida dar resposta aos problemas da cidadanía galega. E por iso cando falamos do Estatuto falamos de defender os dereitos das mulleres fronte á violencia machista, os dereitos das galegas e dos galegos a ter unha comunicación por vía dixital, unhas novas tecnoloxías que cheguen ao conxunto do territorio. Falamos dos dereitos ao medio ambiente, a unha Galicia verde que tamén hai que plasmar no Estatuto de autonomía. Falamos da importancia de defender as cuestións do reto demográfico, da Galicia rural, tamén no Estatuto de autonomía.

A reforma do Estatuto de autonomía que plantexamos é a defensa dos dereitos das galegas e dos galegos, é a blindaxe dunha Galicia de vangarda para o século XXI. Estamos falando de dereitos e do interese da xente, das persoas. Nós plantexamos modificacións útiles para os galegos e para as galegas. E é o momento de abordalo, é o momento de que o presidente da Xunta de Galicia defenda eses dereitos para que non se volva poder pechar un paridoiro como o de Verín. Blindemos no Estatuto de autonomía os dereitos tamén á sanidade en todo o territorio para garantir iso, e este é o momento, señor Feijóo.

É o momento porque, a medida que pasemos a pandemia, ao longo de que a vacinación o está permitindo, vostede pode abrir unha comisión en sede parlamentaria coa vontade de construír. Porque tamén no ano 1981 as reticencias, o rexeitamento a abrir o texto estatutario eran moitas e conseguiuse buscar aquilo que nos unía máis que aquilo que separaba. E é o momento de facelo aprendendo tamén da importancia da pandemia. É o momento de facelo porque o nacionalismo galego pode amosar que é o BNG do si e que abandona outras teses, como ten dito a súa voceira nacional. *(Murmurios.)* Porque o Partido Popular ten que abandonar tamén o uniformismo, o Partido Popular tense que separar de Abascal, tense que separar de Ayuso e ten que apostar polo Estatuto, e tamén porque o PSdeG vaia amosar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...o seu compromiso galeguista para avanzar nesa liña.

Entendo que en sede parlamentaria poida non gustar o que digo, pero tamén cando houbo que facer o Estatuto de autonomía houbo que romper moitas inercias, romper moitos cadeados, saír adiante e poñer a cidadanía galega e os intereses de Galicia no común, e teremos que deixar todos cuestións que nos separan, cando a nós nos gustaría, por exemplo, que no Estatuto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor,

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...se blinden tamén os servizos que conleva a Lei de eutanasia.

Pois eu sei que no Partido Popular pode haber algunhas reticencias, pero busquemos o que nos une para defender os dereitos das galegas e dos galegos do século XXI. É algo que mellorará o benestar da nosa xente, o benestar da cidadanía. E a man tendida do PSdeG para

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facelo, á vez que está a man tendida para buscar o mellor modelo de financiamento autonómico e de buscar o mellor para Galicia, vai seguir sendo un compromiso, ao longo de toda esta lexislatura, do socialismo galego...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...e deste grupo parlamentario.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non lle oculto, señor Caballero, que desprende vostede boa intención e interese por acertar. O problema é que hai determinados axiomas que simplemente son falsos. A reforma dun estatuto non significa inevitablemente mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Fíxese o que pasou coa reforma do Estatuto de Cataluña. ¿Cataluña está mellor agora que antes? ¿A sociedade catalá está máis unida agora que antes? ¿Hai máis división, máis confrontación, máis sectarismo, máis independentismo, máis egoísmo na clase política catalá agora ou antes? Non, señoría.

Non obstante, fíxese no que fixemos os vascos e os galegos. Mantivemos o Estatuto. Por certo, vostedes, gobernando en Euskadi, aí manteñen o Estatuto, non é necesario renovalo, non é necesario modificalo, e aquí, como non gobernan, resulta que é necesario modificalo ou renovalo de vez en cando.

Mire, señoría, non sei se é vostede o intérprete correcto e o intérprete auténtico do BNG. Dicir agora que o BNG é o BNG do si supoño que quere dicir que antes era o BNG do non. Pero ¿é o BNG do si ao independentismo e ao soberanismo? Certo. ¿É o BNG do non á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia actual? Tamén é certo.

Por tanto, señoría, eu plantexeille cal é a súa proposta. Dígame cal é a proposta do Partido Socialista, en que escenario se moven. A esa proposta non teño ningunha resposta. Si lle plantexei que estamos ante retos moi importantes. Alcoa está a piques de pechar, Ence está a piques de ser desaloxada por unha decisión partidista, ideolóxica e sectaria. *(Murmurios.)*

Iso é o que lle preocupa a xente, o 5,5 % do IPC que está gravando a todos os salarios, sobre todo os baixos, no país. E, por iso, este grupo parlamentario, maioritario, e o Goberno está centrado en afrontar os problemas da xente. E, sen dúbida, dubido moito que neste momento debamos de poñer en cuestión o marco institucional estatutario para resolver os problemas da xente.

Dicir que o problema para facer un novo estatuto é a tecnoloxía, non; a tecnoloxía está traballando e está construíndose cunha Axencia de Tecnoloxía Galega que está funcionando dende o ano 2009, a Amtega; non existía.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os problemas de igualdade, señoría, resólvense con leis, con plans, con actitudes e con pactos.

Para os problemas medioambientais, señoría, non creo que sexa necesario modificar o Estatuto. Non creo que este estatuto estea en contra da Galicia verde, da Galicia azul que temos.

Pero volvo reiterar: ¿cal é a proposta do Partido Socialista de Galicia? ¿Que queren ser como partido? ¿A onde queren ir? ¿Cales son os seus socios? ¿Os socios somos a maioría dos galegos ou a minoría dos galegos? ¿Vostedes son libres para pactar estatutos de autonomía constitucionais? Esa é a verdadeira pregunta.

Mire, non imos embarcar Galicia nunha viaxe cara a ningunha parte, necesitamos saber quen son os compañeiros de viaxe. Sempre estarei na procura dos consensos, sempre intentarei atopar e buscar consensos por moi alonxados que estean.

Onte oito presidentes autonómicos de tres partidos, que representamos o 62 % do territorio de España e máis de once millóns de habitantes, pactamos moitas máis cousas das que son capaz de pactar neste parlamento. Comprenderá, señoría, que é algo estraño, que sexa capaz de pactar cos partidos socialistas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...de Castela-A Mancha, da Rioja, de Aragón, todo este tipo de cuestións, xunto con Asturias; cinco presidentes socialistas, un presidente rexionalista que goberna cos socialistas e un presidente do Partido Popular. Comprenderá que isto é algo que os galegos se están preguntando.

E a pregunta que lle volvo reiterar, porque eu si estiven no interese de reformar o Estatuto cando vostedes gobernaban, e o problema non era o articulado, nin sequera podemos falar do articulado. O problema é que o BNG, minoritario daquela e minoritario hoxe, aínda que lamentablemente, señorías, xa non tan minoritario..., *(Risos.)* Dígoo por vostedes. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** A min dáme igual, señoría, como se reparten esas bancadas, pero pódolle asegurar, señoría, que o problema era que Galicia é unha nazón ou unha nación; daquela conformábase con ser unha nación; agora xa plantexa ser unha república, a República de Galiza.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Comprenderá, señoría, que nin vostedes nin nós imos traballar nin tragar pola República de Galicia e considerar España...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...a unidade de repúblicas soviéticas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Iso era a URSS. *(Risos.)* Agora, señorías, xa non é a URSS. Agora é a España constitucional e democrática.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente. Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o malestar crecente que expresa a cidadanía galega nas rúas**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, xa vexo que lle parece que os galegos votan mal cando votan BNG e creo que é todo un síntoma de como entende vostede a democracia. *(Aplausos.)*

Mire, o peor que lle pode pasar a un gobernante é perder a conexión coa realidade e instalarse pois nunha especie de realidade virtual construída a base de propaganda. Vostede está instalado no Matrix de Monte Pío, e esa desconexión impídelle escoitar milleiros de persoas que saen á rúa a protestar contra un presidente que se ten convertido nun problema.

Porque, señor Feijóo, cada vez son máis os galegos e as galegas que o ven como un lastre, porque é alguén que, en vez de dar solucións, simplemente busca culpables. E isto estanllo dicindo na rúa miles de persoas cando saen en defensa da sanidade pública. Dillo toda a comarca da Mariña cando sae á rúa a defender o seu futuro. Dinllo na rúa as e os produtores cando piden uns prezos xustos para poder vivir do seu traballo. E dinllo as mulleres, que este 25-N volverán saír á rúa para pedir máis medios, máis recursos contra as violencias machistas.

Por iso, señor Feijóo, permítame un consello: saia do Matrix de Monte Pío, pise a realidade da rúa, escoite a cidadanía e aporte solucións, porque claro que hai solucións, pero o que se necesita é vontade política. O que necesitamos é un presidente que exerza como presidente de Galiza e que deixe de ser o delegado do Partido Popular máis ultra da historia. Porque mire, non vaia ser que lle pase como a Casado e que acabe rezando misas por Franco. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Escoite, señor Feijóo, porque o malestar non para de medrar día a día, e non vaia tapar ese descontento coa súa propaganda virtual no Telexornal.

E desde o BNG ofrecémoslle propostas para darlle futuro a este país.

Primeira proposta. Un plan industrial para a comarca da Mariña, onde o primeiro punto ten que ser a intervención pública de Alcoa. ¿A que espera para sumarse a esta proposta que garante o futuro de máis de mil postos de traballo na Mariña? ¿Non lle dá vergoña vir a este parlamento votar en contra da iniciativa do BNG para rescatar Alcoa? ¿Que máis ten que facer a veciñanza desa comarca para que mova ficha cando hai en xogo máis de mil postos de traballo?

Segunda proposta. Plan de reforzo de atención primaria, con máis de 200 millóns de euros, como primeira medida para acabar con doce anos de recortes na sanidade pública. ¿Cantas manifestacións máis precisa para escoitar? Porque mire, teña moi clara unha cousa: a xente deste país non se vai render nin vai parar á hora de defender a sanidade pública e derrotarán a súa soberbia. *(Aplausos.)*

Terceira proposta. Sente na mesma mesa industria, produtores e distribución para acabar cos prezos baixos do noso sector agrogandeiro.

Cuarta proposta. Destinemos o 1 % do orzamento a loitar contra a violencia de xénero, porque o compromiso na loita contra o machismo demóstrase con máis recursos, con máis medios e non poñendo un lazo lila cada vez que hai un 25 de novembro.

Estas son, señor Feijóo, propostas concretas, realistas, que só necesitan de vontade política e que lle darían un xiro a este país. E sería darlle unha resposta ao que está reclamando neste momento a cidadanía na rúa. Saia do Matrix de Monte Pío, escoite e aporte solucións, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Si, si, se estou contento de como votan os galegos, que nós estamos aquí e vostede está aí. *(Aplausos.)* Estou absolutamente moi contento de como votan os galegos. E os galegos, que saben votar, nunca xamais lle deron a Xunta de Galicia ao Bloque Nacionalista Galego, xamais, nunca. Non sei o que pasará nos próximos corenta anos. Do que si estou convencido é de que o BNG non vai sacar maioría absoluta no país, porque o país coñece moi ben o BNG. *(Aplausos.)*

Señorías, estou moi acostumado a escoitar o que pasa nas rúas, porque antes de tomar posesión no ano 2009, despois de gañar as eleccións —estaba o Bipartito no Goberno—, vostede e outros xa me plantexaron a primeira manifestación antes de tomar posesión. Comprenderá que a escoitar na rúa estou moi afeito. Pero probablemente para escoitar o que pasa na rúa necesitamos non estar no medio de todas as manifestacións da rúa, porque, se non, só escoitamos os que temos ao redor, e temos que escoitar a todos, señoría.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, é importante defender, en primeiro lugar, o interese xeral e non o interese partidario; en segundo lugar, comprobar se unha proposta encaixa na lexislación do país; e, en terceiro lugar, comprobar se unha proposta se pode financiar ou non. Ese é o papel dun presidente dun goberno. Pero, como vostede comprenderá, a vostede nisto da Presidencia de momento toca de oído.

Señoría, dime vostede se tomo nota do que ocorre na rúa. Si. Mire, *(O señor presidente da Xunta mostra unha fotografía.)* esta é a foto da Mariña. Di: Ence si, enerxía solución. Eu tomei nota e propuxen unha solución para Ence, e dixen dende o principio que era unha falacia estar falando de Alcoa mentres non houbera un prezo razoable para producir aluminio primario no país. Non mudei de opinión. ¿Que di o BNG? Ence non. ¿Non escoitan vostedes o que ocorre na rúa? E ¿que di en *El País*? Ben, pois non votamos en contra dos presupostos do Estado, onde, efectivamente, non se acepta a intervención puntual de Alcoa.

Seguinte cuestión. Hai unha manifestación na Mariña o último día 17. ¿Como non escoitamos na rúa se os meus compañeiros estiveron na manifestación, mesturados cos compañeiros do Partido Socialista? Hai que ser valente, señor Caballero, para ir a esa manifestación por parte do Partido Socialista. Iso si, o BNG non, o BNG estaba aquí, *(O señor presidente da Xunta mostra unha fotografía.)* unha pancarta do BNG e alonxados dos comités de empresa, *(Murmurios.)* dos traballadores, das forzas políticas, porque o BNG non vai ás manifestacións, *(Aplausos.)* vai facer unha manifestación do BNG, non dos traballadores de Alcoa.

Señoría, claro que escoitamos na rúa, escoitamos na rúa e traballamos, e ese mesmo luns eu estaba cunha ministra do Partido Socialista dicíndolle que o de Alcoa non ten ningunha solución se non baixa o prezo da luz ou non se fai un financiamento exclusivo cun contrato determinante para as empresas hiperelectrointensivas. Levamos dous anos, o BNG adicado a outra cousa, nós adicados á xente de Alcoa.

Falar da sanidade. Mire, señoría, acaba de saír o barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade. ¿Sabe que nunca tivo a sanidade pública unha puntuación tan alta por parte da xente, non dos do BNG, da xente do país, dos que van á sanidade, dos que utilizan a sanidade?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Un 6,78 %... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...un 6,78 % de valoración...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...a máis alta dende que hai rexistros. E a atención primaria, un 7,46; en España, un 7,29.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comprenderá, señoría, que non nos vai dar clase para contratar seiscentos traballadores máis, como levamos contratados. Comprenderá, señoría, que nunca se fixeron tantos centros de saúde nin tantos hospitais, nin tanta tecnoloxía, nin tanto persoal.

Pero sería bo que escoitaramos todos a todos, señoría. Sería bo que escoitaran vostedes os traballadores de Vestas, non entendendo como é posible que se peche unha industria de produción eólica.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Iso si, pero estes, despois, cando acaba a manifestación, vanse manifestar aos concellos en contra dos parques eólicos para que Vestas teña traballo *(Aplausos.)*. Iso é outra cousa, señoría. Ou escoitar o que piden os traballadores da central térmica das Pontes, que o queren é —con sentido común— non pechar todas as centrais, porque temos un problema de subministración eléctrica.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, unha vez que vostedes van á manifestación, piden o peche de todas as centrais térmicas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Hai que escoitar a todos, señoría.

**O señor PRESIDENTE:** Señor presidente, terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Que lle parece se escoitamos os traballadores de Ence?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, xa vexo que non lle gusta como votan os galegos e tampouco lle gusta como se manifestan os galegos e as galegas nas rúas *(Aplausos.)*. Acaba de deixalo moi claro na súa intervención. Si, si, tampouco lle gusta que o BNG veña ás sesións de control a facer o que é o seu traballo, que é o control do Executivo. Eu non sei que sentido ten para vostede gañar unhas eleccións. Se cre que, por gañar unhas eleccións, ten a razón e nós imos vir aquí darlla, está moi equivocado. Nin nos calou no pasado nin nos vai calar agora, nin nos vai calar de cara ao futuro *(Aplausos.)*, porque este país necesita alguén que defenda a súa xente, si, si.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E miren, claro que escoitamos, escoitamos e lemos. Escoitamos o que pasa en Ence, e tamén lemos as leis e as sentenzas, que din que vostedes concederon unha prórroga ilegal e que agora queren saltar unha sentenza para seguir beneficiando o Consello de Administración de Ence, *(Aplausos.)* poñendo en risco os traballadores e as traballadoras. Escoite, e escoite os traballadores de Ence, que o que están pedindo é unha alternativa para que a fábrica poida seguir producindo aquí, e a única alternativa legal e viable é o traslado; póñase a traballar e deixe de enganar a cidadanía deste país *(Aplausos.)*, os traballadores de Ence e os veciños e veciñas de toda a comarca de Pontevedra.

Falemos tamén de Alcoa. Vostede mandou os seus deputados e deputadas á manifestación, pero vostede non se atreve a pisar esa comarca. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede non se atreve a pisar a comarca da Mariña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, leva meses desaparecido, si, si, si.

E dinos que o Goberno de Sánchez non quere a intervención. Moi ben. ¿E vostede quere a intervención, señor Feijóo? Porque acaba de votar en contra de recoller unha partida nos orzamentos para a intervención de Alcoa, señor Feijóo *(Aplausos.)*.

E claro, critícannos, ademais, porque din que somos intervencionistas. Non, non. Xa sabemos cales son as intervencións que defende o Partido Popular, que é coller as empresas públicas e privatizalas para que os seus amigos fagan negocio a custa do que é de todos e de todas. *(Aplausos.)* Fixérono coa AP-9 e fixérono tamén con Alcoa, señor Feijóo. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Quero recordarlle que foi o señor Aznar quen privatizou Inespal e quen puxo Alcoa agora nunha situación como a que temos na actualidade. E se temos un problema, porque o temos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, e moi grave, co marco enerxético, tamén o Partido Popular ten responsabilidades. É que a lei actual que temos deseñouna e escribiuna o Partido Popular, do seu puño e letra *(Aplausos.)*.

E vivimos un esperpento, señorías, si, si, claro. Nunha Galiza rica en electricidade, temos miles de postos de traballo en risco, ¿e que fai o señor Feijóo? Vetar a proposta dunha tarifa eléctrica galega para que nos beneficiemos da enerxía *(Aplausos.)*, unha tarifa eléctrica galega como a que teñen, que sería aplicar o sentido común, e é que coa riqueza eléctrica do país se poña ao servizo do país. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

Silencio, por favor.

A **señora PONTÓN MONDELO:** E, de verdade, é unha broma de mal gusto, señor Feijóo, que fale vostede aquí de Vestas e que nos diga que o problema de Vestas é o BNG. Non, non. Pero se quen está adxudicando parques eólicos é o seu Goberno. ¿Por que non fai algo moi sinxelo, que é vincular eses novos parques eólicos a que unha parte dos compoñentes se fagan en

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galiza? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Verá como Vestas non só non pecha, senón que habería outras industrias que se instalan no país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Pero vostede, señor Feijóo, ten un problema; perdón, ten dous problemas: un, que é o delegado en Galiza do Partido Popular máis ultra da historia *(Murmurios.)* e que goberna pensando nos intereses do *lobby* eléctrico e dos grandes poderes económicos e non dos intereses do país. Por iso pecha Vestas, por iso se nos vai ir unha industria como é a industria da produción de aluminio e por iso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...vemos como Galiza perde cada vez máis emprego, porque vostede está pensando nos consellos de administración das grandes empresas e non nos...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...traballadores... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Grazas.

*(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. Terminou o tempo, por favor. Terminou o tempo. Non, eu non lle toquei aí, pero terminou o tempo. ¡Home, por favor, mire o tempo, por favor!

*(Aplausos.)*

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señora Pontón, ¿en que quedamos? ¿Non estamos de acordo todos en que está moi ben os votos que tivemos nas últimas eleccións? ¿Como pode dicir que como temos tantos votos nos desconectamos? Vostedes teñen moitos votos agora. Quizais agora utilizan a palabra Matrix, que é unha palabra, realmente, moi propia do país *(Risos.)*. Pero sobre iso, se significa apertura, eu non estou en contra.

Pero, en todo caso, señoría, volvendo ao importante, que se estamos a favor e o único que nos importa é o Consello de Administración de Ence. Non. Se ao Consello de Administración de Ence lle importa tres... o que ocorra cos montes galegos, o que ocorra coas familias e cos traballadores. (*Murmurios*.) Estes van seguir tendo traballo, xa sexa en Galicia, en Navia, onde sexa. A nós impórtannos os traballadores do país, os que traballan aquí, os camioneiros do país e as familias do país. *(Aplausos.)* Hai que escoitar a todos, señora Pontón, hai que escoitar a todos.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outra das falacias do BNG: que nós estamos en contra da intervención puntual de Alcoa. Falso, de toda falsidade. Nós estamos, se é imprescindible, a favor dunha intervención puntual de Alcoa, pero non da nacionalización. Nós non imos enganar os traballadores, para iso xa están vostedes.

O mesmo día que vostede se manifestaba na Mariña, fóra dos grupos, fóra dos sindicatos, iso si, só co BNG, con esa pancarta do BNG e fóra de todo calquera plantexamento laboral, o BNG e o seu sindicato, o sindicato e o BNG, punto; o resto do país non lle importa *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Non, señorías, son vostedes así, pero sábeno todos os galegos, non hai ningún problema.

Pero miren, deixen de tomarlle o pelo á xente de Ence, deixen de tomarlle o pelo á xente de Alcoa, e póñanse vostedes cun mínimo de honestidade, honestidade xa non digo ideolóxica, senón honestidade como parlamentarios. Que se diga a este goberno que non está defendendo Alcoa, cando levo doce anos traballando, cos presidentes Zapatero e Rajoy, para solventar os problemas de Alcoa, solucionamos os problemas de Alcoa. Agora muda o Goberno, Goberno no que vostedes son socios, e temos o problema de Alcoa. É unha broma, señoría.

¿Como que non vou á Mariña? Invítoa a vir comigo o próximo sábado para falar da pesca coa xente da Mariña *(Aplausos.)*. O próximo sábado está vostede invitada.

Pero, señorías, ¿por que non escoitamos a todos? Mire, a obriga dun político é a de escoitar a xente, a obriga dunha parlamentaria é a de escoitar toda a xente, non só do seu partido, toda a xente, incluso a maioría de Galicia debe vostede escoitala. Pero ¿hai que escoitar a todos? Sen dúbida, señoría, e a vostede tamén. Eu aprendín moito de todo o seu repertorio bibliográfico de manifestacións, que estiveron catro anos hibernadas, cando vostedes gobernaban. Agora hai unha manifestación dos traballadores da Policía e da Garda Civil en contra desta lei que lles quita dereitos e os pon nunha situación límite para defender as leis e a Constitución. ¿Van ir vostedes a esa manifestación? Nós si *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*, señoría, nós imos a esa manifestación.

Por iso, señorías, vostedes teñen un problema. O problema é que non escoitan o pobo, escoitan os seus círculos concéntricos, escoitan o seu sindicato de cabeceira, non sabemos se o sindicato é o dono do BNG ou o BNG é socio do sindicato, pero hai outros sindicatos, maioritarios por certo. Comisións Obreiras e UXT tamén son sindicatos, anteriores á CIG, democráticos, que estiveron a favor da democracia cando a CIG non existía; *(Murmurios.)* escoite tamén a Comisións Obreiras e UXT, señoría.

Pero mire, señoría, eu, dende logo, non sei que parte da cidadanía galega lle pediu a vostede ir a unha manifestación esta fin de semana con Bildu para pedir a independencia de Euskadi *(Aplausos.)*. Deixámoslle a vostede as súas pancartas, as súas manifestacións e a súa petición de independencia de Euskadi. Sigan vostedes por ese vieiro.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Despois de acabar de asistir á manifestación de Bildu pedindo a independencia de Euskadi e a conformación de Euskal Herria, comprenderá, señor Caballero, que é moi difícil pactar o Estatuto de Galicia con esta forza independentista e soberanista.

Pero non lles vale isto. Despois foron á da CUT.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E agora resulta que hai que escoitar que o BNG é un partido que mira polos intereses de Galicia (*Murmurios.*), que é un partido que lle interesa a Galicia.

Pero mire, señora Pontón...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...os presupostos do Estado están asinados polos seus socios...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...Esquerra Republicana, Bildu e o PSOE...,

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e vostedes, como é un partido absolutamente...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, presidente. Grazas. Terminou o tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...intranscendente, din que se absteñen.

Voten o que teñen que votar para defender Galicia *(Aplausos.).*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coa orde do día, neste caso proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 24276 (11/PNP-002180).*

*Emenda de adición:*

*Engadir na parte resolutiva o seguinte texto: "Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse á Deputación Provincial de Pontevedra para adoptar as medidas necesarias co obxectivo de asumir a xestión directa por parte do Goberno galego do centro Príncipe Felipe.")*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Pois vai falar aquí agora o voceiro dun grupo moi satisfeito co que votan os galegos.

Mire, creo que durante toda a tramitación orzamentaria quedou claro o compromiso do actual Executivo galego coas necesidades sociais do noso país; un compromiso que levou á Xunta de Galicia a dotar con 927,4 millóns de euros a Consellería de Política Social, o que o converte no maior orzamento da serie histórica e que duplica os recursos que adicaba a esta materia o tan añorado Goberno bipartito.

Nestes anos de goberno de Alberto Núñez Feijóo, Galicia viviu un período no que o desenvolvemento de políticas, de apoios e de infraestruturas de carácter social se incrementaron sen posibilidade de parangón con ningún goberno anterior.

Galicia pasou das 983 prazas de centros de día que tiña en 2009 a 3.367, un 242 % máis; incrementou as prazas en centros de alzhéimer en máis dun 110 %; as vivendas comunitarias en máis dun 20 %; as prazas en residencias en máis dun 43 %, sen contar as 900 novas que queremos facer —por certo, se nos deixan vostedes en Ourense—; multiplicáronse por oito os bonos de libranza para centros de día e residencias; creáronse as casas do maior, un recurso de conciliación e para a atención aos maiores no rural galego, que xa conta con máis de 415 prazas; e incrementáronse en máis dun 23 % as prazas de discapacidade; duplicamos, nestes anos, os recursos sociais de Galicia. E eu creo que todas as opinións son respectables, pero os datos son incontestables. Este é o goberno con maior sensibilidade social da historia de Galicia.

Miren, este desenvolvemento social exponencial que está a vivir o noso país non pretende servir de escusa nin para a relaxación nin para a autocompracencia; téñenmo oído en moitas ocasións; todo o contrario, debe servir de estímulo para mellorar aqueles apartados nos que aínda temos marxe de mellora, porque queda moita marxe de mellora.

Hoxe nós presentamos unha iniciativa que pretende recadar o respaldo unánime desta cámara, do Parlamento de Galicia, para impulsar un novo recurso social de carácter pioneiro, un centro residencial especializado na atención de menores en situación de dificultade social

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou con problemas de conduta. Queremos, polo tanto, impulsar o primeiro centro de protección de Galicia especializado na atención de rapaces con trastornos relacionados coa saúde mental. Queremos impulsalo nun concello do rural galego, concretamente no concello de Ponte Caldelas, e queremos facelo aproveitando un espazo público de valor histórico, a denominada casa de Quintán, que foi cedido pola Fundación Sálvora —á que dende aquí lle queremos agradecer explicitamente a súa xenerosidade— e que polas súas características é ideal para que este inmoble se converta no que pretendemos que sexa: un fogar no que os menores reciban atencións e coidados en condicións equiparables ao contorno familiar.

Nós cremos sinceramente que é unha grande oportunidade para o concello de Ponte Caldelas. Ten a posibilidade de acoller un recurso que a día de hoxe só teñen dúas grandes cidades españolas, as dúas máis grandes: Madrid e Barcelona; Madrid ten unha unidade hospitalaria no Gregorio Marañón adicada a esta cuestión, e outra en Barcelona, no San Joan de Déu. Polo tanto, a de Ponte Caldelas sería a primeira unidade deste tipo de carácter non sanitario, de carácter extrahospitalario, que ten como obxectivo previr precisamente os ingresos hospitalarios destes menores.

É unha oportunidade tamén porque vai xerar emprego cualificado. A Xunta vai adicar 700.000 euros ao ano para crear máis de vinte empregos altamente cualificados con carácter directo nese centro: educadores sociais, traballadores sociais, médicos, enfermeiros; e, polo tanto, creo que persoas de cualificación profesional indubidable. E, ademais, como calquera apertura dun centro destas características, pois supón un impulso de actividade no concello a nivel educativo, coa chegada de novos menores, a nivel comercial, a nivel social, etc.

Este centro preténdese botar a andar en coordinación co Servizo Galego de Saúde e enmárcase no Plan de saúde mental que está a impulsar a Xunta de Galicia. Non é un centro sanitario nin é un centro hospitalario, pero si vai proporcionar ou pretende proporcionar unha resposta axeitada para 12 rapaces —porque esa é a súa capacidade— que teñen necesidades específicas. E cremos que, ademais, o inmoble é ideal para albergar este tipo de recurso, porque é un espazo seguro, porque é un espazo tranquilo, é unha casa moi confortable que está moi ben equipada e ademais dispón de espazos exteriores necesarios para a xente moza.

Pero, a pesar de cubrir necesidades recoñecidas, creo que por todos os grupos da Cámara, estámonos atopando con certa resistencia por parte do Concello de Ponte Caldelas, por ser máis específico, por parte do alcalde de Ponte Caldelas, que, en aras da confrontación partidista, está alimentando unha polémica artificial —e teño que dicilo—, utilizando expresións moi pouco respectuosas, moi pouco afortunadas para os usuarios potenciais deste centro, que non deberiamos esquecer en ningún momento que son menores, son menores.

E creo que estigmatizar menores que sofren trastornos de saúde mental é unha irresponsabilidade política, e vanme permitir que aforre a cualificación persoal que me merece. Pero creo que todos imos coincidir en que é unha irresponsabilidade política. Non son xente problemática, non son delincuentes, non se vai abrir ningún hospicio nin ningún reformatorio, é un centro especializado adicado a menores, que a Xunta ten a obriga de protexer porque son vítimas dunha situación de desamparo e, polo tanto, creo que merecen o respecto de

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todos e unha mínima sensibilidade por parte de todos, incluído un alcalde que ata o de agora non está tendo.

Teño que dicir que tamén é unha irresponsabilidade insistir en que se utilice ese centro para a instalación dun centro de día, porque é un inmoble —xa o debatemos nesta cámara— que non ten as condicións axeitadas para acoller un recurso desas características. Estamos falando dunha casa de tres pisos que carece dos espazos comúns amplos que se necesitan para a instalación dun centro de día, porque un centro de día necesita perentoriamente de espazos para a convivencia dos usuarios, e nesa casa, nese inmoble, non se dan esas circunstancias arquitectónicas; ademais, non se poden habilitar este tipo de espazos e, polo tanto, hai que desbotar ese uso.

Como tampouco pode dedicarse a outra proposta que se fixo, que era a dun centro interxeracional, exactamente polo mesmo, polas súas características arquitectónicas, pois estamos falando dunha casa que carece de accesos diferenciados e das condicións de accesibilidade necesarias para acoller un recurso doutras características como é un centro interxeracional.

Eu dicíalles que estamos vivindo algunhas cuestións que creo que son pouco edificantes. Teño aquí *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* unha publicación do propio alcalde que di que coa casa de Quintán completamente equipada e lista para poñer en marcha e pechada dende hai dez anos «colócannos» —esa é a expresión entrecomiñada, non por min senón polo alcalde— «un centro de menores con problemas». Creo sinceramente que é unha moi desafortunada maneira de pronunciarse respecto deste tipo de recursos e de necesidades. Polo tanto, eu o que espero é que se rectifiquen este tipo de actitudes.

Ese é un dos motivos fundamentais polo que traemos esta proposta á Cámara, porque creo que sería interesante que a Cámara se pronunciase nun sentido único e inequívoco dicindo que o que estamos atendendo é unha necesidade. E non como di o alcalde, que di que a Xunta atende as súas necesidades. Non. A Xunta atende as necesidades da sociedade galega e a sociedade galega está demandando este tipo de unidades. Eu creo que poñer Ponte Caldelas no mapa dun servizo do que só dispoñen Madrid e Barcelona debería ser motivo de orgullo e nunca motivo de polémica.

En todo caso, eu o que pido é o apoio da Cámara e dende aquí tamén lle pido ao alcalde de Ponte Caldelas que rectifique e que non cometa e non incorra nos erros do pasado, eses que o levaron a ter o triste honor de ser o único alcalde galego que pechou un centro de información á muller. Espero que non se volva repetir, que non cometa os erros cun centro cuxo apoio solicitamos hoxe a todos os grupos da Cámara. E que a partir de aí poidamos seguir traballando no que levamos facendo dende que Alberto Núñez Feijóo chegou ao Goberno de Galicia, en proporcionar aos galegos máis e mellores servizos de carácter social...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...porque con planificación e con sentido común ese é un obxectivo que podemos alcanzar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día.

Despois deste entrañable momento no que o Partido Popular se dedicou a repartir carnés de bos e malos galegos —o que vota ao Bloque, mal galego; quen se afilia á CIG, mal galego; o que non lle vota ao Partido Popular, mal galego tamén— *(Aplausos.)*, ¡vaia lección de democracia!

Indo á cuestión que nos trae aquí hoxe, intentando centrar tamén un pouco o debate na cuestión onde a situaba agora o portavoz do Partido Popular, porque na iniciativa non se fala para nada desa casa Quintán e do caso concreto de Ponte Caldelas, senón, con carácter xeral, dos recursos de atención e intervención a menores e adolescentes en situación de vulnerabilidade por diversas circunstancias de todo tipo (sanitarias, económicas ou de carácter máis social), pero como é un asunto no que xa temos tamén debatido na Comisión, si que o trataremos desde o BNG.

Indo do xeral ao máis concreto, porque, efectivamente, Galiza ten ou conta cunha rede de recursos de atención e intervención no ámbito da protección de menores que é insuficiente. Isto non é unha opinión, está recollido na memoria dos orzamentos da Consellería de Política Social de maneira reiterada nos últimos tres anos, os que eu consultei agora, estes días, preparando esta intervención, pero seguramente se nos remontamos máis alá do ano 2019 xa se recollía como unha debilidade ou unha necesidade crear máis rede, máis programas e servizos de intervención e prevención fronte á situación de vulnerabilidade, de risco de exclusión ou doutra índole referida á protección dos menores. E fálase ademais de dificultades ou áreas onde non hai competencias definidas.

A pasada semana desde o BNG traïamos esta cuestión no ámbito dun centro de protección de menores como é o de Rábade, no Santo Anxo, polas deficiencias que había por parte da Consellería de Educación na atención ás persoas menores de idade que están internas nese centro de protección de menores.

E tamén se fala xa desde hai anos nesas memorias que acompañan os orzamentos de que vai haber unha crecente demanda de menores que teñen problemas de comportamento insisto en que por moitas e moi diversas razóns, e que, polo tanto, será necesario ampliar esa rede de centros de atención, de intervención e de protección a menores.

Eu coincido —e eu creo que xa o temos dito e expresado noutras ocasións desde o BNG— en que é necesario tratar coa máxima das prudencias e do respecto situacións de exclusión social, situacións de desamparo ou incluso menores que están en garda ou tutela da Xunta de

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galiza, porque teñen procesos xudiciais abertos ou están cumprindo algún tipo de decisión ou condena xudicial. As situacións que viven moitas persoas, moitos fogares e moitas familias non as quixeramos para ningún de nós en ningunha ocasión. E non é nin culpa nin responsabilidade dos menores moitas situacións que teñen que vivir e que condicionan a súa infancia e a súa adolescencia, e, se son reiteradas no tempo, moitas veces o seu propio futuro como persoas adultas.

En todo caso, o Partido Popular non acaba de entrar pola porta, señor Pazos, vostedes, ademais, que se gaban con moito das maiorías absolutas, vostedes levan doce anos gobernando, e esa deficiencia nos servizos especificamente de atención e protección á infancia, e especialmente á adolescencia e a menores en situación de garda e tutela, ou outros que poidan por outras circunstancias necesitar de apoio de intervención, puido solventarse ou traballar en que fose solventado nos últimos doce anos.

E eu voulle poñer exemplos concretos de que se traballou nese ámbito concreto da política de menores da Xunta de Galiza en sentido contrario. Porque agora falamos deste que se quere crear cunhas condicións diferentes a outros centros que existen xa no país, pero eu, claro, non podía, lendo a iniciativa que hoxe debatemos, lembrarme pois do caso, por exemplo, do centro de protección de menores Montealegre, de Ourense, que vostedes tiveron desde 2012 a 2018 pechado, que o tiveron durante seis anos pechado, onde despois, ademais de facer un enorme esforzo económico, acabou xestionado por unha entidade privada, como tantos outros centros de protección de menores do noso país, para abrilo —insisto— con posterioridade con moitas deficiencias a respecto da xestión pública directa que tivo durante anos. *(Aplausos.)* Por poñer situacións e exemplos concretos e non falar apenas do abstracto.

En todo caso, aquí do que se fala é da creación dun centro de características diferentes aos de protección de menores que temos xa hoxe no noso país, que sería para a atención —como se acaba de dicir tamén ou explicar na intervención anterior— a aqueles menores que se atopen nunhas dificultades, pero non no ámbito xudicial ou de garda e tutela da Xunta de Galiza, senón que existan situacións de conflitividade familiar.

Moi especialmente, no concreto, fálase agora verbalmente de que sexa a casa Quintán, que está no concello de Ponte Caldelas, que é un edificio de titularidade pública da Xunta de Galiza, porque foi cedido xa desde hai máis de dez anos; que tamén aterremos un pouco as cousas, poñamos as cousas no seu contexto. Falando dese caso concreto, dicía: «é un inmoble ideal», e eu diría: xa o era hai doce anos. *(Aplausos.)*

Claro, é que aquí hai que poñerlle un pouco de memoria e contexto ás cousas. *(Aplausos.)* Porque a historia da casa Quintán é unha historia de bastante vergonza ou debería dar para agachar a cabeza ao Goberno do Partido Popular. Porque insisto en que hai doce anos que é un edificio que está á disposición da Xunta de Galiza para uso sociosanitario, foi cedido hai doce anos para esa finalidade por parte da Fundación Sálvora, hai un decreto que está en vigor —ata que non se diga o contrario— desde o ano 2008 polo que se crea nese centro unha vivenda tutelada para a atención de persoas con discapacidade intelectual, que ademais se fixo un enorme esforzo económico desde o ámbito público —insisto— hai doce anos con máis de medio millón de euros aproximadamente para acondicionar, para habilitar e para

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

equipar ese edificio. Claro, un edificio doce anos pechado... Pechen vostedes a súa casa doce anos e xa verán como lles vai custar volver abrila máis do que estar vivindo nela durante todo ese tempo. E a partir do 2009 pois esa casa quedou aí abandonada completamente.

E agora, tamén para situarnos e aterrar un pouco as cousas, pídese o apoio da Cámara. Nós imos votar a favor. Fixémolo ademais na comisión nun debate parecido, noutros termos. De feito, foi o noso grupo quen naquela altura propuña non centrar única e exclusivamente no centro de día, senón abrilo un pouco máis a calquera outro servizo de carácter sociosanitario para atender as demandas existentes no noso país e a deficiencia nos ámbitos que así se considerasen.

Tamén é unha deficiencia no concello de Ponte Caldelas a atención ás persoas maiores e dependentes. Ter un centro de día a Ponte Caldelas séguelle facendo falta porque non o ten de carácter público.

En todo caso, insisto: nós imos apoiar unha medida *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.)* que xa é unha realidade en certa medida, porque está licitado, como saben e tamén o coñece o deputado do Partido Popular; está licitado e adxudicado ese contrato por procedemento aberto desde hai xa uns meses, desde o 17 de outubro do 2021 aproximadamente, desde este ano, cun valor ou por un valor de 1,4 millóns de euros, para que sexa xestionado por unha empresa privada, que está á disposición tamén de todo o mundo o prego para coñecela máis en detalle.

En todo caso, nós insistimos en que, efectivamente, hai unha deficiencia, pero incorporamos unha emenda, tamén antes de coñecer tan polo miúdo a que se dedicaba ou pretendía dedicar esta iniciativa, para resolver outro problema que existe no noso país, que atinxe á atención e á protección de menores, que é o feito de que a Deputación de Pontevedra, unha deputación provincial, é a responsable do Centro Príncipe Felipe. Unha deputación provincial faise cargo dun complexo pero especificamente dun centro de protección de menores cando non lle corresponde, porque tanto educación como política social e protección de menores son competencia da Administración autonómica e, polo tanto, da Xunta de Galiza.

Nós o que pedimos é, efectivamente, todo o apoio para abrir este espazo na casa Quintán de Ponte Caldelas, pero tamén para que dunha vez e por todas a Xunta de Galiza se sente coa Deputación Provincial de Pontevedra para adoptar as medidas que sexan necesarias para que pase ese centro de protección Príncipe Felipe a facer parte da rede da Administración pública autonómica, da rede da Xunta de Galiza.

Porque as deputacións están asumindo competencias que non lles corresponden —iso para empezar—; que son anacrónicas e non responden en absoluto á realidade social e á realidade poboacional e á realidade territorial deste país, tamén; pero é que non teñen que asumir en ningún caso servizos de intervención e de protección a menores en situación de vulnerabilidade e de problemas de todo tipo, pero tamén condutuais. Non lle corresponde a unha deputación provincial e hai que acabar tamén con esta situación.

Por iso pedimos, como engádega, non como substitución, senón como engádega, que, ademais da creación deste centro en Ponte Caldelas, tamén se asuma por parte da Administra-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción autonómica a xestión do Príncipe Felipe. É algo que ademais coñecen, sábeno, porque de maneira reiterada a Deputación Provincial leva insistindo en que se adopten as medidas para que así se faga.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Ben, antes de nada, por tratarse do pleno máis próximo ao 25-N, gustaríame facer un inciso antes de comezar a miña intervención, unindome ás palabras de onte no recoñecemento de mozas e mulleres novas que hoxe en día teñen máis información e sensibilidade que nunca, que comentaba a señora Rodil e a miña compañeira tamén, e ao que facían alusión todos os grupos desta cámara, e que, por suposto, aportan toda esa sensibilidade e toda esa forza que significa esperanza para o futuro na nosa sociedade.

Pero tamén quero reivindicar o papel das primeiras feministas anónimas. Hoxe moitas xa non están e outras son mulleres maiores que loitaron nun contexto social moi moi duro, moi opresivo e pagaron caro por iso.

E personalízoo na historia dunha muller do meu pobo que ingresou no cárcere alá polo ano 1974 coa súa bebé e deixando unha filla de 13 anos en desamparo fóra. O seu delito foi separarse do seu home cando estaba prohibido e tempo máis tarde refacer a súa vida e ter outra filla.

O que agora vemos normal custou moito e foi a custa da valentía de todas esas mulleres que hoxe personalizo na historia desta muller que me fai sentir moi orgullosa, porque era miña avoa Tina —que xa non está—, coa súa bebé, a miña tía, e a menor de 13 anos, a miña nai; que viviron a peor cara da sociedade opresiva sendo tan só unha nena, neste caso a miña nai, e que me ensinou o que é a palabra resiliencia. *(Aplausos.)*

Historias moi duras naquela época pola presión social exercida, sobre todo o núcleo familiar, que, como ela, moitas mulleres anónimas que non teñen unha rúa ou unha praza pero que foron tan importantes con eses pasos de xigante para normalizar e abrirnos paso ás que hoxe desfrutamos deses dereitos e que continuamos o legado do feminismo.

Ben, entrando en materia, a infancia e adolescencia é a tarefa pendente na nosa sociedade, tamén aquí en Galicia. Porque, cando veñen mal dadas, cando hai unha crise, o núcleo poboacional máis vulnerable corresponde aos menores e adolescentes, e dentro deses os máis vulnerables xa de partida son aqueles que están en risco de desamparo e por iso tutelados pola Administración.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E esta crise non foi unha excepción, xa que a pobreza infantil e o desemprego xuvenil, a afectación na saúde mental en menores e adolescentes é preocupante. Existen datos como os que xa se mencionaron noutras iniciativas aquí, como o último informe de Unicef sobre o impacto da tecnoloxía na adolescencia, que é un informe fundamental que temos que ter en conta a partir de agora, xunto á Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñería Informática de España; datos preocupantes que teñen que poñer en alerta os responsables de todas as administracións.

¿Que está pasando, señorías, coa xuventude? Temos que abordar e afondar na cuestión. E para iso é preciso investir recursos, non ao contrario, que é o que está facendo o Goberno galego nos últimos dous anos, cando minora por segundo ano consecutivo a partida específica orzamentaria para a xuventude, e neste contexto ademais.

Pero todo iso agrávase, como dicía ao principio, para os menores máis vulnerables, aqueles que se atopan baixo condicións de risco e desamparo por distintas variables, e que son responsabilidade directa de todos nós, de toda a cidadanía. E máis cando a Administración é consciente do aumento significativo de menores tutelados no último ano. É unha cuestión, polo tanto, clave, na que é preciso o investimento, pero con coñecemento.

É importante tratar na Cámara parlamentaria esta cuestión e agradecemos neste caso que por fin o Partido Popular decida falar e decida tratar este tipo de cuestións.

E falo de menores tutelados, aínda que a proposta, como ben comentaba, non vaia digamos nomeadamente neste sentido, pero consideramos que é importante falar tamén deles. Porque os menores tutelados en risco de desamparo pola Administración son responsabilidade, como dicía, deste Goberno galego a través da Consellería de Política Social e, polo tanto, unha prioridade e responsabilidade que é de todos.

Hoxe traen unha proposta que xa é anunciada e decidida *per se*, a priori, polo Goberno galego e que queren avalar na Cámara parlamentaria coa súa maioría.

Enténdese que falan dun centro para menores con problemas de conduta, pero con titores a cargo, non tutelados pola Administración. Iso si que nos gustaría que o aclarara. Entendemos que non, que non serían tutelados, pero sería bo que na seguinte intervención nolo poida aclarar. Así como tamén se nos pode aclarar na seguinte intervención, para tamén decidirnos sobre esta PNL, se será público e de xestión directa ou non. Porque tamén sería importante ter en conta esta situación, porque, ¡ollo!, non é unha cuestión menor. Estamos a falar de menores e a xestión directa trátase sen ningún tipo de dúbida da mellor opción pola capacidade de control e supervisión que podemos facer neste caso deste tipo de centros.

E falamos hoxe de menores con problemas de conduta. E eu pregunto: ¿que pasa cos menores con problemas de conduta? Comentaba o señor Pazos que é o primeiro centro especializado en trastornos de conduta. Non é así, señor Pazos. E vostede sabe que existe un centro especializado en trastornos de conduta para menores, que é o centro Santo Anxo, en Rábade. Entendo que é consciente diso, ¿non? Non sei por que di que é o primeiro centro especializado en trastornos de conduta. Xa existe un centro especializado en trastornos de conduta.

**CSV:** BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non obstante, pasaron moitas cousas os últimos anos con ese centro, algo está a pasar desde hai anos nun centro que leva décadas funcionando e a pleno rendemento ata hai uns anos. Na actualidade —e tomen nota, porque isto é importante e significativo— o persoal do centro Santo Anxo, en Rábade, é de 18 educadores, 3 educadores de noite, 1 psicóloga, 2 vixilantes nocturnos, 10 vixilantes de seguridade privada, 1 subdirector, 1 director, 4 cociñeiras, 3 camareiros, 1 celador, 1 administrativo, 2 persoas da limpeza; en total, 47 empregados para 6 menores, para 6 menores. Repito: en total, 47 empregados públicos, dependentes da Consellería de Política Social, para unha ocupación media no último ano de 6-7 menores. Enténdese que é totalmente incongruente.

Un centro que, ademais, no ano 2012 contaba con 32 prazas, e no que se investiu nada máis e nada menos que 2,5 millóns de euros para amplialo e darlles cobertura a máis prazas, pero no que, ademais, hai pouco tempo, no 2019, a Xunta investiu un millón de euros máis adicionais no acondicionamento do centro. ¿Para que estes millonarios investimentos se logo o infrautilizan? *(Aplausos.)* ¿Que está pasando? ¿Que está pasando entón neste centro de menores?

Gustaríanos tamén que nolo aclarara, porque importan os menores de todo tipo, os que están tutelados e os que non e, sobre todo, os que están tutelados neste caso, que son os máis vulnerables, porque non teñen a alguén pendente en moitas ocasións, algunhas si, outras non, pero ás veces non teñen a alguén detrás que respalde a súa situación. Por iso ten que estar a Administración á altura das circunstancias. ¿Para que eses investimentos se logo non o usan? ¿Que está pasando entón? Menos cemento e máis coñecemento —dicían nunha manifestación—. *(Aplausos.)*

Porque veñen hoxe aquí vender que van facer un centro para menores con problemas condutuais e o que está vixente non o usan. É totalmente incongruente. Isto si que nos gustaría que nolo aclarara, porque ao mellor estamos equivocados e hai algunha clave que se nos escapa, pero *a priori* xa hai un centro para menores con problemas de conduta que non o están usando e que ademais ten unha plantilla moi ampla e moi profesional, que non a están —digamos— aproveitando; non están aproveitando ese capital humano que está nese centro.

¿Por que non se deu acceso a novos menores se si que hai demanda? ¿Por que se fixeron investimentos tan grandes no centro nos últimos anos e logo non impulsan este centro no seu cometido? ¿Por que chegaron a esta situación? Enténdese, polo tanto, unha incongruencia evidente na Administración dos fondos de todas e todos os galegos, neste ámbito ademais, nun ámbito tan sensible que amosa realmente unha falla de coñecemento nesta cuestión. E tamén pode ser unha falta de diálogo cos propios profesionais. Falta escoita activa por parte deste Goberno galego.

O ano pasado nesta cámara evidenciouse cando soubemos que a conselleira, que non é recén chegada, non é novata, é unha conselleira que repite lexislatura e comentábannos os profesionais deste centro que nunca acudiu, nin un só día, non pisou nunca o centro. Hai que empaparse da realidade, e sobre todo nos menores que están a cargo da propia Administración. Polo tanto, agardamos que si, que fora xa ao centro, e, se non, que acuda canto antes para empaparse da realidade

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Que é o que está a pasar nese centro? ¿Por que se está infrautilizando un centro que foi referencia durante décadas? Eu, como profesional, como psicóloga, coñecía a laboura, a gran laboura que facían nese centro de Santo Anxo, de Rábade, porque era coñecido por todos na profesión, polo bo traballo que sempre se fixo cos menores con problemas de condutas e condutas delituosas.

E, por último, rematar pedindo á Xunta, xa que presume de ter o maior orzamento da serie histórica, que poña as pilas e asuma as súas competencias xestionando de xeito directo todos os centros de menores de Galicia, como comentaba a señora Rodil. Non pode ser que unha deputación asuma unha competencia tan sensible e que pertence á Xunta de Galicia. Non é posible que sigamos así.

Por iso, máis escoitativa, coñecemento sobre a cuestión, implicación coa tutela de menores, que son a nosa responsabilidade, de todos e de todas, e responsabilidade da propia sociedade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ORTEGA OTERO:** E, como tal, temos a obriga de optimizar ao máximo os recursos de todos, de xeito intelixente e con coñecemento de causa, para aproximarnos canto antes e ofrecer a estes menores que non teñen culpa da súa situación a verdadeira igualdade de oportunidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Por empezar polo que estamos de acordo, eu quero sumarme a ese recoñecemento que facía a señora Ortega ás mulleres novas. Creo que todos os que estamos aquí traballamos para que teñan un futuro esplendoroso, o que se merecen. E a min, xa que vostede se acordou da súa nai e da súa avoa, permitirame que me acorde da miña filla, que está hoxe de cumpreanos, que ten dez anos e que eu tamén traballo para que teña ese futuro. *(Aplausos.)* Así que felicidades.

E, a partir de aquí, algunhas consideracións.

A primeira. Señora Rodil, lamento que lle moleste isto de que lle retiren a vostedes o monopolio de repartir carnés de bos e malos aos galegos, pero opinión temos todos. *(Murmurios.)* Si, si, si, eu recoñéceo, levan vostedes doce anos repartindo eses carnés. O problema é que, se montamos oficina, aquí temos corenta e dúas persoas para expedir carnés e aí hai algunhas menos. Deberían de botar as contas para ver se lles compensa ese exercicio de recoñecemento de galeguidade.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, a partir de aí, ¡home!, eu recoñézolle á señora Ortega o esforzo. Fixo un esforzo admirable. Por parte do seu partido —teño que dicirllo— espero que llo valoren, porque botou aquí dez minutos para falar de todo, non nomear o que está pasando en Ponte Caldelas, da actitude do seu alcalde, non dixo nin unha soa palabra.

E veu falar do Santo Anxo, de Rábade. Ben, creo que xa temos tratado este tema en distintas ocasións e, por certo, estou falando de abrir un centro adicado ao trastorno da saúde mental; especificamente non hai ningún, *(Murmurios.)* non, non hai ningún en Galicia destas características, xa llo dixen; vostede quere confundir e mesturar churras con merinas. Pois a partir de aí está vostede no seu dereito.

E, claro, fálanme de investir recursos. ¡Home!, xa lles dixen que en materia social duplicamos os recursos que adicaba o Goberno bipartito. É curioso que haxa que aplaudir o Goberno bipartito por dotar da metade dos recursos que o fai actualmente a Xunta, hai que aplaudilo, era un goberno fantástico, e hai que criticar o Goberno que duplicou eses recursos. É unha cousa curiosa.

E xa que me fala de menores e que me fala da xuventude, ¡home!, é o Goberno que declarou a gratuidade das escolas infantís, é o Goberno que impulsou as casas niño no rural e é o Goberno, por certo, que leva doce anos coas taxas universitarias conxeladas. Non hai moitos gobernos en España que o poidan dicir; non, non hai ningún, só o da Xunta de Galicia. E por iso estamos moi orgullosos do investimento que fai este goberno. *(Aplausos.)*

E, a partir de aquí, dime vostede: non, vén aquí a que avale unha decisión que xa está tomada pola maioría; non, a maioría xa a ten avalada; nós vimos aquí porque hai unha serie de problemas e se están poñendo atrancos no concello, está poñendo o seu alcalde atrancos no concello e viñemos intentar aquí buscar o respaldo da unanimidade, para ver se así reflexiona o señor Díaz, que me parece que está metendo a pata pero moi moi ata o fondo.

E xa empezamos coas pequenas pullas. ¿O centro vai ser público ou privado? O centro é público. E a xestión pois é unha xestión equiparable, exactamente, á que fan vostedes nos centros que xestionan tanto o Partido Socialista como o partido nacionalista. Dime vostede: non, é que todos os centros que tratan a infancia teñen que ser de atención pública directa. Unha cuestión, señora Rodil: ¿Muras gobérnana vostedes? Creo que si. Vexo que non lle interesa o tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, vale, vale. Punto de atención á infancia de Muras, é da semana pasada, que non estamos falando de hai anos, non estamos falando do Bipartito, estamos falando de hoxe. Tres nenos, servizo privatizado —que di vostede—, 229.000 euros. ¿Este é o modelo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, non, non, claro, hai que entendelo. A privatización cando a practica o PP é un pecado, pero cando a practica o BNG é unha virtude que temos que aplaudir todos. Pero ¿cabe semellante exercicio de hipocrisía permanente? Eu creo que non, eu creo que hai que ser un pouco serio.

Entón, pediríalle, de verdade —eu agradézolle o apoio—, que deixen de facer este tipo de demagoxia. Vostedes privatizan este tipo de servizos en todas e en cada unha das administracións nas que gobernan: en Lugo, o cen por cento; na Coruña, o cen por cento; no concello de Muras —acabo de dicirllo—, 229.000 euros para atender tres nenos. ¡Home!, non nos

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dean lecciónns de como temos que xestionar os centros que dependen do Goberno galego, e, dende logo, non o fagan levando a contraria á súa propia xestión alá onde gobernan. É que hai que ser un pouquiño máis serios.

Falaba vostede de atrasos. Eu lamento os atrasos, pero é certo que hai unha parte do atraso que é imputable a Xunta, xa llo recoñecín eu na propia comisión. Esquece vostede que hai outro atraso que é imputable á necesidade do cambio de usos e que levou un certo tempo, e esquece vostede tamén que houbo un atraso porque o alcalde, que tiña as chaves, meteu polas bravas —as declaracións son súas, non miñas— un señor no inmoble porque estaba nunha situación difícil, despois houbo que recorrer á vía xudicial para desaloxalo, porque non se ía nin con auga quente, e houbo que investir 40.000 euros para limpar e arreglar todos os destrozos que causou na casa da Quintán. Entón, vir aquí botarlle en cara o atraso á Xunta exclusivamente paréceme un pouco falto de ecuanimidade.

E, por último, a súa emenda. Di vostede que está asumindo a deputación competencias que son da Xunta. Digo: ben, primeiro, non lle podo aceptar a emenda porque hai un protocolo firmado entre a Xunta e a deputación para atender ese servizo, ata o ano 2022 —creo recordar—; polo tanto, está cuberto ese servizo. E, segundo, deberían vostedes de facer as contas axeitadamente, porque, claro...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...vostede nunca fala das competencias. Eu fálolle doutro convenio, por certo, un que está moi en boga estes días, o do GES, onde a Deputación de Pontevedra, que vostedes gobernan, a Deputación da Coruña, onde vostedes gobernan, e a Deputación de Lugo, onde vostedes gobernan, se levantaron da mesa dicindo que rompen o seu compromiso e que se negan a aportar financiamento para unha competencia que é exclusiva dos concellos de máis de vinte mil habitantes e das deputacións provinciais. Eu fágolle a vostede unha oferta e, se quere, transaccionamos: vostedes asumen o cen por cento da competencia dos GES e nós asumimos o centro, e imos ver a quen lle saen as contas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Claro, pero iso non lles interesa. O que lles interesa é seguir montando lío, intentando confundir a xente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...e ver se así conseguen gañar algúns galegos...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos. Terminou o seu tempo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que son os que lles van dar a vostedes o carné de bo galego. Os que seguen votando a quen practica a razón eses supoño que seguiremos recibindo o carné que a vostedes tanto lles gusta mandar, o de mal galego. Unha mágoa, señora Rodil. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Cristina Sanz Arias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 24322 (11/PNP-002186).*

*Emenda de substitución:*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto: "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que desenvolva un plan de reactivación do pequeno e mediano comercio que supere o realizado ata este momento, dotado de maior orzamento, que inclúa un plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia para poder reactivar o pequeno e mediano comercio. Así mesmo, debe impulsarse un plan de adaptación dixital para o pequeno comercio, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e manter o seu emprego.")*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O comercio local apenas sobrevive ante esta pandemia que estamos vivindo, cuxos efectos duran máis dun ano e medio nun sector que leva moitos anos en serias dificultades baixo o xugo da competencia das grandes cadeas, dos xigantes do comercio electrónico, e o gran problema do despoboamento da nosa Terra, que acelera o peche dos pequenos negocios no rural.

Non hai poboación, non hai comercio, non hai emprego. É ben sinxelo de entender. Isto é o que está acontecendo na Galicia baleirada, e para o Goberno do señor Feijóo parece que este problema non vai con el.

Estímase que, como mínimo e con carácter xeral, os comercios de Galicia tiveron unhas perdas superiores ao 20 %, que xa comprometen en moitos casos a viabilidade do proxecto comercial. A media de perdas alcanzadas sitúase entre o 30 % e o 40 %. A Federación Galega de Comercio estima que entre un 20 % e un 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021.

Anterior a esta crise, o futuro do pequeno comercio xa era cada vez máis incerto. No comercio desapareceron 1.073 empresas en Galicia no ano 2019. A súa delicada situación non é nova. Antes da chegada do virus, o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis estable-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cementos diarios por falta de relevo xeracional, polo exceso da oferta e polo auxe do comercio electrónico. No 2020 pecharon 1.374 negocios de traballadores autónomos en Galicia. 2021 empeora todos os marcadores rexistrados ata a data nun comezo de ano. Só no mes de xaneiro deste ano pecharon 836 negocios, unha media de 25 peches ao día. E no que se refire ao emprego, no sector, a diminución de vendas, loxicamente, conleva unha baixada de emprego, que baixou ata o 2,6 % en Galicia.

E, ante estes datos demoledores para o pequeno e mediano comercio, ¿que fai o Goberno do señor Feijóo? Pois o que fai é baixar en 5 millóns de euros a partida para comercio para o 2022, 5 millóns de euros menos para o comercio. *(Aplausos.)* Isto é o que fai o Goberno do señor Feijóo.

Non é razoable que en 13.117 millóns de orzamento consolidado que ten a Xunta de Galicia para o exercicio 2022 non se incremente a partida para comercio. É unha vergoña. Sempre se pode ir a peor, a verdade, porque o ano pasado criticabamos que só nesta partida aumentabamos en 7 millóns e resulta que este ano non é que se incremente pouco, resulta que diminúe en 5 millóns. Imos para atrás, como os cangrexos, imos para atrás. Como siga isto así, vai desaparecer a partida para comercio; 5 millóns menos, nin máis nin menos, 5 millóns.

E, por se isto fora pouco, no primeiro semestre do ano só se executou o 7 % do orzamento que ten o Goberno galego para ordenación, regulación e promoción do comercio de Galicia. Ante esta mala situación do pequeno comercio, o que debería de facer o señor Feijóo e os seus conselleiros, polo menos, polo menos, é ter executado boa parte do orzamento, para así poder impulsar e apoiar este sector, sector que está nunha crise continua. Esta é unha mostra da mala planificación e xestión do Executivo do señor Feijóo. E isto demostra o pouco, pouquísimo que lle importa o pequeno e mediano comercio.

A Xunta de Galicia ten que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. O Goberno de Feijóo ten que axudar o comercio de proximidade e os autónomos, necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.

O comercio de proximidade ofrece un valor diferenciador. O produto non defrauda porque a clientela xa o viu na tenda, e o comercio de proximidade pode ofrecer un servizo de calidade, personalizado e comprometido co seu contorno, onde xera riqueza e emprego.

Os socialistas queremos propoñer as seguintes medidas ao Goberno galego do Partido Popular, co ánimo de cooperar para axudar o sector do pequeno e mediano comercio a saír desta crise.

Unha das medidas é incrementar o orzamento no Programa 751A, de ordenación, regulación e promoción do comercio interior. Esta proposición xa foi como emenda nos orzamentos do ano 2022.

Outra medida que pedimos á Xunta de Galicia é fomentar a orientación, información e asesoramento ao sector comercial galego, así como a formación continua en dixitalización para

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o sector do comercio. Os comerciantes necesitan, máis ca nunca, coñecer a normativa, as axudas, as novas ferramentas dixitais e a prevención de riscos. O comercio galego ten que estar na innovación, na modernización e na dixitalización, se non, quedará atrás.

Moi relacionada con esta medida é a seguinte medida que lle pedimos ao Goberno autonómico, que é elaborar campañas e promocións para a xente moza, para que a xente moza merque no comercio de proximidade, porque esta xente xove non sabe que existe o pequeno e mediano comercio. ¡Non o sabe! Pero, claro, temos que facer campañas utilizando as súas canles dixitais, porque, se non, non chegamos a esa parte da poboación, e penso que é unha parte moi importante á que debe de chegar o comercio, o pequeno e mediano comercio.

Outra medida é que ten que elaborar un programa para fomentar o relevo xeracional no sector do comercio. Non hai relevo xeracional no sector do comercio, do pequeno e mediano comercio, e este é outro dos grandes problemas que ten o pequeno e mediano comercio. E aquí tampouco se fai nada por parte do Goberno do señor Feijóo.

A maiores, tamén sería necesario un plan de reapertura de pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia para dotalos de partidas orzamentarias suficientes e poder reactivar o pequeno e mediano comercio —que xa, por certo, presentamos unha iniciativa na Comisión 6ª—. O Goberno autonómico ten que incrementar a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio, xa que, dada a falta de liquidez das asociacións con cotas conxeladas ou suprimidas durante meses, non lles permitirá levar a cabo as accións que o comercio precisa nesta situación de crise económica que se está vivindo.

As axudas para reducir ao máximo o impacto da covid-19 resultaron totalmente insuficientes, incluso ínfimas no comercio galego, e chegaron tarde, moi tarde, por parte do Goberno do señor Feijóo. E o único que fixo este goberno do señor Feijóo, a gran medida do comercio, en plena crise económica, a única medida, foi o Bono Activa, que, por certo, non tivo todo o éxito que se cría. É máis, segundo os comerciantes, non houbo a masificación que esperabamos, por iso tivo que ampliarse o prazo.

Pois ben, é necesario actuar con contundencia e firmeza e facelo xa, se queremos salvar o sector do pequeno e mediano comercio. Se ben é certo que se tomaron algunhas medidas dende a Administración autonómica, son medidas totalmente insuficientes, dada a extrema gravidade da situación que está vivindo o pequeno e mediano comercio. Para iso, fai falla completar e mellorar as medidas para preparar o regreso da actividade económica á normalidade, unha vez que estamos xa nunha nova etapa da pandemia. Do contrario, nada poderá evitar o peche masivo do pequeno e mediano comercio e a enorme perda de postos de traballo, así como as consecuencias, que serían para a economía, a todos os niveis, moi, moi graves.

Axuden o pequeno e mediano comercio, señoras e señores do Partido Popular, axuden este sector que leva en crise moitos, moitos anos. Díganlle ao Goberno do señor Feijóo que se poña a traballar e que apoie o pequeno e mediano comercio xa, porque, se non, o lamentaremos todos e todas. ¡Lamentarémolo todas e todos! Apoien o sector do comercio xa.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas, e nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Gallego.

Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Sanz Arias.

**A señora SANZ ARIAS:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Quero que as miñas primeiras palabras hoxe sexan para agradecer e poñer en valor o papel xogado polo comercio de proximidade durante este tempo de pandemia, porque o comercio é un sector que, a pesar de ter sufrido un grande impacto na súa actividade, foi quen de garantir dende o primeiro día do confinamento que todos os cidadáns tivésemos acceso aos alimentos e a outros produtos de primeira necesidade *(Aplausos.)*, e tamén porque é un sector que tivo un comportamento exemplar na adaptación á nova situación, aplicando as diferentes medidas restritivas segundo as ían aprobando e investindo e adecuando os seus negocios para adaptalos fisicamente e protexer sempre a saúde dos seus traballadores e dos seus clientes.

Neste difícil proceso o comercio nunca estivo só, sempre tivo ao Goberno da Xunta ao seu carón, en permanente diálogo co sector. Pero iso non impide recoñecer o enorme esforzo realizado por todos e cada un dos comerciantes para levantar as súas persianas todos os días mentres que o resto de poboación estabamos confinados nas nosas casas.

Xa entrando no fondo desta proposición non de lei, quero sinalar en primeiro lugar que se están contando medias verdades e que se está ofrecendo unha información sesgada, incluso retorcendo as cifras. Porque o grupo propoñente, o Grupo dos Socialistas, é consciente, ou debería de selo, de que os recursos que se van destinar aos comercios de Galicia se incrementarán no ano 2022 respecto do ano 2021. Repito, que se incrementarán e que non diminuirán en 5 millóns, como dixo a señora Gallego, e voume explicar.

Redondeando, o orzamento total da Dirección Xeral de Comercio para o ano 2022 será de 25 millóns de euros, mentres que o orzamento para o ano 2021 foi de 30 millóns de euros, e ata aquí a única verdade, xa que no ano 2021 se incluía unha partida extraordinaria, unha partida puntual de ampliación do Instituto feiral de Vigo, do Ifevi, de 7,9 millóns de euros. E dado que estas obras xa se adxudicaron ao longo deste exercicio, obviamente, esta cantidade non figura, non se traslada ao orzamento do ano 2022. Descontando isto, e se analizamos as distintas partidas incluídas no proxecto de orzamentos da Dirección Xeral de Comercio para o ano que vén, observamos como as medidas para a modernización, o emprendemento e a innovación do sector comercial e das pemes comerciais se incrementan nun 29 %. *(Aplausos.)* É dicir, pasan de 9,6 millóns de euros a 12,4 millóns de euros o ano que vén. É dicir, señora

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Gallego, os recursos que chegan ao peto dos comerciantes, que é o que realmente lles importa, aumentarán o ano que vén nun 29 % nas medidas que acabo de mencionar.

Señorías, o Goberno galego considera o comercio de proximidade un sector prioritario, xa que é un piar fundamental da nosa economía e do noso emprego. Contamos con máis de 28.000 empresas dedicadas a esta actividade, que representan o 14 ,6 % do noso tecido produtivo, aportan o 12,3 % ao noso PIB e ocupan a máis de 177.000 persoas en Galicia.

Pero o comercio de proximidade tamén é vital dende o punto de vista social e da dinamización do eido local. O comercio enche de vida as nosas cidades, os nosos pobos, os nosos barrios e o noso rural, e tamén dende esa perspectiva merece toda a administración das administracións. Nese sentido, nunca houbo unha aposta máis grande da Xunta de Galicia en apoio do comercio de proximidade como a que se vén facendo nos últimos tempos e como a que se fará, sen dúbida, no ano 2022. E ese compromiso vai moito máis aló dos orzamentos da Dirección Xeral de Comercio, xa que o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para estar ao lado do sector é transversal e conxuga medidas de diferentes departamentos autonómicos.

Coa volta á normalidade, o que máis preocupaba aos comerciantes era que os cidadáns deixaran de acudir aos seus establecementos. Pedían medidas para estimular o retorno físico da clientela aos comercios de proximidade. Precisamente por iso, a Xunta de Galicia puxo en marcha o programa bonos Activa Comercio, sendo a primeira comunidade autónoma en impulsar un programa desta envergadura. Foi unha demanda do sector, pero tamén unha medida incluída no informe do Comité de Expertos Económicos creado polo Goberno da Xunta aló polos primeiros tempos da pandemia, en concreto, o 11 de abril de 2020. E hoxe, señora Gallego, podemos dicir que foi unha medida moi eficaz e de gran acollida, xa que mobilizou 25 millóns de euros en vendas nos comercios de proximidade de Galicia. O programa, que empezou o pasado 31 de outubro, tivo un total de 5.696 establecementos adheridos e 237.398 bonos descargados, moitos deles por xente moza, señora Gallego. Esta ferramenta foi recoñecida polo sector como unha das mellores medidas implantadas no eido da dinamización comercial e amosou a efectividade da colaboración público-privada.

Outro dos retos aos que se enfronta o comercio é á dixitalización. Xa antes da irrupción da covid, o comercio estaba sometido a un profundo proceso de evolución. Internet, as redes sociais, novas tecnoloxías, plataformas de venda *on line*... estaban modificando os hábitos de compra dos consumidores e o comercio estaba facendo un importante esforzo para adaptarse a ese novo xeito de consumir. A pandemia acelerou brutalmente este proceso, e aí o comercio tamén contou co apoio da Xunta de Galicia nas medidas para a implantación e o pulo da Estratexia dixital. Este instrumento foi demandado polos profesionais do comercio de proximidade, pero tamén por importantes organismos internacionais como a OCDE, que propoñía como unha das medidas concretas para axudar o pequeno comercio implantar axudas para axudarlles a que os pequenos minoristas físicos puidesen vender en liña. O balance do programa tamén é realmente positivo: 773 comerciantes e artesáns beneficiarios, 2.329 actuacións de dixitalización implantadas e unha mobilización de recursos de 7,6 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, o meu tempo é limitado e non me vou estender máis cos apoios da Dirección Xeral de Comercio, que, pola súa banda, xa foron obxecto dunha comparecencia específica na Comisión 6ª.

Dicía antes que a Xunta de Galicia apoia o comercio de proximidade de xeito transversal desde diferentes departamentos, e só vou poñer algún exemplo deste tema. O comercio tamén se apoia, por exemplo, dende a Consellería de Emprego e Igualade, mediante as axudas directas dos tres plans de rescate. Lembremos que o cuarto aínda está aberto. E, de feito, hoxe sabemos que nos tres primeiros plans se atenderon 9.155 solicitudes, que permitiron inxectar 20,3 millóns de euros aos seus negocios. Insisto, porque a cifra é relevante, falamos de 20,3 millóns de euros, que foron directamente aos petos dos comerciantes. O comercio tamén se apoia onde o Igape, na maioría dos seus programas, co cheque dixital, Exporta dixital, Igape Responde, en colaboración coa Federación Galega de Comercio, con microcréditos ou co programa Re-acciona.

O comercio apóiase dende o Inega con medidas para promover o aforro e a eficiencia enerxética co Bono enerxía comercio Pyme ou coas axudas para o autoconsumo no sector servizos. E a todo isto hai que sumar outros instrumentos no eido laboral, como foron os ERTE, que se crearon coa tan deostada reforma laboral impulsada no Goberno de Rajoy e que hoxe maioritariamente se financia grazas á solidariedade da Unión Europea.

Permítame que cite aquí, porque son acaídas ao debate, as palabras do presidente da Federación Galega de Comercio na inauguración do Congreso de Comercio Galego que se celebrou a semana pasada. Falando do impacto da pandemia no seu sector, declarou: «Houbo peches, algo compensados coa apertura de novos negocios, pero se non se fixera todo o que se fixo a través da federación, en colaboración con outras institucións, os peches terían sido maiores», e valorou a figura dos ERTE declarando que, de non existir, os comercios non poderían ter subsistido.

E precisamente agora, que estamos falando do papel do apoio das diferentes administracións ao sector do comercio, gustaríame saber a opinión dos grupos da oposición sobre o xeito de xestionar os fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia, coñecidos como os fondos Next Generation, que conceden 415 millóns de euros para o sector do comercio durante os tres próximos exercicios. Gustaríame saber que opinan sobre que esa xestión se leve directamente dende o Ministerio de Industria e Comercio, cando estamos a falar dunha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, como é o comercio interior. ¿Que opina a señora Gallego, e sobre todo os seus socios de goberno, sobre a recentralización de competencias? ¿Parécelles ben que o papel das comunidades autónomas se limite unicamente a estar presentes nos comités de avaliación pero non no deseño das medidas nin nos informes previos da avaliación dos proxectos? ¿Que lles parece que estas axudas, que xa se convocaron —tres no mes de setembro—, dirixidas aos concellos, fosen en concorrencia competitiva pero sen unha definición clara dos criterios e sen unha reserva para a comunidade autónoma? Agardo, señora Gallego, que na súa réplica nos indique que pensa o seu grupo sobre o xeito de xestionar estes fondos.

Nós, desde o Grupo Popular, consideramos que os recursos económicos que están chegando grazas á xenerosidade e esforzo común da Unión Europea deben de servir para impulsar a

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cohesión territorial e social e non para promover unha sorte de concellos gañadores e concellos perdedores.

E outro tema do que vostede non quere falar, pero non por iso menos preocupante para o comercio de proximidade, é a errática política enerxética do Goberno central e o seu impacto na factura da luz. Vostede obvia, agocha, que está a provocar un impacto tremendo na conta de resultados dos negocios, que están recibindo ata dúas facturas xuntas ou facturas duplicadas respecto do ano anterior. Un comercio ilumina escaparates e consome nas horas máis caras do día, e vostedes nin citan o problema nunha iniciativa na que pretenden falar sobre propostas de apoio e de futuro para o sector. Hai numerosos exemplos nos medios que utilizan o verbo «afogar» ou «asfixiar» para describir o drama *(A señora Sanz Arias amosa uns titulares de prensa.): «La factura de la luz ahoga a los pequeños comercios»*, *«La luz asfixia el pequeño comercio: pago 600 euros más al mes que en el año 2020»*, *«Para poder hacer frente a la subida de la luz una tintorería debe de planchar 80 camisas más, una panadería vender 1.600 panes más y un local de restauración servir 150 cafés más al mes»*.

Señorías do Grupo Socialista, é normal que lle poñan deberes ao Goberno da Xunta, é o seu labor de oposición, pero do mesmo xeito deberán ser valentes e exixentes e poñerlles deberes aos seus, ao Goberno central, *(Aplausos.)* naqueles temas nos que están prexudicando gravemente os nosos negocios. *(Aplausos.)*

Remato xa.

Temos presentada unha emenda apelando á vixencia do acordo acadado no debate do estado da Autonomía sobre o tema do comercio. E como xa tiñamos chegado a un acordo, espero que ese acordo se siga mantendo. Presentamos a emenda porque consideramos que o texto da proposta do DEA é un pouco máis ampla que a desta iniciativa. O que teñen seguro os comerciantes de Galicia é que a Xunta de Galicia foi e vai ser o seu principal aliado, que seguirá traballando para ofrecer dende Galicia un comercio de calidade, un comercio que se apoiará na súa transformación dixital, pero sempre sen perder a esencia do comercio de proximidade.

Gustaríame rematar como comecei, cun agradecemento a todos os profesionais da Galicia que madruga, que atende os seus negocios, que arrisca o seu patrimonio persoal, que dá vida ao centro das nosas cidades e dos nosos pobos, e que teñen demostrado que son uns excelentes profesionais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Sanz.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bos días a todos e a todas.

Dende o BNG concordamos en que a covid agravou a situación na que se atopaba o comercio galego, levando ao peche a moitos negocios, que non aguantaron as consecuencias deses peches e restricións pola pandemia, e coas moi escasas axudas da Xunta de Galiza para un sector que é estratéxico para o noso país en termos económicos, de emprego e sociais. Pero parécenos que sinalar a covid como a causa da situación na que se atopa o comercio en Galiza na actualidade é obviar a realidade e, como consecuencia, errar no diagnóstico e nas solucións.

O comercio galego está en caída libre dende hai anos como consecuencia da emerxencia do comercio en liña, dos avances das grandes superficies comerciais, da liberalización abusiva dos horarios e dos períodos de rebaixas e da falta de apoio por parte do Goberno galego, que en doce anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza asumiu en silencio a vulneración das competencias propias por parte do Goberno do Estado.

O Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa porque no inmediato estas medidas son precisas para evitar o peche de moitos negocios que están ao límite. É necesaria a modernización do tecido comercial galego para facelo máis competitivo, con programas de formación e asesoramento que cheguen a todos os comercios do país, así como apostar pola dixitalización do comercio con programas de formación dixital ambiciosos que cheguen a todas as persoas que traballan no sector. É fundamental tamén poñer en marcha campañas para que a xente moza merque no comercio local; campañas que cheguen á mocidade con charlas en centros educativos nas que se lles explique a importancia do pequeno comercio para a economía e para a sociedade galega, así como para a xeración de emprego. Non chega con facer unha campaña publicitaria, é importante explicarlles o papel fundamental que ten o comercio local na dinamización das súas cidades e pobos.

Nos próximos cinco anos xubilaranse máis de 56.000 persoas autónomas no comercio galego e, como consecuencia, pecharanse gran parte destes negocios, xa que a maioría non teñen nin empregados nin sucesores para dar continuidade á actividade. Por iso é necesario incentivar a remuda xeracional con programas específicos. Mais no BNG estamos convencidos de que só con estas medidas non se vai frear o apagamento comercial que se vén producindo ao longo dos anos. O problema fundamental é a falta de valentía política para facerlles fronte ás grandes superficies comerciais e á venda en liña. *(Aplausos.)* A lexislación actual lastra o pequeno comercio fronte aos xigantes comerciais baixo a escusa da libre competencia. Un exemplo desta situación é a falta de regulación dos períodos de rebaixas. A Lei 7/1996, de ordenación do comercio polo miúdo do Estado, establecía unha regulación sobre as actividades de promoción na venda, que o Real decreto lei 20/2012, do 2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade —á que son tan afeccionados no Partido Popular—, eliminou e supuxo o paso da absoluta liberalización en canto aos períodos, ás datas, á duración das rebaixas, así como ás exixencias que teñen que cumprir os produtos que se poñen á venda. Pois ben, nove anos despois desta liberalización das rebaixas, o obxectivo de aumentar as vendas non se conseguiu no pequeno comercio, mais si nas grandes superficies e nas grandes firmas. Ben, non se conseguiu o obxectivo, sempre que esta medida fora tomada para apoiar o comercio local. Se a medida foi tomada para beneficiar as grandes superficies, o obxectivo foi acadado con creces, de sobra.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O pequeno comercio denuncia que as rebaixas e descontos continuados ao longo de todo o ano, como ocorre na actualidade, están a provocar que o sector estea pasando un momento moi crítico. É imprescindible que o Goberno estatal volva regular estes períodos de rebaixas, permitíndolle ao Goberno galego recuperar as competencias nesta materia co obxectivo de recuperar o propósito para o que foron creadas: dar saída ao stock acumulado ao final de cada tempada.

As grandes superficies son unha ameaza para o pequeno comercio en Galiza, e outra ameaza é o comercio en liña. Competir con grandes plataformas de venda en liña, como Amazon, para o pequeno comercio, é imposible, pero unha gran plataforma impulsada dende a Xunta de Galiza que acolla todo o comercio galego faría o tecido comercial do noso país moito máis competitivo.

O BNG trasladamos esta iniciativa á Comisión 6ª o pasado 5 de outubro. ¿E adiviñan que pasou? Que o Partido Popular votou en contra, unha mostra máis da aposta do Partido Popular polo comercio galego.

E, miren, esta gráfica que lles mostro *(A señora González Iglesias mostra unha gráfica.)* é a gráfica dos orzamentos da Dirección Xeral de Comercio nos últimos doce anos, dende o 2009. E é certo, señora Sáenz, aquí está o Ifevi, o único pico, porque o orzamento da Dirección Xeral de Comercio no 2009 case duplicaba o orzamento actual. *(Aplausos.)* Pasamos de máis de 35 millóns de euros a menos de 19 millóns de euros. Hai perda de tecido comercial dende o 2009. No 2009 había 32.690 negocios; na actualidade, no 2020, concretamente, había 26.933. Temos 5.757 comercios menos que hai doce anos. A baixada no orzamento é directamente proporcional á perda de tecido comercial; igual algo ten que ver, pensamos dende o BNG. E a señora Sanz di que é porque os orzamentos son transversais e chegan orzamentos doutras consellerías. Bueno, pois, ao mellor, o que teñen que facer é eliminar a Dirección Xeral de Comercio —como fixeron coa Dirección Xeral de Industria— e así xa nin aparece o nome, que estaría ben, ¡eh!, se a súa política é esa.

Bueno, a conclusión é que o Partido Popular non cre no pequeno comercio e que por iso non o apoia. E as evidencias son claras. En primeiro lugar, foi un goberno do Partido Popular, presidido por M. Rajoy, no ano 2012, o que liberalizou o período das rebaixas; unha medida que, en palabras do sector, os está afogando. Segundo, é o Goberno do Partido Popular en Galiza o que non lle pon freo á extensión das grandes superficies comerciais. En Galiza, as superficies comerciais por habitante cuadriplican a media do Estado; somos primeiros niso. Dende o BNG dicimos que hai que declarar Galiza como zona saturada de grandes superficies comerciais e aprobar unha moratoria que impida a implantación doutras, así como regular, controlar e poñer límite ás existentes. Terceiro, é o Goberno do Partido Popular en Galiza o que reduce os orzamentos destinados ao comercio galego ano tras ano dende o 2009. O orzamento da Dirección Xeral de Comercio vai en caída libre e arrastra nesa caída o tecido comercial galego. É o Goberno do Partido Popular en Galiza o que asume en silencio a vulneración de competencias propias por parte do Goberno do Estado fronte a outras administracións, como a das Illas Baleares ou a catalá, que reclaman a totalidade das competencias en materia de comercio. Mentres esas comunidades fan iso, a Xunta de Galiza permanece pasiva, e mentres seguen pechando negocios.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E di a señora Sanz que o Partido Socialista ten que ser valente e exixirlle ao Goberno central. ¡Fagan o mesmo! Están vostedes gobernando, exíxanlle ao Goberno central que transfira as competencias totais do comercio á comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

E, por último —e brevemente, xa que falaremos disto esta tarde co conselleiro—, é o Goberno do Partido Popular en Galiza o que convoca e resolve tarde e mal as axudas e subvencións convocadas para o sector. E, como consecuencia, vénse obrigados a acudir a entidades financeiras para acceder a elas ou directamente a renunciar a pedilas.

En definitiva, a causa da perda de negocios pode ser moi variada, pero claramente a falta de medidas de apoio por parte do Goberno galego e a redución do orzamento destinado a este sector teñen moito que ver.

E, mire, eu estou un pouquiño... A min paréceme que, cando menos, é un acto de hipocrisía subir a esta tribuna, como vimos ao presidente e como acaba de facer a señora Sanz, a recoñecer o esforzo do sector para aguantar a pandemia. Mire, ese esforzo non foi para nada recíproco por parte da Xunta de Galiza, *(Aplausos.)* e estámolo vendo nestes orzamentos. *(Aplausos.)* ¡Deixen de agradecer o esforzo e agradézanlle ese esforzo devolvéndolle o esforzo coas súas políticas! Cómpre que o Partido Popular deixe de poñerlles a alfombra vermella ás grandes superficies e que se poña do lado do comercio galego. Cómpre tomar medidas que poñan en valor o pequeno comercio de proximidade polo seu papel dinamizador nas nosas vilas e cidades e porque é estratéxico para a nosa economía e fundamental para a creación de emprego no noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González Iglesias.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Señoras e señores do Partido Popular, baixan o orzamento en comercio en 5 millóns, pínteno como o pinten; baixan o orzamento en comercio, póñanse como se poñan. *(Aplausos.)* Si, báixano. Partida 751A, 5 millóns menos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígano como queiran. E despois xa, que intenten explicalo porque hai ampliación do Ifevi, isto xa é para nota, ¡isto xa é para nota! En plena crise económica —é incrible— baixan en comercio o orzamento; si, báixano, póñanse como se poñan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é así.

Miren, os concellos son os que están apostando e reforzando o pequeno e mediano comercio. Si, si, os concellos. E despois o Estado, moi ben. O Estado —este que preside o señor Sánchez, que fai todo fatal, mal, mal...— resulta que Galicia recibiu del, no ano 2020, 735 millóns do Fondo covid, *(Murmurios.)* que era para rescatar, entre outros, o comercio, a hostalería e

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o ocio nocturno. ¿E onde están eses millóns? ¿Onde? ¿Onde están eses millóns? ¿Onde? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sabemos, non sabemos, e non se rescatou o comercio.

A maiores, este ano 2021 Galicia recibiu 828 millóns do Fondo adicional e 234 millóns do Fondo de apoio ás empresas. ¿Que pasa? Que teñen que xestionalo. Teñen que xestionalo para axudar o pequeno e mediano comercio, e non o están facendo. É máis, van ter que devolver ás arcas do Estado o diñeiro que non sexan capaces de xestionar. Isto eu xa o dixen no mes de abril, é así. Teñen cartos do Goberno do Estado, moitos, pero ¿que pasa? Que hai que xestionalos, e vostedes non son capaces. Iso é o que está pasando, que non son capaces; si, non son capaces.

É máis, hoxe eu aquí tamén quero darlles voz ás asociacións e federacións de comerciantes, porque están indignados ante o que aconteceu este ano de crise económica coas subvencións. Eles pedíronme que, por favor, lles fixera chegar isto aos deputados e deputadas do Partido Popular.

Pois ben, voulles explicar: liña de subvencións para asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e prazas de abastos. O mércores 27 de outubro notifícase a concesión de subvencións ás asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e prazas de abastos. O grave disto é que, segundo as bases das subvencións, o 30 de outubro de 2021 tiñan que ter todas as actividades, campañas, nóminas e demais realizadas e pagadas. Ao comunicarlles con tres días de antelación a cantidade que se lles concede —¡tres días de antelación!—, moitas asociacións *no se la jugaron*, e decidiron non levar a cabo algunhas accións que tiñan previstas; e outras teñen serios problemas para poder pagar as facturas, xa que sobreviven a base das pólizas de crédito dos bancos, que lles fan garantir esas pólizas ou préstamos comprometendo o importe do préstamo coa resolución da concesión da subvención. Esta é a crúa realidade, esta é a crúa realidade destas asociacións. ¡Esta é a crúa realidade!

Venres 21 de outubro. Publícase no DOG a ampliación do prazo para xustificar estas subvencións, que vai do 30 de outubro ao 15 de novembro de 2021 —por certo, despois de que este grupo parlamentario llo dixera na comparecencia ao director xeral de Comercio; foi este grupo quen llo dixo ao director xeral de Comercio—. Pero ¡ollo!, houbo aquí unha trampa. Amplíase o prazo para presentar a xustificación, pero as actividades, nóminas, campañas e demais hai que telas feitas e pagadas a partes iguais ata o 30 de outubro. Aquí o correcto sería prorrogar todo ata o 15 de novembro, porque en apenas tres días dende que che din a contía ata que cha dan non hai tempo suficiente para todo o trámite administrativo. O que non pode pasar é que a lentitude do Goberno do señor Feijóo en conceder as subvencións a paguen logo as asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e prazas. ¡Isto é unha auténtica vergoña!, é unha vergoña o que está pasando coas federacións e asociacións de comerciantes. E isto en plena crise económica. Así é o que lles axuda o Partido Popular aos comerciantes, así, facendo isto. Eu pregúntome: ¿xestiona algo a Dirección Xeral de Comercio? ¿Fai algo? ¿Fai algo o Goberno do señor Feijóo polo comercio de verdade? ¿Isto é o que lle importa o comercio? Eu penso que non lle importa nada.

Máis xestión e máis planificación para o Goberno do señor Feijóo. Señoras e señores do Partido Popular, fagan máis xestión e máis planificación. O sector do comercio non foi priori-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tario para a Xunta de Galicia nin antes nin despois da pandemia do coronavirus, ¡nin antes nin despois!. Isto vímolo dicindo dende hai meses, e hoxe, cos feitos aquí relatados —volvo dicilo—, 5 millóns menos na partida de comercio e nula planificación nas subvencións para as asociacións...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** ...e federacións de comerciantes. Con todo o que está pasando, así é como trata o Goberno do señor Feijóo o sector do comercio. Moi ben, pois sigan así e, ao final...

**O señor PRESIDENTE:** A emenda... ¿Acepta a emenda?

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Non, non aceptamos a emenda.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Nada. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:*

*1. Promover un foro de encontro e debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellería do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a distribución.*

*2. Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote ós sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios.»)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Señorías, estou totalmente convencida de que o que esperan de nós os galegos e galegas —que son, precisamente, a quen lles debemos estar hoxe aquí— é que, ante problemas reais, plantexemos solucións; que intentemos, ademais entre todos os grupos representados nesta Cámara, facer forza para defender os seus intereses e, sobre todo, demandar que aquilo que lles preocupa e lles ocupa se corrixa.

Eses foron sempre os obxectivos das miñas intervencións no tempo que levo neste Parlamento nas últimas sesións, e recórdoos de novo porque están sen resolver: a incerteza dos traballadores do aluminio primario, a incerteza dos traballadores de Vestas e hoxe, nomeadamente a dos gandeiros e gandeiras, os traballadores dun sector importantísimo na nosa comunidade, importantísimo na miña provincia e importantísimo no noso país.

Hoxe pretendo sumarme ás reivindicacións que en días atrás escoitabamos nas rúas dun sector que recordamos tamén e identificamos como esencial na pandemia, dende o meu punto de vista de xeito insuficiente, e que tamén hoxe o reivindico aquí. Estes días escoitabamos nas rúas que «se o campo para, a cidade non come», e, certamente, é triste que teña que haber unha pandemia ou unha crise para que nos deamos conta, pero é así.

A importancia do sector primario, a importancia, neste caso, do sector lácteo —que é o que protagoniza a proposición que hoxe vou defender— é clave; sabémolo todos, pero os números tamén nos referendan. Somos a principal produtora de España. Galicia é a principal produtora de leite. É certo que diminuíu o número de explotacións, pero non é menos certo que producen máis e que producen mellor. Galicia aporta preto da metade da produción de España, sobre o 40 %, pero é que é a décima rexión produtora de Europa. Dende o ano 2001 incrementamos máis dun millón de toneladas en produción. Por exemplo, dende o ano 2015, de 2.589.000 pasouse a case 2.900.000.

Incrementouse tamén o prezo medio do leite, considero que de xeito insuficiente, pero, certamente, incrementouse. Podiamos dar un prezo medio no 2015 de 0,28, que chegou no 2020 a 0,32.

«Iamos dando pequenos pasos e na boa dirección» —non son palabras miñas, era unha entrevista que daba un gandeiro a un medio de comunicación os pasados días na concentración diante da Subdelegación do Goberno de Lugo—, «pero a situación económica que estamos a vivir estanos afogando». Daba números, e unha explotación que pagaba de luz hai uns meses ou hai un ano 400 euros, pasou a multiplicalo por 3, e paga 1.200 —ensinábao—.

Pero se vemos cifras, non só é a luz o que subiu —explicábao no pasado pleno cando defendía tamén os postos de traballo das empresas electrointensivas—, subiu a cebada, subiu o penso

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do vacún leiteiro, subiu o combustible...; en definitiva, coincidirán comigo en que o diagnóstico é ese e que para manter os niveis de rendibilidade o prezo do leite ten que subir.

O Goberno galego ten un claro compromiso co sector. Sempre di o noso conselleiro que a mellor forma de traballar é ensinando unha planificación, elaborando unha planificación que faga un bo diagnóstico, que sexa consensuada co sector e que nos marque a onde queremos ir.

¿Cal é a estratexia ou o obxectivo principal da Estratexia de dinamización do sector leiteiro? Pois que se consiga unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que ese valor que se xera se reparta tamén de maneira equilibrada; que consolidemos Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun elevado nivel de competitividade, de sustentabilidade, de capacidade e de resiliencia.

Pero a Estratexia concreta medidas. Hai que aumentar a base territorial das explotacións gandeiras e hai que abordar unha reforma ambiciosa lexislativa, e iso, como ben sabedes, xa se fixo, e para acadar ese obxectivo hai instrumentos claros: os polígonos agrogandeiros, os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación dos usos, especialmente naquelas zonas de alta produción leiteira.

Hai que seguir cos apoios. Escoitabamos estes días a cantidade, que supera os 76 millóns de euros, nunhas axudas certamente moi valoradas polos nosos gandeiros e gandeiras, os que apoian os plans de mellora e aqueles que apoian tamén a incorporación de mozos e mozas á actividade agrogandeira ou á instalación de pequenas explotacións. Pero, insisto, hai que reforzar esa relación equilibrada e hai que reforzar a posición negociadora da parte máis débil, sen dúbida, os agricultores e gandeiros.

Neste momento estamos en tempos determinantes. A Estratexia do sector lácteo para reforzar esa situación equilibrada puxo un instrumento, que é a «conta láctea», que lle permite ao gandeiro sacar cifras —á súa conta de explotación— e tamén o custo de produción de cada litro de leite. Temos que reforzar ese instrumento para que sexa validado polas administracións, para que se cumpra a lei da cadea alimentaria e, como dicía, para que reforce a súa posición.

Pero temos tamén que crear o Observatorio do sector lácteo, é algo importantísimo. Temos que concienciar o consumidor final —probablemente tampouco estaba de máis na iniciativa anterior, sobre o comercio, pero tamén nisto—. O consumidor final ten que saber que, cando compra un litro de leite galego, compra un leite que responde aos maiores estándares internacionais de calidade, de benestar animal e de seguridade alimentaria. *(Aplausos.)* Gandeiros que teñen que ser escoitados, señorías, máis que nunca, e protexidos das arroutadas do «Ministerio de Intransición» de Madrid, que un día lles di unha cousa e ao día seguinte a contraria, e ao que incluso o Partido Socialista e as forzas que aquí neste Parlamento están na oposición normalmente critican. Aquí teño que lanzar un recordatorio e poñer en valor a actitude dunha concelleira. Hai un momentiño, un compañeiro citaba o Concello de Muras, e eu tamén o vou citar hoxe aquí. Debatíase unha proposta para protexer os gandeiros do lobo —algo que segue sendo, máis que nunca, necesario—, e o alcalde, que non ten maioría

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

absoluta, perdía unha votación. Como non lle gustou, a pesar de estar no punto seguinte, volveu para atrás. Pero tivo unha concelleira —que eu vou recordar hoxe aquí, Cristina Franco Pardo— que mantivo o seu voto; mantivo a súa abstención e foi coherente. *(Aplausos.)* Sen dúbida, os consumidores e os galegos tamén nos miran a nós, e actitudes e coherencias como as de Cristina Franco son moi importantes.

Pois, dito isto, traio a votación unha iniciativa que defende cinco puntos. Intentamos que na modificación da Lei da cadea alimentaria se blindara o artigo 12.3. Non tivemos o apoio do Partido Socialista, pero neste caso aínda estamos a tempo porque o obxectivo se pode conquerir desde outras vías. Aquel sería o momento idóneo pero non puido ser.

Queremos tamén instar a Xunta de Galicia para que impulse campañas de sensibilización para —como dicía— defender o papel esencial do sector primario; para promocionar eses produtos galegos coas marcas «Galega 100 %» ou na diversificación co de «Leite de Pastoreo»; para apoiar a demanda da base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución de custos de alimentación e darlle prioridade á licitación dos polígonos agrogandeiros de carácter público; e para axilizar a tramitación da constitución do Observatorio Lácteo Galego, cumprindo coa Estratexia de dinamización do sector lácteo; unha proposición que agarda conquerir o voto unánime de todos os representantes nunha comunidade autónoma onde dez concellos galegos producen máis de sesenta mil toneladas de leite ao ano. Incluso, se damos o nome destes concellos, A Pastoriza, Lalín, Castro de Rei, Santa Comba, Frade, Sarria, Arzúa, Cospeito e Mesía, e se a eses se lles une a produción de Guntín e Pol, a suma da produción destes doce concellos supera en produción a de Castela e León, a segunda comunidade autónoma en produción leiteira. Fíxense vostedes se non é importante este sector en Galicia.

Sen máis, e apelando a este diagnóstico duro, e sobre todo trasladando a todos os nosos gandeiros e gandeiras unha mensaxe de apoio, de cercanía e de traballo conxunto, como o que estamos a facer, someto e pido o apoio do resto dos grupos representantes nesta Cámara.

Neste primeiro turno, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** «En 2015, tres factores conxunturais se confabulaban en contra da saúde do sector lácteo galego e mais do Estado: un aumento da produción láctea europea, despois da supresión das cotas lácteas, a prórroga do embargo ruso e un descenso acusado das exportacións a China. Isto trouxo consigo unha redución dos prezos aos produtores en toda Europa, pero máis acusada nos gandeiros, que sofren a regulación do exceso de oferta con prezos de compra do leite por baixo dos custos de produción». Ese texto forma parte da introdución do documento chamado «Acordo Lácteo», que se ofrece desde Madrid aos xa en desbandada produtores, que aguantaron un pulso coa industria, coa distribución e coa administración única —Moncloa-San Caetano— do Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Andamos polo final de setembro de 2015. Desde agosto, Galicia asistía a unhas mobilizacións nunca vistas, xente nova e decidida marcaba a pauta, tractores paralizaban as cidades, a cidadanía aguantaba estoicamente nunha simpatía xeneralizada para con aquela marea humana e mecánica e apoiaba as xustas reivindicacións dun sector que, con decisión unitaria e co manexo das novas tecnoloxías —a telefonía móbil e internet—, desafiaba e planificaba loxisticamente accións aquí e acolá repartindo entre a industria e a distribución as denuncias, cercos e protestas. E repito: a cidadanía en xeral seguía con atención o proceso e daba por boas as molestias que padecía. Solidariedade a fondo.

Mentres, a Xunta do Partido Popular, aparentemente quieta e impasible, non moveu un dedo para xuntar os protagonistas e promover un posible acordo, unha entente necesaria para saíren da crise. Por baixo, o zorro minaba, teupas da mobilización nun labor continuado de descrédito das organizacións sindicais agrarias. Un, subido nun tractor, megáfono en man, bramaba contra dos políticos; outros, nas asembleas, coa man tapando covardemente a boca, vomitaban un «¡fóra!, ¡fóra a política!», para así rebentaren a unidade da mobilización. Todos eles procedían do mesmo cubil, ¡todos!, e tiñan a mesma intención: desprestixiar o sindicalismo agrario porque a industria e a distribución —coitadiñas— non tivesen ningún mal nas súas ganancias. Estas, industria e distribución, tiñan e teñen parada e fonda na Moncloa e en San Caetano. E saíulles ben, a mobilización rematou como o rosario da aurora, e os paladíns das novas estruturas representativas dos gandeiros e gandeiras foron debidamente recompensados. ¡Debidamente recompensados! E colorín colorado, acordo lácteo asinado. É un falar, porque asinar, asinar, foron contadas as asociacións, organizacións de produtores e sindicatos que o fixeron, pero o desánimo e a impotencia —as teupas viradas en víboras para si mesmas— cumpriron e a mobilización parouse.

¡E aquí estamos, seis anos despois, cun sector gandeiro desde aquela máis dividido ca nunca e cunha problemática máis dura, se cabe aínda! E desta vez non agardaron, señora Candia, non. Desta vez vostedes tomaron a dianteira e por medio daquel megáfono, agora feito vídeo viral, comezaron coas falsidades incluídas nas propostas de acordo con esta PNL. Porque é falso que a Conta Láctea sexa o mecanismo acaído para establecer custos de produción; nin ten credibilidade nin é fiable. Porque o PP no Goberno nada fixo por intermediar entre os elos da cadea, en doce anos non convocou a Mesa do Leite, mantén xuntanzas por separado, si, pero ninguén sabe de que se fala nelas. Porque seguen a teimar en substituír as organizacións sindicais agrarias por organizacións de produtores lácteos, para —disque— fortalecer a capacidade de negociación dos nosos produtores —¡vaites, vaites!— e porque de súpeto lles vén o acordo de impulsar campañas de concienciación dirixidas ao consumidor sobre a importancia do gandeiro no seu camiño á gloria eterna, como aprovisionador de alimentos de calidade e bla, bla, bla... Porque tamén de súpeto queren o apoio deste Parlamento para promocionar os produtos lácteos galegos, incidindo na seguridade alimentaria e no benestar animal das nosas explotacións, todo iso en mans de capital foráneo. ¡Marabilloso panorama! ¡En positivo, sempre! ¡*Vista al frente*, cara ao abismo...! Porque imos cara ao abismo.

¿Lembran aquilo do «grupo lácteo imprescindible para un valor engadido» ao que se opuxeron? ¡Con capital galego! Estaba enriba da mesa, todo acordado para ser asinado, pero non podía ser, a distribución non estaba de acordo; non podía ser, non vaia ser que lle puxera condicións á sacrosanta distribución, que utiliza o leite como produto reclamo, e que non

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

permite que funcione a única medida que o mercado ten. A abundancia fai a barateza; e, se soben os custos de produción, teñen que ser trasladados ao custo final, pero diso vostedes non saben nada.

E, claro, continuar na tarefa emprendida en 2008 e continuada nestes doce anos de frenético traballo... Porque vostedes traballaron moitísimo desde 2009 a 2021, usando o Banco de Terras, apoiaron a demanda de base territorial e facilitaron ese palpable respaldo para que «os nosos gandeiros e gandeiras non gasten tanto en concentrados e forraxes vidos de fóra». ¿Ou non era así? ¿Ou foi un banco de terras que reformaron en 2011 para lle poñer unha camisa de forza e deixalo así inservible? ¿Ou foron doce anos de silencio cómplice, inxectando diñeiro na industria e na distribución, e mentres a gandería, con subvencións de consolación para que a trague o demo lentamente?

O mellor leite do Estado en calidade e cantidade, si, os prezos máis baixos, o acoso do xabaril, e a historia do lobo. Porque o do lobo é unha historia na súa boca; o do lobo é unha gran historia na súa boca, mentres non fan nada pola gandería, mentres non contemplan o lucro cesante, mentres todo iso que xa temos falado ata a saciedade e que vostedes non entenden... Porque agora vénlles ben, os problemas son de Madrid, desde que marchou M. Rajoy. Ben seguro que usaron estes doce anos como descanso merecido logo do tremendo esforzo con aquilo do Bipartito, e agora andan somnolentos. Seica comezan de novo outra vez, unha e outra vez, un novo «conto chino» coa Lei de recuperación da terra agraria.

E con esa nova enerxía tamén nos piden apoio para a constitución do Observatorio Lácteo Galego. Ademais de maliciosos, desmemoriados. ¿Lembran quen o puxo a andar? ¿Lembran para que servía? A nós, os que faciamos intermediación, contratos homologados e á Mesa do Leite, íanos servir e servíanos para calcular os custos de produción obxectivos. ¿Crealo? ¡Se xa estaba creado! ¡Se tivo vida de 2006 a 2011! ¡E deixen de publicar os resultados técnicos económicos das explotacións de vacún de leite no 2012! ¿De que falan? ¿Sofren de amnesia intencionada? ¡É puro sainete! ¡Puro sainete de ruín calidade!

O de vostedes é de xulgado de garda, de verdade. Só hai nesta PNL un punto aproveitable e sólido: recuperaren o Goberno en Madrid; é dicir, utilizar o conflito lácteo para sacudirlle as pulgas e darlle caña a Sánchez. E así, con esa motivación de suprema empresa, de recuperar o imperio perdido, saíulles un punto redondo; con el cumpren dúas finalidades. Unha: desgastar o susodito goberno contra natura —que é un goberno contra natura, segundo vostedes—, e outra: xustificar o sono durmido desde aquel 2009 glorioso.

A outra finalidade vai indo, si, esa teima de destruír ou desnaturalizar a representación sindical dos gandeiros e gandeiras. Aquí traballan novamente para a industria e a distribución. Logo, nas eleccións, onde acadan esas dubidosas maiorías, hai cartos dabondo, hai cartos dabondo para campañas e compras de vontade. *(Murmurios.)* Si, é certo, ¡hai que dicilo aquí!, ¡hai que dicilo aquí!, ¡e hai que dicilo desde o rural! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** ¡Hai que dicilo aquí, desde o rural! Sabemos do que falamos. ¡Desde o rural! ¡Setenta anos de sufrimento das súas políticas avalan as palabras que estou dicindo!

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡Que caramba! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home, claro que si! Si, si, ¡como lles doe! Porque vai ser. Miren... *(Murmurios.)* Están perdidos porque a unidade sindical vai resistir, os sindicatos van resistir, porque é lóxico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, si señor, si. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio!

¡Silencio, por favor! Parei o tempo. ¡Silencio!

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Rivas Cruz ri.)*

**O señor RIVAS CRUZ:** ¡Caramba! Neste foro de debate, desde o BNG queremos facer unha chamada á unidade do sector, cuns mínimos a conquistar, baixo a premisa de que se os custos de produción soben —e isto ninguén o discute— debe subir o prezo final e reverter polo menos un 60 % da suba no primeiro elo: a produción. E non hai máis que dicir.

Defendéndose eles, defenden o país, o futuro do rural e a súa viabilidade. «No óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, unha aposta firme para consolidar a relación equilibrada» —¡equilibrada— «entre gandeiros, industria e distribución». Iso di a Estratexia láctea. Isto é intragable. ¿Quen leva os paus? ¿Sabe a quen me recorda? E xa sei que vai dicir o romántico: á súa avoa. Si, ¡pero é que eu vivín o sindicato vertical, e isto é a definición exacta do sindicato vertical fascista! ¡Iso é o que vostedes propoñen na Estratexia láctea! *(Aplausos.)* ¡Home, por favor! ¡Por favor! *(Murmurios.)* Si, si; é certo o que estou dicindo. Mire, mire, mire: «unha relación equilibrada entre...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** ...gandeiros, industria e distribución». *La familia, el municipio y el sindicato, esta era la representación de la democracia or-gá-ni-ca. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** En fin, se vostedes queren dous puntos simples, rápidos e claros, teñen a nosa emenda. A nosa emenda xa foi aprobada nalgún concello co voto de vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cruz.

*(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Terá o turno quen lle corresponda. As intervencións son... E despois virá a contrarréplica. Iso é dereito de cada deputado. Eu niso non vou entrar. As intervencións poden ser... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Perfecto!

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

O Partido Popular hoxe presenta unha iniciativa pola situación que están a vivir as explotacións lácteas do noso país. Unha situación derivada dos problemas estruturais xerados durante trinta e tres dos corenta anos de goberno da dereita dende a aprobación do Estatuto de autonomía. Pero agora resulta que no PP nada teñen que ver con esta situación, e poñen o foco dos problemas do sector no Goberno do Estado nunha iniciativa que, por certo, emenda a totalidade da política do seu partido na Xunta durante décadas, señora Candia.

Dende o PSdeG pedímoslles que deixen de marear a perdiz e tomen medidas dentro das competencias que ten o Goberno galego para atender os problemas dos nosos gandeiros.

Señores do PP, non sexan parte do problema como cando renuncian a facer políticas que loitan contra o grave proceso de desindustrialización que ten o noso país. Pedímoslles que asuman que son Goberno, e que axuden ao desenvolvemento das actividades primarias do noso rural. Independentemente de que existan problemas na implantación da Lei da cadea alimentaria —unha lei que foi modificada positivamente dende o Real decreto 5/2020, que establece que os prezos pactados nos contratos deben cubrir polo menos os custos de produción—, os mecanismos para o seu control están establecidos e son competencia da AICA e das autoridades competentes das comunidades autónomas, que teñen a obriga tamén de desenvolvelos. Dende o Ministerio de Agricultura reforzaron o funcionamento da dita axencia nos orzamentos tanto do 2021 como do 2022, e mentres o Goberno galego queda impasible para reclamarlle ao Estado solucións.

Con respecto á chamada Conta Láctea, os socialistas valorámola positivamente como axuda aos produtores para calcular os seus custos de produción e sabemos que o Ministerio estuda se pode ser considerada como unha fórmula de acreditación; outra cousa é que poida ser introducida na propia Lei da cadea alimentaria.

En Galicia os prezos que reciben os nosos gandeiros polo leite están ata tres céntimos por debaixo do que reciben os gandeiros doutras comunidades, por exemplo, Asturias, e iso creo que non é culpa do Goberno do Estado, porque, ata onde eu sei, Asturias tamén forma parte de España. Polo tanto, debemos mirar para a nosa casa para reverter unha situación que fai que os gandeiros galegos sexan os que menos cobran de España e de Europa polo leite do seu gando.

Neste mes de marzo o seu grupo, señora Candia, presentaba aquí, no Parlamento, unha iniciativa na que se lle pedía á Xunta de Galicia que adoptara as medidas que foran oportunas para favorecer os investimentos das industrias lácteas en produtos de maior valor engadido. E o noso grupo, entendendo que este é un dos grandes problemas que ten o noso sector, presentou unha emenda de adición para pedir que se condicionaran todas as medidas de apoio ás industrias a que estas garantan uns contratos xustos para os seus produtores. ¿Saben vostedes que fixo o Partido Popular, sendo conscientes do que estaba a facer unha parte da industria do noso país na negociación dos contratos que lles ofrecía aos nosos pro-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dutores? Non aceptou a emenda, e renunciou a establecer medidas para vincular as axudas que ofrece a nosa Administración á condición de que as industrias cumpran coa Lei da cadea e lles paguen aos produtores por encima dos custos de produción. ¿Son cribles, señora Candia, ou simplemente buscan un titular para culpabilizar a outros da súa incapacidade para apoiar os nosos produtores e para manter o seu compromiso con certa industria que maltrata os nosos gandeiros?

O PP, só hai oito meses, defendía que existía un incremento da rendibilidade dos nosos gandeiros e gandeiras dun 7 %; unhas afirmacións que facían que as organizacións agrarias botaran as mans á cabeza, xa que os ditos datos non son debidos a que as explotacións lácteas teñan un maior rendemento da súa produción, son única e exclusivamente porque producen máis cantidade de leite e, como é facilmente entendible, a maior produción, maior facturación, pero non por iso maior beneficio por litro producido.

A actividade agrogandeira cos seus gobernos, señora Candia, está en declive. Nos últimos cinco anos só creceu un 0,6 % anual e perdeu o 6 % dos seus traballadores, con numerosas explotacións en dificultades polos prezos percibidos e as limitacións nas terras dispoñibles. O Goberno galego dedícase a xerar lexislación, pero esta serve de pouco se non se cumpre, facendo o que fan, elaborando plans sen obxectivos cun único afán propagandístico.

Fai falla unha política activa de estruturas e de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e á limitación das plantacións de eucaliptos en terras agrarias. Despois de décadas do Goberno da dereita, máis de dous terzos do noso territorio están en estado de abandono, temos menos do 25 % do noso territorio de superficie agraria útil, mentres España ten o dobre, e cada ano en Galicia pechan unha media de seiscentas explotacións. Están como para sacar cabeza.

Temos comarcas enteiras desmanteladas, e mentres tanto pasa isto invístense máis de catorce millóns de euros en crear «o Gaiás do espello do rural» en Sergude. Non existe un compromiso real nin un obxectivo definido para impulsar medidas políticas que fagan que Galicia ocupe o espazo que lle corresponde no sector lácteo. Proba diso é o feito de chegar ao extremo de subcontratar por parte da Consellería do Medio Rural a definición das liñas estratéxicas e as prioridades da Xunta de Galicia para o sector lácteo.

Galicia recibiu inxentes cantidades de cartos da Unión Europea. Xestionaron preto de mil seiscentos millóns de euros de fondos europeos do PDR nos derradeiros doce anos, sendo das cinco rexións de España que máis fondos recibiu. Pero o desmantelamento dos instrumentos de apoio aos sectores agrarios produtivos foi absoluto; dende os centros de recoñecido prestixio internacionalmente, como o Centro de Investigacións Agrarias (CIAM) de Mabegondo ou o Centro de Interpretación da Faba de Lourizán (CIF) —denúnciano eles mesmos—, pasando polos centros de formación agraria en estado de abandono ou a rede de oficinas de extensión agraria, que agora din que van recuperar.

Galicia ten un peso na industria láctea que non é parello ao seu peso no sector produtor. Dos dez principais grupos lácteos de España hai só catro con presenza en Galicia: Lactalis, Capsa, TGT e Lactogal. Outros grandes grupos de España carecen de factorías en Galicia, como o

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

caso de Danone, o Grupo Pascual, o Grupo García Baquero, etc. Para atopar a primeira industria de capital galego hai que ir ao posto 16 do ránking, onde se atopa Leite Río, señora Candia.

Ese escenario de debilidade da industria láctea reflíctese no feito de que máis do 48 % do leite producido en Galicia marcha para fóra sen transformar. O leite procesado en Galicia, a maiores, dedícase nun 60 % ao seu envasado como leite líquido, o que en xeral achega menor valor engadido que a súa transformación noutros produtos lácteos. Un exemplo clarificador é como as dúas factorías que ten Lactalis en Galicia se dedican en exclusiva ao envasado do leite, cando o mesmo grupo no conxunto de España dedica o 50 % do seu leite ao envasado de bebidas e o outro 50 % a produtos lácteos de maior valor engadido, como son os queixos, os iogures ou a manteiga.

En cifras globais, no conxunto de España, só o 32 % do leite se envasa, en tanto outra porcentaxe idéntica do 32 % se dedica a queixos. A porcentaxe galega destinada a queixos é só do 15 % do leite. Se analizamos o leite destinado na comunidade ás denominacións de orixe, a porcentaxe é só do 1,8 %, cunha evolución que ademais é negativa, pois na última década pasáronse de producir cinco mil novecentas toneladas de queixos con denominación de orixe en 2010 a cinco mil catrocentas nos datos de 2018. Nese contexto, o Goberno galego presenta o seu Plan estratéxico 2020-2025 con 125 medidas, e nel din que queren pasar de transformar o 51 % do leite a un 75 % nos próximos anos, e din que para logralo apoiarán todos os proxectos industriais que se queiran desenvolver en Galicia. Din que queren apostar polo apoio á investigación, á formación e ao asesoramento ao agro, pero a realidade é que levan doce anos abandonando a formación e a investigación pública. Comprométense a fortalecer os servizos das 68 oficinas agrarias comarcais, que din que completarán cunha oficina móbil para pequenos concellos, pero a realidade é que as estiveron desmantelando.

Ante todo isto, as organizacións agrarias —con toda a razón do mundo, por certo— din que o Plan estratéxico para o sector lácteo que presentou a Xunta de Galicia terá credibilidade se as medidas que contempla van acompañadas das ferramentas orzamentarias necesarias para levalas a cabo. Como dixo o propio secretario xeral de Unións Agrarias, a simple declaración de expectativas non chega, porque se se aplican as medidas de sempre van obterse os resultados de sempre. É curioso que o plan non contase, ademais, coas ditas organizacións agrarias, como elas mesmas denunciaron, porque, despois dun ano de traballo, a Consellería do Medio Rural chegou a unhas conclusións que as organizacións nin coñecían, señora Candia. Estas organizacións axudaron a definir os problemas, pero non lles deixaron participar nas propostas para solucionalos, e, por desgraza, din que este documento non achega ningunha medida nova.

Señores do Partido Popular, pídanlle ao seu Goberno que, á parte de pedir que outros fagan o seu traballo para que os gandeiros cobren por encima dos custos de produción, poña medidas para mellorar realmente a base territorial das explotacións, impulse de novo as concentracións parcelarias, que as teñen paralizadas, impulse a formación e a investigación pública, que a teñen desmantelada, potencie o cooperativismo e que faga que as industrias transformen a súa materia prima en produtos de maior custo, e métanlles isto ademais como condición para poder darlles axudas. É dicir, ao final, o que teñen que facer é política e ser realmente o motor que mova o sector agrario e non simplemente estar a ver o que fan outros.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Seco García.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a autora da proposición non de lei, señora Candia López.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Señor Rivas, eu creo que o seu grupo tiña que ir planteándose ir mudándoo da portavocía de medio rural, porque este nivel de intensidade e de agresividade que pon na intervención vaille afectar na saúde. Dixo vostede que estaba nos setenta anos e, aínda que non os aparenta, a tranquilidade élle vital para a súa calidade de vida. Non hai que enfadarse, non hai que enfadarse.

Citou vostede a miña avoa, e non sabe o que llo agradezo. Non sabe o que llo agradezo, porque casualmente hoxe me gustaría que estivera presente nesta sesión plenaria. Mire, fíxese. *(A señora Candia López amosálle unha foto ao señor Rivas Cruz.)* ¿Ve? Transportaba leite, catro quilómetros con isto. Este é o rural que vostede segue vendo. Vostede segue estando aí. E mire, hoxe estamos neste rural. *(A señora Candia López amósalle outra foto ao señor Rivas Cruz.)* Carmen, da Gandería Neifra, en Lindín, esta mañá, muxindo, aplicando un robot. Estas son palabras e fotos, pero isto é unha realidade. Isto non é mérito do Partido Popular, nin do Partido Socialista, e moitísimo menos do Bloque Nacionalista Galego; é mérito dos galegos e das galegas, e dos gandeiros, que son grandes profesionais. *(Aplausos.)* *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Esa é a realidade.

O do lobo chégame a alma porque, se non estiveramos falando de cousas serias, lle ía dicir que probablemente calquera día trae unha proposta na que a culpa de que no conto de Carapuchiña Vermella o lobo fora o malo era do Partido Popular. Porque todos os días está protexendo animais, como o lobo, en contra de animais como as nosas vacas. ¡Dios mío! ¡En Galicia!, que estes días viamos en Vila de Cruces todo un pobo salvando unha vaca que caeu no río, que durmiron con ela. Eses son os nosos galegos, esa é a sensibilidade que teñen na nosa Galicia. *(Aplausos.)* Non coñecen Galicia.

E cando o resultado non lle gusta, di «dudosas maiorías», que iso si que ten delito, señorías. Cando goberna o PP, non gana, arrasa, que ten que ter maioría absoluta. *(Aplausos.)* E cando vostedes cogobernan, e poño o exemplo de Muras... Porque esa é tamén a nosa responsabilidade: sacarlles a careta, porque xa saben que no de *showman* e na actuación, vostedes móvense ben, pero despois, cando lles toca apertar o botón e decidir o destino dos recursos públicos que son susceptibles de usos alternativos e tomar decisións, pois fan chapuzas coma as de Muras. Por certo, iso si que é moi pouco democrático, volver atrás nun punto da orde do día cando xa estaba rematado. *(Aplausos.)* Iso son vostedes, e mire que eu teño carácter, pero dígollo sen enfadarme, porque cando falamos de cousas serias e a razón nos asiste, non hai que berrar, que nos escoitan moito mellor falando despacio e baixiño.

Faltoulle dicir que propostas tiña vostede, porque o Observatorio Lácteo gústalle, ¡ai! pero «era cousa nosa»; o Banco de Terras gústalle, pero ¡ai! «inventarámolo nós»... Claro,

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entón, o que estaba era seu, pero non lle gusta porque se adaptou ou se mellorou... En definitiva, dos cinco puntos non lle gustou nada. Claro, foise para o Sindicato Vertical e non lle chegaron os dez minutos cando hai que tomar decisións sobre o que ten que votar.

Señor Seco, agradézolle moito o ton, ademais sempre me demostra un auténtico respecto nas intervencións. Pero olvidóuseme dicirlle unha cousa. A Lei da cadea alimentaria —que eu creo que foi un fito histórico para os nosos agricultores e gandeiros— firmouna, como diría o señor Rivas, «M punto Rajoy». Iso poderá gustarnos máis ou poderá gustarnos menos, pero foi no ano 2013. *(Fortes murmurios.)* Agora propúxose unha reforma que entendemos que é insuficiente. Entón, centrándonos no que hoxe votamos aquí, ¿están de acordo en reforzar a posición negociadora dos nosos gandeiros e instar a que a Conta Láctea —ou, se non lle gusta, outra que convaliden— poida ser un instrumento que poidan empregar na negociación?, ¿si ou non?

¿Están de acordo nesas campañas de sensibilización? Porque, señores, cando as fan vostedes, é investimento; e, cando as fan os demais, é propaganda. Promover que os nosos gandeiros producen un dos mellores leites do mundo non é para min, créanme ou non, propaganda, é unha realidade e é un acto de xustiza. E é o que nós imos someter a votación.

¿Están de acordo e apoian que se reforce a ampliación da base territorial para que afecte na redución de custos de produción? ¿Están de acordo en todo iso? Pois, miren, se están de acordo, voten a favor; e, se non están de acordo, voten en contra. Pero, en todo caso, si que lles agradecería que o explicasen. Porque creo que en todo isto, unha vez que os escoitei —a pesar de que da iniciativa non falaron moito—, coinciden no diagnóstico. E créanme que as explotacións agrícolas e gandeiras de Galicia e de España, nas comunidades autónomas que goberna o Partido Popular e nas que non, están neste momento nun momento difícil. E aínda que só sexa por iso e por respecto ao seu traballo merecen un pouco de seriedade nas nosas intervencións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

Xa rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela.

Acéptase a emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia —que é unha autoemenda, evidentemente— e unha do Bloque Nacionalista Galego. E non se acepta a emenda do G. P. Popular.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar de maneira urxente contra a violencia de xénero.*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a seguinte, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Hai unha proposta de transacción. *(A señora García Vidal pide a palabra.)*

¿Si? ¿Para que quere a palabra, señora García? Déanlle voz ao escano, por favor.

**A señora GARCÍA VIDAL:** Grazas, presidente.

Co fin de chegar a un acordo, gustaríanos votar a favor do punto 2 e 3 e é polo que solicito a votación por puntos.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acéptase a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non lle aceptan a votación coa separación deses puntos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, respecto dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e Dª Mercedes Queixas Zas.

Hai unha emenda do G. P. Popular de Galicia, que non se aceptou.

*Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a protección das brañas do Deo, ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, e a súa inclusión na Rede Natura.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do G. P. Popular de Galicia por iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago.

Non se acepta a emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Leticia Gallego, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior.

Non se acepta a emenda do G. P. Popular de Galicia e solicítase a votación separada de tres puntos.

Entón votamos, en primeiro lugar, os puntos 2, 3 e 4 da proposición.

*Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes tres puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos agora o punto número 1.

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto.*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** E votamos, por último, a do G. P. Popular de Galicia por iniciativa de dona María Elena Candia.

Entendo que non se acepta a emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo..*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; abstencións, 33.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

E continuamos coa orde do día, co punto de interpelacións.

**Interpelación de D. Martín Seco García e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, acabamos de falar da situación do sector lácteo galego, cuns produtores que están a vivir unha difícil situación, pero non debemos esquecernos dun sector que o está a pasar moito peor que o sector lácteo. Falamos do sector da carne, que está lanzando unha mensaxe de emerxencia ante a posibilidade de desaparición de moitas explotacións e que non parece que cale esa mensaxe no Goberno galego.

Nos últimos dezasete anos o prezo que os gandeiros galegos perciben pola carne que producen aumentou tan só un 12 %. E, pola contra, nese período o IPC experimentou un incremento do 33 % e os custos de produción das explotacións subiron un 38 %. Este cóctel está a poñer en alto risco a viabilidade económica dunhas explotacións que non só producen carnes de primeira calidade baixo estritos parámetros de benestar animal senón que tamén desempeñan un papel indispensable dende o punto de vista da xestión do territorio, a loita contra o abandono do rural e os incendios forestais.

Entre o que levan subido os pensos, os abonos e a enerxía, producir un quilo de carne é hoxe entre cincuenta céntimos e un euro máis caro que antes da covid, dependendo das condicións de cada explotación. E, por outra banda, a baixada de liquidacións nos matadoiros sitúase nun diferencial negativo do entorno de corenta céntimos respecto da situación precovid. É un contexto totalmente insoportable e inviable para as ganderías galegas tradicionais.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Conselleiro, o sector está mandando un SOS e dende a Xunta de Galicia seguen coa súa festa da propaganda. Está en xogo o futuro de nada máis e nada menos que 11.000 ganderías tradicionais en toda Galicia, unhas pequenas explotacións ubicadas nas zonas demograficamente máis sensibles e con maiores problemas de avellentamento e despoboamento; e con elas, o futuro do noso rural. Cada unha destas explotacións ingresa hoxe 200 euros menos que antes da pandemia por cada becerro que venden, algo que supón un claro incumprimento da Lei da cadea alimentaria vixente, que establece —como diciamos antes— que os prezos pactados nos contratos deben cubrir polo menos os custos de produción. E os mecanismos para o seu control están establecidos e son competencia tanto da AICA como das autoridades competentes das comunidades autónomas.

Segundo un estudo elaborado por unha organización agraria, producir un quilo de carne custa arredor de 5,50 euros/quilo/canal, mentres que as liquidacións en ningún caso superan os 4,80. O sector necesita que a Xunta poña en marcha sen demora un observatorio de prezos público para poder contar con referentes claros, así como impulsar contratos homologados con prezo estipulado e superior a estes custos. O sector cárnico necesita que a Xunta de Galicia reactive dun xeito excepcional unha liña de axudas que houbo tras a covid, unha liña que daquela dixemos que era claramente insuficiente pero que axudou a paliar en parte as perdas das explotacións no primeiro ano de pandemia. Porque, se a pandemia golpeou duramente un sector que partía con problemas anteriores, a pasividade do seu Goberno, señor González, pode acabar co peche de moitas explotacións ao non poñer todos os recursos necesarios para salvar un sector estratéxico para toda Galicia.

As organizacións agrarias valoraban antes do verán unha caída de ingresos no sector duns dezaoito millóns de euros dende o inicio da pandemia. E cando falamos deste sector referímonos en global a 22.000 mil explotacións, das cales 11.000 —como dicía antes— son profesionais e xeran arredor de 200.000 reses. Se seguimos perdendo parte dos 20.000 empregos profesionais que ofrece este sector —¡20.000 empregos!, logo laiámonos de certas industrias—, entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, traerá consigo, ademais dun terrible efecto económico, tamén un efecto social, medioambiental e territorial nesa Galicia que depende das explotacións de carne como base esencial contra o abandono ao estar boa parte destas explotacións no territorio da montaña galega.

A longa crise da covid causou unha importante caída do consumo de carne, derivada dos peches nos canais de restauración, da caída do turismo e de cambios en certos ámbitos de consumo. Os peches temporais dos mercados e feiras fixo que todo o peso caese sobre as cadeas de alimentación, o que derivou nun forte descenso nos prezos pagados aos produtores mentres os consumidores non vimos ese descenso na cesta da compra.

A Xunta de Galicia debe velar e poñer instrumentos para facer efectivo o cumprimento da Lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimentarios e, por suposto, tamén nos diferentes sectores da carne para garantir a supervivencia dos nosos gandeiros, que están a cobrar por debaixo destes custos —tendo que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar—.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados, e a Administración debe velar, como dicía antes, polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados nas mesas de negociación. A Xunta de Galicia debería complementar agora as insuficientes axudas directas ao sector que deu no seu día co PDR que permitiu Europa, e das que non utilizou a contía total permitida para este sector, que eran duns 24 millóns de euros e das que só utilizou uns 7 millóns de euros. O resto derivouno para outros sectores que poderían terse cuberto con fondos do Igape. E as ditas axudas son claramente insuficientes. A Administración galega podería agora complementar esta cantidade con fondos propios e estudar no próximo PDR como poñer fórmulas para axudar en maior medida a este sector tan importante.

A estratexia da Xunta de Galicia, na nosa opinión, debe basearse na aposta por unha gandería extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública co leite —como diciamos antes— para aumentar a calidade do noso produto e tamén a súa alimentación, por modernizar as canles de envasado e despece dos produtos de cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión do mercado exterior con produtos de alta calidade baixo selos que garantan a certificación en todas aquelas materias posibles: saúde, medio ambiente e outras. Deben poñer en marcha unha lonxa agropecuaria de referencia que traballe de xeito profesional e que permita referenciar aos seus prezos os contratos necesarios para o cumprimento da Lei da cadea.

Señor González Vázquez, non poden estar de costas a tantas familias de Galicia. Levamos meses presentando diversas iniciativas para que actúen en apoio a este sector, e vostedes seguen de espaldas. Só teñen como contestación o suposto desenrolo dun plan estratéxico para a carne, pero o sector xa non pode esperar por ese plan.

Por todo o dito, conselleiro González Vázquez, pregúntolle: ¿por que non convocan urxentemente unha liña de axudas excepcional para a continuidade do sector de vacún de carne? Poderían facelo e xa llelo pedimos en dúas ocasións, e tamén desta vez nas emendas que presentamos aos orzamentos. ¿Por que non poñen en marcha un plan específico de bidimensionamento das explotacións de vacún de carne no marco do novo período de prorrogación de axudas de desenvolvemento rural do 2023 ao 2027? Creo que é moi necesario acudir precisamente a poder dar un maior dimensionamento a estas explotacións. ¿Por que non implementan con premura unha lonxa de gando dixital como ferramenta que dote de transparencia a venda do gando, que sabemos que é outro dos seus problemas? ¿Por que non crean sen demora un observatorio de prezos para o cálculo de custos de produción axeitados á realidade produtiva de Galicia? Son preguntas que nos facemos e que lle queremos preguntar.

E, por favor —xa que antes saía o tema—, pídanlle á Consellería de Medio Ambiente que controle a poboación de fauna salvaxe de maneira urxente, nas zonas nas que o nivel alcanzado ameaza a gandería extensiva, coa posta en funcionamento dun novo plan de xestión do lobo para Galicia froito, como dicimos moitas veces, dun consenso entre asociacións en defensa do lobo, representantes das organizacións agrarias e representantes do sector veterinario, actualizando os censos poboacionais e elaborando un novo mapa de presenza do

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lobo en Galicia. Está moi ben falar do Estado, pero fagan os seus deberes, que os esqueceron durante os doce anos de goberno que levan gobernando con Núñez Feijóo. Na convocatoria desas axudas de prevención e indemnización de danos da dita fauna salvaxe, fagan que a partida orzamentaria teña unha dotación axeitada de acordo cunha valoración xusta que teña en conta o prezo de mercado e o lucro cesante, e a áxil tramitación e percepción da axuda. Creo que son medidas que deben vostedes poñer en marcha precisamente falando co Estado para poder desenrolar a nova planificación que xorde tras a nova inclusión do lobo como especie protexida.

Teñen na súa man optar por tomar medidas contra esa mensaxe de SOS que está a difundir o sector ou por seguir de brazos cruzados vendo como se afunde un sector esencial para Galicia e co maior risco de avellentamento e abandono.

Por todo o dito, señor conselleiro, gustaríame, despois de tantas iniciativas presentadas, preguntarlle polas medidas que vai tomar a súa consellería para abordar a grave crise que está a vivir o sector da carne de Galicia. E non quede simplemente en falarme dun plan estratéxico, como fan absolutamente en todos os temas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos e a todas.

A verdade é que, cando estaba preparando esta interpelación e a miña comparecencia, e lía as súas afirmacións, señor Seco, e as dos seus compañeiros, si que atopei algunha cousa na que podemos coincidir. Desde logo, coincidimos na importancia que ten o sector da carne —en concreto o vacún de carne— para o equilibrio territorial da nosa comunidade. Representa preto do 33 % do valor da produción final agraria. E, no caso do vacún de carne, sitúase Galicia como a terceira rexión produtora do Estado, con máis do 14 % da produción total nacional. Somos tamén referentes, señorías —e isto non o din vostedes pero dígoo eu—, no que se refire á carne de vacún de calidade. Coa indicación xeográfica protexida Tenreira Galega —vaca e boi— factura máis de 100 millóns de euros e é a principal indicación de calidade de carne en España. Sen dúbida, señorías, son datos polos que merece moito a pena promocionar o consumo da carne galega e non ao contrario.

E, aínda que eu son o interpelado, isto lévame, señor Seco, a facerlle unha primeira pregunta a vostede e a todos os membros do Grupo Parlamentario do Partido Socialista. Vostedes ¿están de acordo coa declaración que fixo o ministro Garzón sobre a necesidade de reducir

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o consumo de carne? ¿Están de acordo? *(Murmurios.)* Eu pediríalle que na súa próxima intervención aquí, señor Seco, aproveitase para desautorizar publicamente esas declaracións. Porque, miren, iso é o que lles preocupa aos nosos gandeiros e gandeiras. E para poder falar do que lles preocupa aos nosos gandeiros e gandeiras, señor Seco, hai que falar con eles, non tocar de oído.

Onte mesmo estiven reunido con 120 gandeiros de vacún de carne en Montederramo, unha zona na que especialmente podemos afirmar con orgullo que temos unha gandería de vacún de carne extraordinaria, con xente moza, xente que fai esa gandería en extensivo, xente que fai carne suprema de Tenreira Galega, cunha calidade extraordinaria, e xente á que hai que escoitar para poder tamén colaborar con eles no desenvolvemento do seu sector.

E vostede —e xa vou ás súas preguntas— fálame na súa interpelación —en dúas preguntas— de axudas directas. ¿Vostedes cren que é o que están pedindo os nosos gandeiros de vacún de carne? ¿Axudas directas? Miren, señorías, o que piden —e falamos con eles para sabelo— é que se recoñeza o seu papel na custodia do territorio; o que piden é que se recoñeza o carácter sostible e o respecto ao benestar animal que teñen nas súas explotacións; o que piden é que se recoñeza o papel que teñen para evitar o despoboamento do rural, para evitar o abandono e para evitar os incendios forestais; o que piden, señorías, é que se valorice o seu produto. E é esa a cuestión que tiñamos que estar aquí discutindo: como traballamos entre todos para valorizar un produto tan extraordinario como é a carne galega. E o que piden tamén, señor Seco —estráñame, ademais, que fale disto aquí—, é claramente que se cumpra a Lei da cadea alimentaria —ou para que se cumpra tamén a prohibición— para evitar a venda a perdas. Aínda que esta é unha cuestión da que falarei logo na interpelación do Bloque —xa que hoxe estou dobremente interpelado—, falarei polo miúdo do que se refire á Lei da cadea e do traballo que leva facendo o Goberno galego para que a prohibición da venda a perdas, señor Seco —vostede sábeo ben—, non sexa papel mollado. Pedímoslle ao Goberno central que sexa valente na regulación da prohibición da venda a perdas.

Pero, miren, a clave de todo isto —e si, por suposto, vou falar de estratexias de cara ao futuro a medio e longo prazo, aínda que tamén a curto prazo— é planificar para acadar ese obxectivo de valorización do produto dos nosos gandeiros.

Para vostedes a solución —ultimamente están nesa— pasa case sempre por axudas directas. Xa o fixeron na pedra dos viñedos. Tiremos de axudas con inxeccións sen fundamento que inchen e desinchen coma un globo un sector. Pero a Xunta planifica, e por iso, como xa fixemos na estratexia do sector lácteo, por certo —e lérona, seguro, pero tamén as len os nosos gandeiros e gandeiras e pódenlles preguntar a súa opinión—, estamos traballando na estratexia de dinamización do sector da carne de Galicia. Outra estratexia, xunto coa do lácteo e a do viño, cunha elaboración que se fai dende o sector para o sector.

Hai dous escasos meses que nos xuntamos con gandeiros, representantes das industrias, das cadeas de distribución e das asociacións e organizacións profesionais agrarias para dar comezo a este proceso —máis de cincuenta participantes—. Eu animo os grupos parlamentarios a que tamén participen no desenvolvemento destas estratexias, para mellorar ou tratando de mellorar a cadea de valor.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes axentes e non nós, señorías, son os que verdadeiramente saben en que situación se atopa o sector, cales son as debilidades e cales son as fortalezas. E son os que nos din as necesidades que podemos cubrir desde o Goberno galego, un esforzo no que, ademais, investiremos para poñer en valor, como sempre o facemos, a calidade dos nosos produtos. Galicia é calidade alimentaria, agora e sempre.

Neste punto, señor Seco, quero ser o máis contundente que se me permita e trasladar a total desaprobación ante a ínfima sensibilidade que mostrou o Goberno central fronte á situación dos gandeiros, do sector primario en xeral. Refírome, como ben sabe, ao proceso lexislativo da Lei da cadea alimentaria. Non quixera deixar de sinalar o descontento por parte da Xunta fronte ao descoido, ao abandono e á indiferenza do Goberno do Estado. E non perderei a ocasión de pedirlles que, antes de velar polo beneficio político, velen, como fai o Goberno galego, polo beneficio dos nosos gandeiros e gandeiras.

Dito isto, a estratexia da carne vén para consolidar o sector e garantir a remuda xeracional á fronte das explotacións rendibles, para mellorar o nivel de transformación da industria cárnica e para a xeración de valor engadido ao longo de toda a cadea. E nesta liña é fundamental apostar polas producións sustentables, nas que se teñan en conta criterios de benestar animal e sistemas respectuosos, como a produción en extensivo. Por certo, eu teño que dicirlles que meter no mesmo saco toda a gandería non ten moito sentido. Galicia é —fundamentalmente no sector cárnico e de vacún— gandería en extensivo. Temos que lograr unha industria cárnica tamén realmente rendible, na que todos e cada un dos selos que conforman a cadea sexan quen de soster o anterior e xerar beneficios. E para iso estableceremos, no seo da estratexia, accións orientadas a recoñecer o seu traballo e a promocionar as propiedades da carne, así como a incentivar, en contra dos que descualifican o consumo de carne, as producións cárnicas.

Así mesmo, e sen ningunha dúbida, apostamos pola formación para afondar na profesionalización de todos os implicados, como ocorre con tantos cursos que xa se están impartindo relacionados coa mellora da gandería de vacún ou coa eficiencia da xestión das explotacións, fomentando ademais a investigación e a innovación.

Certo é que nos atopamos nunha fase de estudo, de diálogo co sector. Pero, señorías, toda planificación e a toma de decisións posterior vén precedida dunha análise. Porque, para poder tomar as decisións máis axeitadas, máis conscientes e pensadas unicamente en beneficio do sector cárnico de Galicia, temos que contar con todos os datos e a información dispoñible enriba da mesa. Neste sentido cremos —eu creo— na planificación transversal, e non podo, por suposto, falar de planificación neste eido sen falar da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que vén cubrir outra das eivas importantes das nosas explotacións, como é a dotación de base territorial.

E tamén quero sinalar, dentro do que estamos a facer —aínda que non está aínda en marcha a estratexia—, o Plan de pastos de Galicia. Son 9,5 millóns de euros para facer investimentos en montes veciñais en man común en setenta concellos de Galicia para chegar a 2.400 hectáreas de pasteiros para os nosos gandeiros. Increméntase a superficie de pastos dispoñibles para alimentar o gando e ao mesmo tempo evítase o custo debido a cereais alleos á explotación —que determina a suba do prezo das materias primas—.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Gustaríame tamén rematar esta primeira quenda falando da manifestación de interese para o sector agroalimentario que presentou esta consellería. Pedímoslles aos gandeiros que acreditasen, que nos determinasen, esa necesidade de base territorial. E recibimos preto de mil iniciativas que demandaban 21.000 hectáreas. É unha evidencia, señorías, de que Galicia ten futuro, de que ese sector nos está demandando esa base territorial.

¿Que é o máis interesante desa demanda que fomos capaces de ver a través da manifestación de interese? Que, da totalidade das hectáreas solicitadas, 13.200 foron xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira. Isto di moito do esforzo que temos que facer entre todos para darlle esa terra, esa base territorial, ás nosas explotacións.

Eu remato xa. Traballamos, señorías, de acordo cunha planificación transversal, traballamos a prol deste eido produtivo e do sector primario en xeral. Traballamos, como é habitual, con sentidiño, facendo Galicia rural.

Máis nada, polo de agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica do señor Martín Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, señor presidente.

Sería moito máis beneficioso para os gandeiros galegos que se preocupase menos do ministro Garzón e se preocupase moito máis do que cobran os nosos produtores de carne en Galicia. *(Aplausos.)* Seguro que non lle preguntaron polo ministro Garzón en canto ás medidas que ten que tomar o seu Goberno para intentar poñer mecanismos encima da mesa para que se cumpra a Lei da cadea. Por certo, é unha lei que certamente creou o Partido Popular, pero esa proposición si que era papel mollado. Só fai falta falar coas organizacións agrarias para saber que existen melloras importantes no desenrolo desta modificación que se está a levar a cabo. Evidentemente, non a fixo vostede e non lle é prato de gusto, pero existen melloras moi importantes e agora o que cómpre é precisamente establecer os mecanismos para facer que se cumpra e que se investigue precisamente nos sitios onde non se está cumprindo.

Fala vostede de planificar. Vostedes sempre falan de planificar. Cando non queren facer algo, planifican. Levan planificando o monte galego corenta anos. Iso si, o plan forestal que se aprobou non tiña absolutamente ningún tipo de diagnose, pero están a planificar. Fano para os intereses de certa xente pero están vostedes a planificar; o mesmo que no leite —como explicaba antes—, cun plan polo cal lles din ás organizacións agrarias que participen para captar cales son as problemáticas do sector pero que logo non os chaman para tomar as medidas oportunas precisamente para solucionar o que dicían eles. É un plan que non aporta nin unha soa medida nova.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E agora falamos do plan estratéxico da carne que estarán estudando. E, seguramente, cando os nosos fillos sexan deputados —ou cando os fillos doutros sexan deputados—, vostedes seguirán estudando o forestal, o cárnico, o lácteo, ou absolutamente todas as materias, precisamente cando deberían estar con actuacións.

Fala vostede de que non poñemos en valor a calidade dos nosos produtos. Por suposto, e non só a calidade, evidentemente, dos nosos produtos —como dicía antes—, senón tamén o efecto que ten a gandería en extensivo, beneficiosa para o medio ambiente. ¡Claro que o PSdeG vai poñer en valor esta cuestión! O que si tería que explicar vostede é por que durante tantos anos de goberno do Partido Popular se baixou tanto, absolutamente tanto, o balance comercial que ten Galicia nos seus produtos alimentarios.

Mire, fíxese, vostede fala de que non é momento de aplicar axudas directas. Evidentemente, non é a solución estrutural que teñen agora mesmo os nosos sectores primarios, pero estamos falando dun SOS, un SOS que fixo, ademais, que vostede utilizase parte do PDR despois da covid para meter sete millóns de euros no sector en axudas directas. Non fun eu, foi vostede, señor conselleiro. Pero daquela nós xa lle diciamos que era completamente insuficiente e que utilizase a contía completa, porque as adegas podían utilizar as formas de préstamos que pode utilizar o Igape. Pero vostede non quixo intentar salvar un sector que está en SOS. Non é a medida estrutural que vai dar a solución, evidentemente non. A medida estrutural é que se lles pague aos gandeiros, pola carne que producen, por riba do que lles custa producir. Pero esta é unha medida para intentar salvar un sector que afoga, que en 2020 tivo unha facturación —como dicía a Central Agropecuaria de Galicia— dun 30 % menos que no 2019.

Vostedes todo é facer plan estratéxicos, reformas lexislativas. Agora empezarán con outras, con mecanismos para facer que fan. Iso é o que realmente lle gusta a vostede, moita publicidade, moita foto, moito Gaiás e moita publicidade nos medios de comunicación para dicir que están moi preocupados polo sector. Pero todo o mundo sabe que, cando un non quere facer absolutamente nada, anuncia un plan para deixar que pase o tempo, tratando de confundir a opinión pública.

Señor González Vázquez, o problema do noso campo está precisamente na falta de definición e orientación das políticas que debe exercer a Administración pública para guiar o noso sector. ¿Como poden vostedes vender como éxito que, tras corenta anos de autonomía, os sectores que deberan ser parte do núcleo estrutural da nosa economía, como son o forestal e o lácteo —que llo digo moitísimas veces—, teñan tan pouca repercusión na economía galega? Se producimos, ou temos o 40 % ou o 50 % da produción de toda España nestes sectores, ¿por que só aportan o 13 % ou o 11 % da renda estatal, ou uns niveis de emprego incluso inferiores a isto? ¿Como poden falar de compromiso co rural e de loita contra o abandono de máis do 85 % do noso territorio e logo ver como morren aquelas explotacións de carne que son esenciais no desenrolo territorial das zonas máis deprimidas de Galicia?

Vostede sabe perfectamente o que lle digo cando lle digo que hai unha falta de orientación —e expúxenllo aquí en moitas ocasións—. Na década do ano 90 ao 2000 Galicia baixaba o 25 % na renda agraria e Andalucía duplicaba esta renda. Non digo que Galicia teña que ser

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Andalucía. Temos, evidentemente, outro territorio. Pero alí existía unha certa orientación que facía que os sectores produtivos medrasen a economía da súa autonomía, e nós simplemente nos dedicamos a abandonar todos os nosos sectores produtivos.

Volvo repetirlle que necesitamos un plan específico de dimensionamento das explotacións de vacún de carne no marco do período de axudas de desenvolvemento rural. Non sei se van tomar medidas nese senso, porque vostede pregúntame a min pero vostede non resposta absolutamente nada. ¿Van poñer en marcha rápido esa lonxa dixital da que tanto se fala? ¿Van poñer en marcha o observatorio de prezos para referenciar o sector e impulsar contratos homologados con prezos estipulados? O sector necesita valentía, señor conselleiro, non tanto anuncio, non tanta reunión para vender anuncios. O futuro non está nas axudas directas, pero agora mesmo non debemos deixar morrer unhas explotacións que estruturan o noso territorio e están mandando unha mensaxe de SOS que vai moito máis alá dun plan estratéxico.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

Peche da interpelación, señor conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Tomamos nota de que ao señor Seco non lle interesa desautorizar o que dixo o ministro Garzón. Non pasa nada, señor Seco.

Mire, cando me di que vai esperar a que os nosos fillos sexan deputados para as estratexias..., bueno, eu, por facer simplemente un relatorio, citarei o Plan forestal 2021 —40 nestes tres últimos anos—, a Estratexia do sector lácteo, a Estratexia de dinamización das comarcas vitivinícolas e agora tamén a Estratexia do sector cárnico. Se hai algunha dificultade ou eiva que poderiamos criticar, é que a tiñamos que ter empezado probablemente xa con algo de antelación.

Señor Seco, gobernar é planificar. A min gustaríame ter un debate no que fósemos máis alá de dicir que eu me quero cargar o sector da carne de vacún de Galicia, porque iso pode poñernos nunha situación incluso un pouco tensa. E sabe perfectamente que non é ese o obxectivo. Eu non sei que idea teñen vostedes do que é planificar, non sei se primeiro se teñen que poñer os zapatos ou os calcetíns. Dende logo, nós tratamos de ser ordenados e tentamos seguir unha planificación para acadar os nosos obxectivos. E, nese sentido, o proceso de diálogo no que nos atopamos no desenvolvemento da Estratexia do sector da carne en Galicia é totalmente necesario. Tamén lle digo que se fixo o mesmo coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, e gustaríame remarcar que o outro día, nun foro de debate que tiven, pois houbo xente que puxo de manifesto que, entrando no funcionamento desa lexislación, non había que ter présa, senón que había que ser capaces de acertar. E, dende logo, non era xente da ideoloxía do meu partido pero que tiña totalmente a razón.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós imos facendo o noso traballo. Imos facendo aldeas modelo. Onte deixamos comprometido un polígono para gandería, para pastizal, precisamente en Montederramo —onde, por certo, temos tamén un pastizal do Plan de pastos—. E é o que temos que facer. Dará máis tempo ou menos tempo pero estamos abrindo un camiño que estou totalmente seguro de que é necesario para o desenvolvemento futuro do noso sector primario a curto, medio e longo prazo.

Por suposto, na estratexia hai que contar co sector. Eu escoito as súas ideas e digo que as aporten na estratexia, non hai problema ningún. Pero nós imos escoitar o sector. A estratexia traerá consigo —claro que si— os mecanismos necesarios. De feito, a lonxa dixital —e sábeo vostede— está nos orzamentos do ano 2022, pero se temos que vir aquí a largar contra todo o que facemos... Pois, bueno, eu penso que non é iso o que queren os gandeiros.

E voulles deixar clara unha cousa a todos os que me están escoitando: o conselleiro non dixo que non fixesen falta axudas directas, o conselleiro dixo, falando con 120 gandeiros —como antes, que estiven falando cos do vacún de leite—, que me din que a súa prioridade non son as axudas directas, que a súa prioridade é a valoración do seu produto pola vía do prezo. E para iso, señor Seco, hai que ser valentes na regulación da prohibición da venda a perdas.

Gustaríame recordarlle, como lle dixen, que nós estamos traballando co sector, preguntándolle onde quere esa base territorial e para que a quere —«manifestación de interese» á Consellería—. Volvemos traballar co sector cando, a través da Lei de recuperación da terra agraria, estamos mobilizando terra para podérllela dar a esas explotacións. Non van vir empresas de fóra a tirar desa terra, imos dar prioridade, sen ningunha dúbida, aos nosos agricultores e gandeiros na recuperación da terra agraria. Son mecanismos dos que falaremos —seguro— nesta lexislatura e veremos o seu interese e a súa potencialidade.

Pero, miren, falando de axudas directas, ¿canto cobran os nosos gandeiros cada ano nas axudas directas do primeiro e do segundo piar da PAC? Cobran 210 millóns de euros, dos que practicamente a metade van ás nosas ganderías de vacún de carne; é dicir, practicamente 100 millóns de euros. Pero é que, ademais, somos a comunidade autónoma que fixo en primeiro lugar o adianto da PAC para o ano 2021, o que supón nestes momentos unha inxección de 160 millóns de euros. Ademais dos sete millóns de euros —o vostede trasladou— nun momento de máxima urxencia, como era o da covid-19, quero trasladarlle tamén outras axudas directas que está percibindo o vacún de carne de Galicia: axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeira —máis de dous millóns de euros—; axudas para reposición de gando e compensacións complementarias —que suman case 300.000 euros—; indemnizacións por sacrificios obrigatorios —700.000 euros—; axudas ao fomento de razas autóctonas e as de realización de poxas de gando vacún para a súa comercialización —máis de 200.000 euros—; ou subvención ás primas de seguros dos nosos gandeiros ao 40 %. Eu penso que estamos a falar, por suposto, de axudas directas. Penso que, efectivamente —e disto deberiamos estar falando—, hai unha situación na que o prezo non está cubrindo os custos de produción. Temos que traballar para que —no período que sexa necesario— academos o obxectivo de que unha carne de extraordinaria calidade, como é a galega, estea correctamente retribuída no mercado, porque ese é o único futuro que ten o sector.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu remato xa pedíndolle, en resposta á súa interpelación, que se sumen á Consellería e ao sector no traballo da estratexia para garantir o futuro das nosas explotacións gandeiras, unha gandería que produce, señorías, carne dunha calidade recoñecida no mercado, carne de calidade extraordinaria e que, ademais, é garante e custodio do noso territorio, colaborando co seu esforzo a manter vivo o noso rural.

Eu onte estiven visitando unha explotación en Montederramo de 122 vacas que atenden 90 hectáreas. Se non estivesen traballadas por eles só habería abandono e incendios. Polo tanto, con todo isto, con todo este traballo conxunto —repito— fagamos Galicia rural, fagamos a Galicia do futuro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación económica do sector lácteo**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, presidente.

Conselleiro.

Dicía no principio do posicionamento da proposición non de lei que presentou a portavoz do Grupo Popular aquí nesta Cámara que no 2015 o aumento da produción láctea europea, a prórroga do embargo ruso, o descenso acusado nas exportacións a China e o final das cotas lácteas condicionaron e motivaron unha gran mobilización na que vostedes tiveron un papel claro. O seu silencio no conflito, a inacción, a introdución de elementos distorsionadores da unidade dos produtores naquela mobilización, lévanos a deducir que o Partido Popular se posicionou daquela do lado da industria e da distribución, facéndolles o traballo de debilitar as organizacións sindicais agrarias.

Feito este labor, a desculpa foi servida en Madrid e «M punto Rajoy» e a ministra Tejerina montaron na capital do imperio un sainete coa sinatura dun acordo lácteo que só contiña frases que nada solucionaban, nada vinculaban, que nin sequera eran intencións, que case ninguén asinou e que non se cumpriron. Foi unha puñalada polas costas, a desmobilización e todos cabreados —con perdón da palabra— e decepcionados para a casa.

¿En mans de quen está a transformación do produto lácteo, do mellor leite de España, dos mellores leites de Europa? ¿Pode durmir tranquilo o conselleiro dun goberno tan continuado no tempo que ten ao seu cargo un sector de capital importancia e que está sendo extorsionado por empresas transnacionais que representan precisamente a competencia en produción láctea?

E aquí, señor conselleiro, cómpre definirse. ¿Cal é o país de referencia? ¿Existe o país galego? ¿É a Xunta de Galicia o goberno lexítimo do país galego? ¿É lexítimo en termos políticos que

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a Xunta pule por facilitar unha intervención de capital galego na transformación e distribución do seu produto estrela, o leite? Porque, se non é así, se non hai país e o seu goberno non é tal, non sei que pintamos aquí setenta e cinco deputadas e deputados elixidos polo pobo dos galegos e das galegas. E se, pola contra, si hai país, terá que explicarnos por que esa oposición desa rancia dereita que representan contra a posibilidade dun grupo lácteo de capital maioritario galego, ¡de capital maioritario galego! Porque unha boa parte da industria da transformación que opera neste noso territorio está baixo control francés desde hai décadas, porque o Estado español é deficitario en leite, consome uns 10 millóns de litros anuais e só produce 7. E agora explíqueme alguén isto: a industria exporta —destes 7— 1,5, un terzo en leite e un terzo en manteiga. E a distribución importa 3 millóns de quilos de leite, 2 deles en forma de queixo.

¿Quen son a distribución? «Coñecerédelos polas súas obras» —di un libro vello que nalgún tempo foi sabedoría—. A distribución son aqueles fondos de investimento e oligopolios que venden ao consumidor o leite como produto reclamo e que non están dispostos a cumpriren esa lei primeira do mercado que lles dicía antes. Se os custos de produción aumentan, o prezo final debe incrementarse en igual ou maior contía. Pero non, estas corporacións de bandullos cheos son quen de extorsionar e de abafar ata a morte a todo un sector do que dependen milleiros de familias e bocas que alimentar. E venden a perdas. Está prohibido por lei, si. Pero eles están por riba da lei, ou iso cren porque algúns gobernos non teñen o valor dabondo para lles poñer couto. E así dispoñen a vontade do humano e do divino. Por certo, vostede ¿de que lado está?

O sector. O conto é serio, pois a suba de materias primas, como a soia, a colza ou a fariña de millo —que subiron un 50 % no último ano—, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola —que pasou de 55 a 85 céntimos— ou o recibo da luz —con incrementos de máis do 50 %—, están a reducir a escasa marxe coa que traballaban algunhas —non todas— explotacións leiteiras. Nun cálculo serio, estes elementos condicionan o 60 % dos custos de produción. E estes móvense nunha forquita de 30 a 40 céntimos, polo que, cun incremento dun 30 % destes custos, temos o litro de leite entre 5 e 8 céntimos máis caro. E non esquezamos que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galicia, que ve ameazada neste momento a súa viabilidade. ¿E agora que? ¿Como imos superar a desunión e o desánimo que vostedes provocaron e alimentaron nese intento de anular as organizacións sindicais agrarias? ¿Que terapia é a indicada?

E non nos negue esa evidencia. O desprezo que senten por elas está demostrado nos dezaoito anos sen renovar o Consello Agrario. ¿Que representatividade pode ter? ¿É que nese tempo non mudou nada no campo? ¡Dezaoito anos! Porque vostedes non teñen responsabilidade ningunha na situación crítica do sector. Vostedes apenas levan gobernando con plenas competencias o medio rural deste rural... ¿cantos anos?, ¿cantos? E, claro, as políticas de destrución e abandono premeditado non son da súa responsabilidade. O mundo comezou —todo o máis— no Bipartito. E vai ser que non. Ese foi un honroso paréntese de tres anos e medio. *(Aplausos.)*

E, daquela, ¿de quen é a responsabilidade das explotacións sen base territorial dabondo que agora descubriron?, ¿de quen as 200.000 hectáreas abandonadas ou infrautilizadas?; ¿de quen

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a ausencia de industria de transformación de capital propio?, ¿de quen as 704 masas de concentración parcelaria, 23.000 hectáreas, abandonadas á súa sorte?; ¿de quen as 50.000 hectáreas de terra de alta capacidade agrícola plantadas ilegalmente e consentidas polo seu goberno?; ¿de quen a diferenza de 3 céntimos/litro dun lado a outro do río Navia pagados pola mesma industria? Vostedes son culpables do camiño imparable cara ao intensivo e ás macrogranxas. Iso si, loando as pequenas e medianas explotacións familiares nunha operación de camuflaxe que xa non cola. Aumenta o tamaño das explotacións e diminúe o número de produtores. ¿Onde están as políticas de protección ás pequenas e medianas explotacións e a base territorial?

¿Quere xustificarnos, coa Lei de recuperación da terra agraria, que agora están dispostos —outra vez— a facer que fan? ¿Que fixeron nestes doce derradeiros anos co Banco de Terras —ferramenta que puideron utilizar e que tiveron aferrollada—? E agora vainos dicir que non teñen responsabilidade na cativa situación pola que atravesa o sector lácteo no seu elo máis feble, na produción.

Antes da Lei da cadea alimentaria —que na propaganda de recuperación a rancia dereita cre que lle pertence por cesión divina—, antes desa lei —que ¡vaia por Deus que lei!—, antes do 2009, deixamos ferramentas dabondo como para equilibrar a situación. ¿Recorda o que son as agrupacións de xestión empresarial? ¿As AXE? ¿Recorda para que servían? ¿Recorda os contratos homologados? ¿Sabe algo do Observatorio Lácteo? Porque é que realmente aquí parece ser que o Observatorio Lácteo é unha cousa que inventan vostedes agora. Pero iso estaba, iso funcionou ata o 2012. O que pasa é que vostedes, de repente..., ¡pum!, ¡desapareceu! Desapareceu por arte de maxia. Aquí todo desaparece e aparece por arte de maxia. E estaba a Mesa do Leite como foro de debate e negociación. Era tal a furia que traían vostedes que rebentaron todo e pasaron doce anos baleiros, en silencio, descansando do esforzo de desenvolvemento eucaliptizador. ¡De noxo político!

Pero agora entramos nunha nova era, a era Sánchez, e animáronse para xustificaren o non feito. E en Madrid, moi coñecedores eles da realidade do sector primario, deste curro do noroeste, sacaron a Lei da cadea alimentaria, que, a modo de nova constitución, establece o rimbombante precepto: «Nos contratos non se poderá pagar por baixo dos custos de produción». E ¿quen lle ha poñer o axóuxere ao gato? ¿Onde está o custo de produción? ¿Como se calcula? ¡Claro! É que entón estamos —como lle dicía— nunha nova constitución, un precepto moi bonito pero que non funciona, nin para o leite nin para a carne nin para o coello nin para nada. Non funciona para nada.

E así, nun primeiro momento, un primeiro estudo do Ministerio fixou os custos de produción en 36 céntimos/litro. Comezaron aí as presións pertinentes, que dobran a aqueles que non son firmes, a aqueles que non teñen claro a quen serven e a quen lle deben fidelidade, e deron como resultado un segundo estudo. Este, si, xa marcaba unha forquita de 30 a 45 céntimos. Así xa era outra cousa, un mínimo de 30 céntimos xa era aceptable. E aínda así non serviu —porque se paga o leite máis baixo nalgúns casos—. E aquí estamos, nun debate —digamos— técnico no que nin Madrid nin San Caetano se deciden a darlle solución. Pesan moito as multinacionais, señor conselleiro. Están vendidos, uns e outros. Dígame, señor conselleiro, que han facer, cal é a súa posición diante deste conflito. Porque algo han facer, ¿ou?

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós temos dúas propostas que figuran na emenda que fixemos á PNL que presentaron no seu grupo. Reactiven un mecanismo de intermediación no que vostedes lexitimamente sexan os árbitros, pero senten a distribución ¡eh!. Porque aquí a industria ten culpa, pero quen marca o camiño e quen marca a pauta é a distribución. Senten a distribución e póñanos que se miren uns aos outros e que falen entre eles. Despois presionen, porque vostedes teñen política, vostedes teñen unha maioría. *Son aquí el grupo mayoritario de la Cámara*. Utilicen esa maioría que lles dá a potencia suficiente como para dicirlle a quen se sente nesa mesa: ¡Eh!, hai que arar, porque o sector é todo un, ou debería ser todo un, segundo reza nisto que dicían produtores, empresarios..., aquilo *del municipio*, *del sindicato*, iso que a min me recordaba o Sindicato Vertical e que vostedes queren utilizar para substituír as organizacións sindicais.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor RIVAS CRUZ:** Pois ben, ese é o primeiro punto. E o segundo punto, no cal estamos de acordo, é presionar o Goberno central para que saque un mecanismo, para que valide un mecanismo, que sexa, iso si, vinculante e condicionante. Porque, se non, non vale de nada. Se non, o acordo lácteo —téñoo aquí, téñoo subliñado—, que foi asinado —repito— como puñalada trapeira final, nin se cumpriu nin anque se cumprise valería para nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Estamos outra vez aquí, como dicía, dobremente interpelado. E, logo da longa noite de pedra que veu despois do que trouxo o Bipartito que nos iluminou a todos, sempre a min me custa moito volver ao pasado. E o señor Rivas sempre nolo trae a colación. E conta, cunhas palabras extraordinarias e con ese ton que ten, unha serie de cuestións que é difícil albiscar no territorio de Galicia. Eu teño aquí unhas verbas escritas, pero é que falou de tantas cousas e trasladou tantas cuestións, que me gustaría, polo menos, trasladarlle tamén algo —e, se estivese o señor Seco, poderíallo dicir tamén a el—.

Neste caso, na Estratexia do sector lácteo, señorías, non tivemos que esperar a que os nosos fillos foran deputados para ter a estratexia, porque está aprobada e posta en marcha neste mesmo ano 2021. A estratexia, como non pode ser doutro xeito, falouse co sector, tamén con esas organizacións agrarias que di o señor Rivas que non existen, ou que as temos sen considerar. Por certo, están as dúas que existen no Consello Agrario. Logo dirame o señor Rivas que falta algunha delas afín ao Bloque Nacionalista Galego, pero son as que teñen a representatividade no sector. En concreto, Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego participaron na estratexia. E falamos entre todos e definimos unha serie de cuestións.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A min gustaríame saber cal é a forza que lle dá un capital dunha empresa de transformación que sexa exclusivamente galego. E eu non digo que non poida ser galego. Pero ¿cal é a forza? ¿Que fai? ¿En que a converte? ¿En algo extraordinario, en algo máxico que resolve todos os problemas?

Porque, fíxese, seguro que vostede leu a estratexia, señor Rivas. ¿Que di a estratexia en relación con isto? ¿Que queremos nós apoiar? Díganme vostedes, os deputados do Bloque Nacionalista Galego, no seu turno se non lles parece ben. Nós queremos que haxa industrias de transformación con participación, no capital social, de asociacións de gandeiros. ¿Que lles parece? A min dáme igual que veñan de Norteamérica, de Holanda ou de onde sexa, pero que teñan participación no capital os gandeiros galegos, que negocien con eles uns contratos a longo prazo e que, a partir de aí, cando haxa beneficios na transformación, eses beneficios tamén vaian, pola vía da distribución de dividendos, aos nosos gandeiros.

Xa sei que, cando falamos nestes termos de gandeiros, pois igual algún se alporiza. Porque eu falo de empresarios, eu quero que estean nas empresas de transformación. Iso si que me interesa, non a nacionalidade de quen está facendo a transformación. Porque, entre outras cousas, os que veñen aquí ¿sabe por que veñen? Porque aquí hai un leite extraordinario, de calidade superior. E, polo tanto, teñen que vir aquí a facer o negocio. Nós temos que tratar de que o valor engadido quede no territorio; polo tanto, nós apostamos pola participación accionarial dos gandeiros. É máis, na propia orde de transformación e comercialización imos recoller unha reserva de crédito para favorecer as industrias de transformación con participación dos gandeiros.

Falaba tamén o señor Rivas —por levar un pouco o debate ao que falou el— do tema do Banco de Terras. Eu téñolle que dicir que sabe vostede que comparto o instrumento, pero non comparto como o lexislaron no Bipartito. Nós pensamos que se pode mellorar, como, de feito, está moi mellorado na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Fala de macrogranxas e de que nós apoiamos as macrogranxas e as multinacionais, que ese é un dos mantras. Eu pensei que desterraramos os mantras no debate dos orzamentos —xa o falamos, que non saíu ningún mantra—. Pero véñennos outra vez coas macrogranxas. E ¿que son macrogranxas, señor Rivas? Defínamas vostede. Porque a media de vacas en muxidura en Galicia está en 42. É a metade da do resto do Estado. Eu falei con Agromuralla a semana pasada, señor Rivas, e tamén me reunín co vacún de leite. E alí debatemos longo e tendido sobre cal debería ser o tamaño ideal da granxa galega. De feito temos xa posto en marcha un estudo para determinar ese tamaño. Pois teremos que determinar onde está a rendibilidade das nosas explotacións para que, habendo xente no territorio, viva dignamente. ¿Ou queremos que viva de miserias? Entón digo: vai haber, seguro, un posible crecemento en número de vacas, pero non imos falar de macrogranxas. Claro, se me define macrogranxas e me di que unha granxa de 60 vacas en muxidura é unha macrogranxa —que é un punto 5, a media, de Galicia—, entón eu xa lle digo que apoio esas macrogranxas, simplemente para que o teña en conta.

E hai que ir un pouco á interpelación. Sacou vostede máis temas, e é bo debater. Gustaríame que no seu turno de réplica puidésemos debater sobre cuestións sen atención aos guións

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

predeterminados. Pero indo un pouco á súa interpelación, vostede fala no seu propio escrito de que o Goberno do Estado lava as mans logo de facer unha burla de lei da chamada Lei da cadea alimentaria. ¡Home!, eu estou de acordo con vostede. Nesta burla de lei —sobre todo na prohibición da venda a perdas— non lle serviu ningunha das propostas que fixo a Xunta de Galicia. E eu téñolle que dicir, señor Rivas, que xa non se pode botar atrás unha votación que se acaba de levar a cabo.

Pero dicir que a Conta Láctea non serve para acreditar o custo da produción significa descoñecer a Conta Láctea. Eu ofrézome tamén a falar, cando queiran vostedes, da Conta Láctea, porque tiven bastante que ver dende o punto de vista da súa configuración técnica no ámbito de que respecte estritamente a contabilidade, a lexislación contable española; e de que, como mecanismo, precisamente, que se puidese utilizar xuridicamente —e expliquéillelo a vostedes tamén— en caso de que houbese que ir á discusión coa distribución. Pero, ademais, a Conta Láctea fai outra cuestión importante —na miña opinión—, pois é unha aplicación homoxénea con regras iguais para todos os gandeiros. E, polo tanto, permítenos tamén defender que en Galicia temos mecanismos homoxéneos e mecanismos adaptados á normativa contable nacional para poder acreditar os custos de produción. A lei di que «os custos de produción se poderán acreditar por calquera medio de proba válido en dereito». E nós o que lle pediamos ao Goberno central a través dunha emenda no Senado —e que lle pedimos tamén á súa portavoz que a apoiase— era que nos permitise recoller explicitamente a Conta Láctea.

¿Pódese mellorar? Se vostede ten noticia dalgún defecto porque algún gandeiro afín lle está dicindo que non funciona ben a Conta Láctea, eu agradézolle que nolo traslade. Porque nós o que queremos é acertar e, dende logo, utilizar a Conta Láctea precisamente como mecanismo que acredite os custos de produción. Porque lle vou dicir unha cousa: este que está aquí falando cre firmemente na prohibición da venda a perdas e cre firmemente na necesidade de implementar controis a través da Axencia de Control da Calidade Alimentaria para comprobar que se están cumprindo eses requisitos. ¿Que temos que facer todos os que estamos aquí se queremos apoiar o sector? Falemos coas organizacións agrarias, falemos coas asociacións, pidámoslles a todos que empecen a meter os datos correctamente na Conta Láctea. Nós estamos traballando, mentres tanto, noutras funcionalidades da Conta Láctea; por exemplo, en que poida servir tamén para as declaracións fiscais dos nosos gandeiros.

A semana pasada eu estiven en Castela-León vendo precisamente os mecanismos que ten a consellería do medio rural daquela comunidade autónoma para, a través dos datos que veñan desa aplicación informática, poder incluso dicirlles aos gandeiros onde están funcionando mal dende o punto de vista dos custos, se teñen un mal contrato de enerxía eléctrica ou se teñen algunha outra cuestión que lles poida axudar no que se refire á eficiencia da xestión. Porque, señor Rivas —e isto probablemente é unha cuestión que nos diferencia claramente dende un punto de vista ideolóxico respecto do Bloque Nacionalista Galego—, nós cremos que os nosos gandeiros son empresarios e que teñen que ter esa capacidade empresarial. E hailles que falar, como lles falo eu —polo menos así o farei mentres sexa conselleiro—, de valor engadido, de rendibilidade, de custos de produción e de ser capaces de ter un mercado que lles permita ter —como digo— esa rendibilidade para vivir no rural.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, eu trasládolle que me parece ben a postura do Bloque no sentido de que a Lei da calidade alimentaria, na prohibición de venda a perdas, é papel mollado. Pero pedinlle que nos axudara precisamente a defender dende Galicia que puidésemos tratar de impedir que fose ese papel mollado. E trasládolle tamén —contestando á súa demanda co do Observatorio Lácteo— que me gustaría —aínda que eu non creo que cheguen ao Goberno e, dende logo, non quero que vostedes gobernen— velo a vostede, se é conselleiro do Medio Rural, reunido con distribución, con industria e gandeiros no Observatorio Lácteo, con esa presión que di vostede que ten e esa capacidade que ten vostede para convencelos de que lles paguen o leite ao prezo que lles corresponde. Entre outras cousas porque igual lle recordarían algunhas das manifestacións que está facendo agora nestas intervencións.

Pero, mire, ademais de trasladarlle que nós temos o Observatorio Lácteo agora mesmo en decreto, eu non sei por que lle parece mal que, aínda que o fixeran vostedes, agora o queiramos recuperar. ¿Iso é malo? Estámolo recuperando. Mentres estamos tramitando o Observatorio Lácteo pódolle dar razón a todo o Parlamento de Galicia de que levamos nos últimos tres meses máis de trinta reunións coa distribución, coa industria e cos gandeiros. E estámoslles trasladando, sobre todo á distribución, que hai que sensibilizar o consumidor final respecto de que o leite é un produto de extraordinaria calidade, que o *tetra brik* recolle moito máis que un líquido, recolle custodia do territorio, recolle benestar animal, recolle seguridade alimentaria, recolle loita contra o despoboamento e recolle, dende logo, prevención contra os incendios forestais.

E ese traballo de concienciación temos que conseguir que logo repercuta en todos os elos da cadea de valor, que vaia o valor engadido cara abaixo ata chegar ao elo máis feble da cadea, que é o gandeiro. E para iso a ferramenta fundamental —e por iso lle volvo pedir apoio nese sentido e que sigamos tocando contra quen realmente ten a capacidade de lexislación e transposición da directiva, que é o Goberno central— é a prohibición da venda a perdas. É a ferramenta que teñen os nosos gandeiros. E eu sigo comprometéndome para que, a través de ferramentas informáticas como a que puxemos enriba da mesa e o reforzo dos controis, sexamos capaces de evitar que a prohibición da venda a perdas quede en papel mollado. Polo tanto, eu pídolle que apoiemos nesa liña o noso sector gandeiro.

Máis nada e moitas grazas polo de agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica do señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, son moitas cousas.

Mire, non é malo a recuperación do Observatorio. O que ten delito é reclamalo por medio dun futuro decreto coma se nada ocorrese no anterior. O problema de vostedes é ese. O pro-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blema de vostedes é que son responsables das políticas que se operaron neste país, excepto tres anos e medio de paréntese e outros tres, ou dous —paréceme que foron—, canda o goberno de González Laxe. Do resto son responsables vostedes, das políticas e do estado no que está o sector e no que está o medio rural. E iso non o poden evitar, ou non deberían evitalo.

Miren, faise imprescindible que sexan serios e que vaian de fronte, e que lles chamen ás cousas polo seu nome. Se están a favor do sector lácteo galego, demóstreno usando esa maioría da que tanto presumen. Intermedien, preman, senten a distribución e acondiciónena para que faga as subas precisas no prezo final. A venda a perdas está prohibida, como lle dixen e como dixo vostede tamén. Mire, ¿por que non sabemos nada dos prezos de cesión da industria á distribución? ¡Diso non se sabe nada! Mentres non saibamos a estrutura destes prezos, como se conforma o prezo final e todo o seu proceso, non poderemos botar luz sobre o asunto.

Non debemos esquecer que o leite é dieteticamente un elemento de difícil substitución para a alimentación humana por ser unha fonte de calcio de fácil absorción —das poucas—. Por tanto, aquí temos un futuro asegurado se vostedes son firmes; é dicir, se vostedes velan por que a produción de leite sexa lóxica. ¿Que é unha produción de leite lóxica? Pois é o contrario das macrogranxas. Claro, unha macrogranxa é un enxeño que opera e que produce leite, carne ou outra cousa sen contar con base territorial, sen contar coa contorna e sen contar coa produción propia. E iso en Galicia era fácil de facer, o que pasa é que —como lle dicía antes— as políticas que vostedes operaron camiñan para as macrogranxas, para a intensificación. E iso é unha macrogranxa. Pode haber unha macrogranxa de 60 vacas nun sitio que soamente ten dúas hectáreas de terreo para traballar e pode haber unha macrogranxa de 400 vacas con 400 hectáreas. E unha de 300 hectáreas igual non é unha macrogranxa. ¿Entendido? Aquí do que falamos é de inserción desas explotacións no territorio e sobre todo da capacidade de crear emprego, vida, dinamismo económico e de crear valor engadido. E diso é do que deberiamos falar dunha vez.

Veñen aquí as industrias, claro, porque hai un leite extraordinario, ese leite extraordinario tanto en graxa como en proteína. Si, ¿e como nos tratan? Bueno, e tamén extraordinario en calidade bacteriolóxica e en sanidade. ¿Como nos tratan? Coma se fósemos Quenia. ¡Claro!, ¿por que? Porque din o prezo que hai que pagar. E ademais págannos o prezo máis baixo de todo o Estado, ¡de todo o Estado! O prezo máis baixo salvo honrosas excepcións.

Claro, son moitas cousas as que toquei, porque, señor conselleiro, vostede sabe que o sector lácteo e o rural son un tema complexo. Xa sei que non sae nos periódicos, xa sei que estamos aí apartados porque non interesa. *La sociedad evoluciona de otra manera*. Pero estamos aí e deberiamos ser a base dunha soberanía alimentaria, que vostedes negan porque a palabra «soberanía» lles produce arrebullos.

Mire Irlanda. ¿Falamos un pouquichiño de Irlanda? O segredo de que Irlanda teña hoxe a renda máis alta de Europa radica na boa gobernanza. Ten un goberno de dereitas —continuado de dereitas—. Claro, pero con concepto de país —e aí volvo outra vez—. Gobernou para o país, primeiro investiu fortemente en formación —con moita contestación social,

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡eh!, «¿a onde van estes?»—. Investiu fortemente en formación, fixo do rural un orgullo de país, e arredor do leite crearon industria. Pero tomárono como un todo: produción de leite e industria. E hoxe teñen produtos de alto valor engadido, como o leite maternizado para crianzas. E aquí é onde se meteron os cartos de Europa.

O que non é permitido en política é non ser responsable das medidas aplicadas no pasado e das súas consecuencias. Señor conselleiro, sempre terá o BNG ao lado de vostede se toma as medidas pertinentes en serio, as medidas pertinentes para levantar o sector lácteo deste país, para tratalo como debe ser, non para políticas que estean en contra; ou que fagan mutis polo foro e non estean presentes alí onde teñen que estar, presionando e xogándose, por suposto, a reelección. Posiblemente, si, claro, se esas grandes industrias e eses grandes grupos lles sacan o apoio financeiro e moral, pois posiblemente vostedes non ganen, pero terían contribuído ao benestar do país e terían iso que non lles gusta, ese patriotismo que non é nin máis nin menos que velar polos que están cerca...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CRUZ RIVAS:** ...polos que son da nosa mesma condición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación polo conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Vou comezar polo final da súa intervención. O demais escóitoo moitas veces aquí, escóitano os nosos compañeiros do Partido Popular. Di: «Sempre terán ao carón o BNG para facer política de país». Dígame entón por que votar en contra da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. ¡Dígamo! E hoxe, nesta PNL, ¿por que se abstiveron?, ¿porque ten defectos a conta láctea? Pois traballemos para que non os teña. Pero ¿non é bo para os gandeiros galegos, señor Rivas —e o Bloque Nacionalista Galego di que fai política de país—, que dende Galicia haxa un instrumento que acredite os custos de produción para poder poñer de forma efectiva en funcionamento a prohibición da venda a perdas? ¿É bo ou non é bo? ¡Pois votemos a favor! ¿Non podemos coller entre todos e presentar esas mocións, e facer forza e convencer tamén o Partido Socialista —como eu lles pedín en carta aos seus voceiros— para que se faga esa modificación? ¿Que máis dá que presente a emenda o Partido Popular no Senado? Se a presentasen vostedes, nos apoiariamos esa emenda, porque sería boa para o país. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, señora Rodil, tamén lle escoito moitas veces esas boas palabras, pero, despois, cando se ten que facer política de país, se vén do PP, non! Ese é o único criterio. *(Aplausos.)* Señorías, se vén do PP, non. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu de verdade que fago o esforzo por entendelo, á parte de que me gusta escoitalo, señor Rivas —xa o sabe—. Pero fago o esforzo por encontrar esa vontade de chegar a acordos en cuestións importantes para o noso rural.

Eu, cando escoito nun parlamento —se me permite, señor Puy, xa que vostede tamén ten que ver con isto da competencia— que usando a maioría parlamentaria podemos presionar e impoñer prezos á industria e á distribución, é que se me poñen os pelos máis de punta do que os levo. E diríalle, señor Rivas, que, como mínimo, necesitan unha maioría en Galicia suficiente para cambiar a normativa comunitaria de competencia —porque isto non vai nin sequera do Estado español—. E xa sei que non teñen moita preocupación con que sexa o Estado español ou o Goberno europeo, porque dirán que hai que irse de Europa. Por certo, antes, cando lle dicía o dos douscentos millóns de euros en axudas directas —210 que temos da PAC—, xa sabe de onde veñen. Polo tanto, igual non lle parece moi ben que falemos destas cousas.

Eu pídolle mesura nesas afirmacións, ¡home! Sobre todo pídolle que sexamos conscientes de a onde podemos chegar. Nós non podemos impoñer prezos a ninguén por normas de competencia. Nós podemos reunirnos e podemos trasladar a necesidade de que se valorice o produto.

Falaba vostede tamén de que temos un sector co futuro asegurado. Si, aí coincidimos totalmente. Temos un leite extraordinario e podemos presumir del en calquera sitio, non só por cantidade senón que tamén pola calidade. ¿E vostede pensa que non está asegurando o futuro que veña xente de Guadalaxara a facer aquí o leite con InLeit? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, váialles preguntar aos gandeiros que se están cambiando a InLeit se teñen algún problema co prezo, señor Rivas.

Aquí o que hai é a necesidade de concienciar a distribución ou o consumidor final de que o leite é un produto extraordinario, e que a distribución poida levar á industria ese maior prezo e que a industria, por suposto, llelo achegue aos gandeiros.

E volvo repetir, para que quede clara a miña posición, que a ferramenta fundamental —e non foi fácil metela na Lei da cadea alimentaria— é a prohibición da venda a perdas se efectivamente se aplica. Porque, como lle dixen eu, e como o temos explicado, está posta alí para que quede en papel mollado. Por iso nós quixemos reforzar os mecanismos que permitisen que se cumprise a prohibición da venda a perdas. Pero tamén lle digo que algo faremos en Galicia, que xa estamos traballando nese sentido. Queriamos que houbese sensibilidade. Nós fomos por terra, mar e aire, porque fomos con chamadas telefónicas, fomos con cartas, fomos con mocións, fomos con propostas aos voceiros para que nos puidesen axudar. Pero, aínda que non recolleron as nosas peticións, estamos traballando. Porque, como lle digo eu ao ministro, seremos pequenos noutras cousas, pero no leite somos o 40 % do territorio nacional e, polo tanto, algo de atención lle hai que prestar a Galicia.

Gustoume moito, señorías, o da macrogranxa. Pode ser que unha de sesenta sexa macrogranxa e unha de catrocentos, non. Imos ter que seguir, en futuros debates, elaborando esa definición de macrogranxa. Pero é que aquí non hai granxas sen base territorial, señor Rivas.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Onde as teñen? ¿En vacún de leite? Tráiame vostede os exemplos. Aquí o que hai son granxas que necesitan máis base territorial. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, está totalmente definido na Estratexia do sector lácteo e na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que na súa propia exposición de motivos di que a súa prioridade é recuperar base territorial ao redor das instalacións das nosas explotacións.

Pode seguir co mantra de que a Lei de recuperación é para eucaliptizar Galicia e que é para grandes multinacionais, señor Rivas. A Lei de recuperación ¿sabe quen a está comprando? A xente dos pueblos —xa llo dixen o outro día no debate dos orzamentos—, cando imos falar con eles a aldeas modelo e a polígonos agrogandeiros e lles explicamos o que queremos facer, cando lles dicimos que lle damos seguridade xurídica ao propietario, que queremos que venda ou arrende— mellor que arrende para que teña unha renda adicional pola súa terra—, cando lles dicimos que teñen que ceder o uso fundamentalmente aos nosos gandeiros e agricultores que demandan esa base territorial —que o sabemos porque fixemos unha «manifestación de interese»—, ¿sabe o que nos din?, ¿sabe o que nos din?: «Onde teño que firmar, que eu quero que isto se poña a traballar canto antes».

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Foi un interesante debate. E tamén eu quería dicir que dúas ou tres racións diarias de leite e produtos lácteos é o que recomendan os nutricionistas, sobre todo do noso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é o que recomendan.

Grazas e ata as catro da tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

***Alteración da orde do día.***

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos a sesión cunha alteración da orde do día. Adiantamos a formulación dunha pregunta ao Goberno, a pregunta de dona Patricia Otero Rodríguez.

**Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Benvida, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe, dende este grupo parlamentario, vémonos na obriga de formularlle esta pregunta ante a falla de transparencia e a opacidade coa que a súa consellería, coa que Sogama e tamén coa que o Concello de Riotorto están a tratar a ubicación da nova planta de residuos que tería que dar servizo non só ao concello de Riotorto senón, ademais, en principio, aos concellos de Pol, Meira, A Pontenova, A Pastoriza e Ribeira de Piquín. Xa que vostede non fala con estes concellos e tampouco coa veciñanza da contorna, é polo que hoxe imos intentar coñecer cales son os motivos que xustifican o empeño da Xunta de Galicia en instalar esta planta de residuos no concello de Riotorto a pesar da oposición social e tamén a institucional amosada.

Esta veciñanza, como vostede ben sabe, manifestouse o pasado 27 de setembro cando vostede mesma presentaba ese proxecto na parroquia de Aldurfe. Estes veciños e veciñas presionaron para que vostedes recuaran na súa decisión de instalar nesta parroquia esta planta de residuos, xa que o proxecto afectaba as súas explotacións gandeiras —porque pretendían ubicalo en pleno núcleo gandeiro desta parroquia de Aldurfe— e, ademais, tamén afectaban as súas vivendas Pero vostedes seguen a insistir no seu emprazamento no concello de Riotorto.

Os alcaldes da contorna, aos que tamén debe prestar servizo esta nova planta de residuos, amosaron tamén o seu rexeitamento, xa que este emprazamento encarecería notablemente os custos desta nova dotación. Enviáronlle unha carta, señora conselleira, para coñecer por que a Xunta de Galicia considera que esta é a mellor ubicación. Pero ¿que obtiveron? A calada por resposta.

Os alcaldes de Meira, Pol, A Pastoriza, Ribeira de Pequín e A Pontenova ofrecen unha alternativa máis viable para ubicar esta nova planta de residuos, e este é o punto limpo Serra de Meira, en Xuncás, A Pastoriza, que xa conta con infraestruturas, —auga, luz e accesos— e, polo tanto, non se partiría de cero, como no caso no que vostedes insisten, no concello de Riotorto. Habería que ampliar estas instalacións, non empezar de cero e tampouco afectaría as explotacións gandeiras nin tampouco á veciñanza da contorna. Polo tanto, a ubicación en Riotorto ten moito máis custo económico, tamén maiores custos de desprazamento para estes concellos —porque, como vostede sabe, hai maior distancia e iso encarecería tamén o desprazamento cos residuos—, e, polo tanto, estes alcaldes ofrécenlles outra instalación, ao que vostedes, de novo, dan a calada por resposta.

Polo tanto, nós hoxe insistimos. ¿Cal ou cales son os motivos que xustifican que a Xunta de Galicia queira instalar esta nova planta de residuos no concello de Riotorto?

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moi boa tarde.

Señora Otero, mellor contextualizamos para despois ir ao concreto, se lle parece ben.

Levamos anos, e sábeo vostede, para optimizar todos os recursos a través dos servizos de recollida de residuos urbanos e así impulsar unha economía circular. E optimizar os recursos supón mapear o territorio e, a partir de aí, conquerir o que aínda ningunha comunidade autónoma conseguiu, que é telo totalmente vertebrado de maneira que no ano 2022 teñamos as plantas de biorresiduos necesarias para que os concellos poidan implantar o seu quinto contedor e, polo tanto, facer o tratamento do biorresiduo. E para iso, estamos traballando e axudando os concellos, a todos os concellos, señora Otero. Non hai cor nin nada que se lle pareza. ¡A todos os concellos!

Temos un obxectivo por diante, un obxectivo que nos marca a Unión Europea, pero tamén un obxectivo que é imposible cumprir —e do que vostede e o seu equipo deberían estar moi preocupados—, que é que queren obrigar en menos de ano e medio a todos os concellos galegos, aos do PSOE pero tamén aos do resto das siglas, a ter implantado o quinto contedor. E iso si que é preocupante.

¿Que estamos facendo dende a Consellería de Medio Ambiente? Pois as mellores solucións —solucións técnicas, sociais, económicas e medioambientais—. E para iso deseñamos a Estratexia galega de biorresiduos 2022-2023, unha estratexia que cofinanciamos e que chegamos a dotala de 60 millóns de euros.

Como ben sabe, a 31 de decembro os concellos teñen que ter implantado o contedor marrón, algo que, por suposto, imos conseguir, sempre e cando o Goberno central, o ministerio correspondente, recúe, dea marcha atrás —como acaba de facer agora coa estratexia do lobo—, e que, polo tanto, os prazos sexan capaces de cumprilos os concellos. Trátase, como sabe vostede, dunha competencia dos concellos —a da recollida de residuos e biorresiduos—. Aínda así, a Xunta de Galicia está ao seu carón, porque isto é estar ao carón dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Levamos a cabo un estudo técnico para deseñar unha rede de infraestruturas. Ningún concello vai estar a máis de 50 quilómetros dunha planta de transferencia ou dunha planta de biorresiduos. E o que queremos alcanzar, o obxectivo que nos marcamos, é ter compost de calidade certificado. Para iso deseñamos catro plantas de biorresiduos, unha por provincia. E dígoo para que vaia vendo vostede o signo político e así ver se falamos ou non falamos cos concellos. Cerceda, Vilanova de Arousa, Verín e Cervo están licitadas, outras están xa adxudicadas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...e hai trece plantas de transferencia, das cales lle dou agora a ubicación. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Pois ímonos tamén sen esa resposta. Nós intentabamos, de novo, coñecer cales eran os motivos de por que a Xunta de Galicia está empecinada en implantar esa nova planta de residuos no concello de Riotorto cando hai outras opcións máis viables, pero vostede de novo dá a calada por resposta. Por certo, como xa nos teñen moi acostumados, todo é botar balóns fóra e falar do Goberno central. Pero, señora conselleira, recuar, recuaron vostedes ante a presión social dos veciños e das veciñas de Aldurfe, que lle dixeron: Alí non queremos esta planta de residuos. *(Aplausos.)* Porque estaba ao carón das súas explotacións gandeiras e tamén a carón das súas casas. Polo tanto, recuar, recuou a Xunta de Galicia.

Como vostede dicía, mellor imos contextualizar para despois ir ao máis concreto. Pois, miren, contextualizamos. Son moitas, moitísimas, as críticas ao modelo de xestión de residuos de Sogama. E esta —indo ao concreto— é unha máis —esta crítica que lle fan os veciños e as veciñas por instalar esa planta de residuos onde pretendían instalala—.

Dende logo, lamentamos a falla de diálogo da súa consellería nun tema tan importante como a xestión dos nosos residuos. Onde hai, en principio, seis concellos afectados, dende o sectarismo político habitual do Partido Popular lamentablemente só escoitan o único concello onde goberna o seu partido. O único que escoitan é o concello de Riotorto.

Eu o que lle pido dende esta bancada, señora conselleira, é que escoiten, que escoiten a veciñanza da contorna, que escoiten tamén os alcaldes da contorna e que entre todos falen —porque é o momento de falar e de que tamén escoiten e non adopten decisións de costas aos veciños, que despois o resultado é o que é—. Falen cos veciños, falen cos alcaldes, para buscar o mellor emprazamento para esta nova planta de residuos, e non sigan a facer as cousas *per se* e como queren. Despois están aí eses resultados...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...con esa oposición veciñal que vostede tanto coñece.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Cos veciños o que houbo foi consenso e diálogo, tanto por parte do Concello como por parte desta consellería. Eu estaba presente e vostede non, co cal saberei eu un pouco máis do que alí aconteceu ca vostede. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero voulle dar nomes das trece plantas de transferencia que temos agora, que unhas hai que modernizalas e outras son novas: Ponteceso, Cee, Vigo, O Porriño, Lugo, Ourense, Silleda, Narón... Podiamos seguir falando. Dígoo por aquilo de que quere vostede enmascarar que as cousas non se fan tecnicamente. Pois si, fanse tecnicamente. Dá igual a cor. O único que queremos é o bo servizo para Galicia.

Polo tanto, nesa liña é na que imos seguir. E, das trece plantas de transferencia, cinco son microplantas que deben ser melloradas para acoller os biorresiduos —por exemplo Ponteceso ou Curtis, que puideron seguir no mesmo emprazamento— e hai outras que non poden seguir no mesmo emprazamento simplemente porque tecnicamente é inviable —A Lama, por exemplo, ou A Cañiza, pois máis do mesmo—. E en Riotorto a planta que ten que dar servizo non ten as dimensións suficientes para acometer esa ampliación e, polo tanto, hai que buscar outra ubicación. E niso estamos. Non se preocupe que niso estamos. Imos facelo ben. Ningún concello vai estar a máis de 50 quilómetros dunha planta. E ocorre todo o contrario que di vostede. Non se incrementan os custos, o que estamos facendo é minorarlles os custos. Porque, de non ter implantada esa mellora nesta planta, terían que vir, por exemplo, a Cerceda, ou terían que ir a Lugo —onde tamén a imos ampliar—.

Polo tanto, non distorsione vostede o discurso. Aquí estamos para minorar os custos e, por outro lado, para ser quen de que esa materia que ten que ir a un quinto contedor sexamos capaces de implantala.

Estea segura de que o diálogo existe, de que se fala cos concellos —cos cales hai que falar—. E a partir de aí a implantación será real e teremos tanto as plantas de biorresiduos como as plantas de transferencia, todas, para empezar o seu funcionamento a finais do ano 2022.

E con iso o que conseguimos é menor prezo para que paguen os veciños e, o máis importante, menos impostos. E eu si que lle pediría a vostede que estivese preocupada por como se van gravar os impostos de todos os galegos e as galegas, pois non só con ese catastrazo, que tamén é bo que se vaia vendo nos núcleos rurais, senón coa implantación dun novo imposto á tonelada de residuo, que non o vai pagar nin un nin dous, senón que van ser...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...todos os veciños de Riotorto e dos concellos... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

Grazas.

Retomamos a orde do día e volvemos ás interpelacións.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** «A escola actúa como un axente desgaleguizador. É un ambiente hostil, non proporciona aos rapaces e rapazas galegofalantes o ambiente adecuado para desenvolveren as súas competencias na súa lingua propia, senón que provoca a súa retracción» —Enrique Monteagudo, secretario e coordinador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega—. *(Aplausos.)*

Un de cada catro nenos menores de 15 anos, o 23,9 %, declara non saber falar galego. E máis do 50 % de estudantes de secundaria declara non sentirse cómodo á hora de expresarse en galego.

Informes da Real Academia Galega *(O señor Lourenzo Sobral mostra un documento.)*: «O Goberno galego está fallando de maneira persistente á hora de implementar a Carta europea das linguas minoritarias e rexionais. Isto é algo que todos os estudos sociolingüísticos amosan, que o uso do galego cae de xeito significativo» —Davyth Hicks, secretario xeral da Rede europea para a igualdade das linguas (ELEN)—. (*Aplausos.*)

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vostede sabe coma min que hoxe poderiamos adicar toda esta intervención a traer declaracións coma estas, mais a nosa intención, o que nós pretendiamos, non é senón poñer de manifesto que o consenso lingüístico que tratamos de propoñer para o ensino con esta intervención non é a necesidade dun novo marco normativo para o galego, non é algo que traia hoxe exclusivamente o BNG a este Parlamento; é algo que teñen avalado —aínda en declaracións moi recentes nestes días—, por exemplo, organismos como a Real Academia Galega, universidades públicas galegas, a UNESCO, o Consello de Europa, a Rede europea para a igualdade das linguas, o Consello da Cultura Galega, o Instituto da Lingua Galega...; é dicir, toda a comunidade sociolingüística académica e educativa. (*Aplausos.*) Propostas de bases incluídas están hoxe, señor conselleiro, nun consenso lingüístico que está amparado en tres piares principais: primeiro, dereitos lingüísticos para o alumnado galego; segundo, normalización do idioma propio; e, terceiro, señor conselleiro, derrogación do «decreto da vergoña». (*Aplausos.*)

Por iso, o que aquí queremos dirimir é se a Xunta, se a Administración, que ten encomendado por lei protexer e fomentar a lingua galega, e se vostede vén aquí aclarar se vai estar a carón da ciencia, se vai estar a carón da universidade, se vai estar co Consello da Cultura Galega e se vai estar coa UNESCO, ou se vai seguir alienado e *alineado* co negacionismo, co supremacismo e coa galegofobia. *(Aplausos.)*

E isto, se fose un deputado do BNG quen llo viñese dicir, pois entendo que para vostede tería unha importancia relativa, mais o problema é que isto é algo que vén declarar alguén como

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o presidente da Real Academia Galega estes días, cando sinalaba que, nunha referencia ao presidente da Xunta, o señor Feijóo, dicía: «Isto fixéstelo por contentar a algúns, ¿non?» —referido ao decreto da vergoña—.

Señor conselleiro, vostede sabe ben quen son eses «algúns», ¿non si? A pregunta que lle fago é se paga a pena poñer contra as cordas unha lingua milenaria para contentar eses «algúns» por un cativo e miserábel interese electoral. *(Aplausos.)* ¿Paga a pena poñerse de perfil ante a peor sangría de falantes da nosa historia para contentar eses «algúns» que non son senón o negacionismo, o supremacismo e a ultradereita?

Polo tanto, nós a reflexión que lle propoñemos é algo moi sinxelo, fíxese: «A psicoloxía social» —en terminoloxía de O'Shea— «define o negacionismo como o rexeitamento a aceptar unha realidade empiricamente verificábel e a fuxir do consenso científico en aras de ideas interesadas, infundadas ou controvertidas». Nós non poñemos nin quitamos unha coma, señor conselleiro; o que lle poñemos é o espello, señor Rodríguez. Vexamos o que di a ciencia, vexamos o que di o mundo académico e vexamos cal é a resposta do Partido Popular. Empecemos, se lle parece.

Informes da Real Academia Galega —os máis recentes, mais tamén algún outro—: Mapa sociolingüístico escolar e Informe da avaliación da competencia lingüística. ¿Que sinalan estes informes? Hoxe por hoxe temos unha perda do 11,5 % de falantes iniciais no primeiro contacto co ámbito escolar; 1 de cada 10 nenos que entra na escola sendo galegofalante deixa de selo xa en educación infantil. Secundaria —non o digo eu, dío a Real Academia Galega, por se suscita algún tipo de dúbida—, en ámbitos urbanos e periurbanos, só o 11 % do alumnado é galegofalante, outro 11 %, bilingüe, fronte a un 77 % de falantes habituais de castelán, maioritariamente monolingües. Traducido, señor conselleiro: de cada 10 nenos das vilas e cidades deste país, un fala galego, outro é bilingüe e oito falan español.

Terceiro dato que achegan estes informes, señor conselleiro: o 40 % dos centros infantís das cidades non empregan nunca a lingua galega e case o 80 % empregan maioritariamente o castelán.

E ante isto, señor Rodríguez, ante esta análise da Real Academia Galega —a principal autoridade lingüística dun país, que entendemos debería merecer unha reflexión por parte da súa consellería—, ¿cal é a resposta da Consellería de Educación? «O ensino está cumprindo a súa función coa lingua galega». Román Rodríguez, conselleiro de Educación, abril do ano 2021.

E a pregunta que lle facemos, señor conselleiro, ante os datos da Real Academia Galega, ante datos da Xunta, é: ¿é ou non é o seu negacionismo, señor Rodríguez? ¿Están vostedes nunha sorte de terraplanismo lingüístico ou están coa ciencia e coa academia? E, fíxese, non é algo que digamos nós, é algo que di, unha vez máis, o propio presidente da Real Academia Galega. Fíxese: «Dende a RAG achegamos o coñecemento profundo da situación do idioma, baseado en datos e análises rigorosas, pero os datos que manexan eles» —este «eles» son vostedes, señores do Partido Popular, señores da Xunta de Galiza— «non sei de onde os sacan». Isto é o que está a dicir o presidente da Real Academia Galega: «Os nosos estudos están avalados

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polas tres universidades galegas: Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, polo Instituto da Lingua Galega e polo Consello da Cultura Galega. Todos dicimos o mesmo; todos, agás a Secretaría Xeral de Política Lingüística». *(Aplausos.)*

Señor Rodríguez, ¿non lle dá vergoña que o presidente da Real Academia Galega teña que facer estas declaracións? Pero é que outro tanto acontece se imos ao que di o Consello de Europa: «A presenza do galego é insuficiente no ensino. Hai que eliminar as limitacións á docencia do galego e derrogar o decreto». ¿Que di a Xunta de Galiza?: «O problema non é a escola. Este problema prodúcese na escola como se pode producir nun campamento de verán.» Román Rodríguez, novembro do 2021. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Xa non vou entrar na frivolidade destas declaracións, pero a min o que si me gustaría que nos aclarasen, señor Rodríguez, señores do Partido Popular, é se a vostedes lles aconteceu como ao señor Pablo Casado, que se meteron, sen decatarse, nunha homilía franquista. *(Aplausos.)*

Sigamos cos datos, señores do Partido Popular: IGE, Instituto Galego de Estatística, porque, ademais, é unha referencia que vostede emprega de maneira habitual. ¿Que nos está a dicir o IGE? Que o 24 % dos nenos menores de 15 anos non sabe falar galego —Instituto Galego de Estatística—. Eu non deixo de preguntarme onde se estarían a escoitar os bramidos da dereita se esta situación fose á inversa. Datos do IGE: «Na actualidade, só 2 de cada 10 nenos aprende a falar galego na infancia».

Estes, señor Rodríguez, son os datos que está a trasladar o propio Instituto Galego de Estatística. E o que vostedes, en linguaxe terraplanista, dan en chamar «o galego está a reforzarse como lingua maioritaria de Galiza» —Román Rodríguez, novembro de 2021—, en sociolingüística, teño que dicirllo, señor Rodríguez, ten un nome moi claro, científico e académico, chámase «proceso de substitución lingüística», e é ao que vostedes e o seu goberno están contribuíndo coa nosa lingua. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Rodríguez, o que queremos traer con esta interpelación —despois, na réplica, teremos ocasión de avaliar e de afondar, se se presta, nalgúns destes datos— é se vostedes van seguir instalados no negacionismo, no autoodio e no sometemento a uns mandados de Madrid, que amosan con absoluta clarividencia que se o señor Pablo Casado ou se a señora Ayuso lles mandasen a vostedes saltar como masais, vostedes saltarían como masais, e se iso implica que se leven unha lingua milenaria e que a acurralen ata as cordas, non van ter nin o máis mínimo reparo.

Eu por iso quería aproveitar esta primeira intervención para rematar con algunha das lembranzas que se fixeron, cun fragmentiño dun texto de Darío Xoán Cabana, porque estou convencido que compartiría boa parte das valoracións que se están a facer a respecto da lingua galega. E o poema é «O lobo», que está musicado, ademais, por algún dos compañeiros que aquí temos. Dicía: «*E os ríos cantaron a coro/ un canto nunca cantado/ o horizonte abriuse en cantiga/ por un claro navallazo,/ e o ceo foi outra vez/ un ceo azul e mais branco*». Nesas andamos, Darío Xoán, coa lingua, e procurando que este país...,

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...antes que despois, recupere ese ceo azul e mais branco. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lorenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos, señorías.

A verdade, señor Lourenzo, que comeza a tarde con moita enerxía. Vese moi enerxético, a verdade. Pero hai unha verdade que tamén é certa: os seus argumentos escoitáronse nesta Cámara centos de veces. Son absolutamente repetitivos. A única novidade que vostede introduce hoxe é facer referencias á señora Ayuso. Creo que é a gran novidade que nos plantexa, porque, sen dúbida, o tema da lingua, da pretendida politización da lingua que vostedes fan, é un dos temas máis recorrentes do BNG.

Falaba vostede —o cal non deixa de ser curioso— de intentar fomentar un consenso lingüístico. Vindo do BNG, iso é como se metemos un pirómano no servizo contraindencios, absolutamente igual. *(Aplausos.)* Eu levo nesta Cámara algún tempo como deputado e como conselleiro e lembro que no ano 2013, cando se ofreceu un consenso lingüístico, nun momento de tensión, a resposta do BNG foi: calquera cousa, menos consenso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Co cal, realmente, eu recoñezo que son vostedes perseverantes, que teñen constancia, que teñen capacidade de escoitar a sociedade, que se dan conta de que a sociedade, os galegos, estamos absolutamente obsesionados polo monolingüismo, como están vostedes, absolutamente, e creo que a súa obsesión nesta Cámara suscita moitos aplausos da súa bancada, xera moita cohesión dentro da súa formación política, pero hai que dicir que na rúa predomina a normalidade, predomina a cordialidade e predomina o espírito da nosa cultura e do que somos os galegos: persoas que falamos maiormente en galego, con absoluta normalidade, e en castelán, porque temos dúas linguas. E usámolas en absoluta liberdade, e non as usamos nin con negacionismo, nin estamos alienados... Non sei de onde saca vostede iso; do seu imaxinario, do seu particular catecismo político. Non, non é iso.

Non hai moito, nesta mesma Cámara, creo que foi en maio, hai uns meses, vostedes presentaron unha interpelación practicamente semellante, por iso insisto en que é moi loable a súa constancia. Pero ¿dende aquelas a hoxe que pasou? Dende aquelas a hoxe vostedes están falando dun discurso de ensancharse, de chegar ás bases, de acertar, de acertar coas preocupacións da cidadanía, coa educación, coa sanidade, co emprego..., con todo iso. Pero,

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con todo, hai que recoñecer que o que realmente os cohesiona son os temas absolutamente monolíticos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é, digamos, a súa dobre arma: din unha cousa, pero despois os feitos déixanos quedar en evidencia. Vostedes teñen dúas armas laicas —se se me permite—: unha, a do discurso xeral; pero despois, na práctica e nos feitos, realmente seguen cunha postura absolutamente monolítica, pechada e a de sempre. A verdade é que, plantexando o uso das linguas en clave de conflito ou en clave absolutamente política, realmente non van acertar co que pensan os cidadáns, que é o que vostedes din que queren facer.

O seu discurso, que está onda sempre, basicamente baséase en que hai que suprimir o Decreto do plurilingüismo e utilizar a escola cunha perspectiva absolutamente monolingue, pensando que a escola ten a capacidade de modificar os comportamentos cotiáns e cuestións tan íntimas das persoas como é usar unha lingua ou outra en absoluta liberdade. Eu entendo que é lexítimo; é lexítimo que vostedes defendan a súa ideoloxía, absolutamente lexítimo. O que é máis cuestionable é que intenten ocultala ou disfrazala baixo unha especie de suposta moderación. Tamén lle pedimos que vostedes teñan o mesmo respecto que ten esta formación política e este goberno cara a vostedes, e que entendan que sexa lexítima a nosa proposta, a proposta que ten o Goberno galego, que a leva tendo dende hai moitos anos —por certo, referendada nas urnas—, *(Murmurios.)* mantendo absolutamente unha política que se basea no respecto, que se basea no equilibrio e, sobre todo —e o máis importante—, que dá resultados. E darei datos que estou seguro de que vostedes van negar —que iso si que é un auténtico negacionismo—, pero son os datos da realidade.

Señorías, a vostedes pásalles como a aqueles exploradores suízos que querían chegar ao monte Olimpo a principios de século, pero que, pola néboa, chegaron a un monte que non era o Olimpo e pensaban que chegaran. Pois a vostedes pásalles o mesmo, pensan que están chegando ao monte Olimpo, que teñen o éxito aí diante, e por iso recorren absolutamente ás mensaxes de sempre, pero están un pouco confundidos coa néboa e non están no Olimpo aínda, non chegaron ao Olimpo. E se seguen con esta liña, a súa néboa vainos confundir absolutamente. *(Aplausos.)*

Vostede tamén nos preguntaba a carón de quen estamos, a carón de quen está o Goberno da Xunta e este partido. Pois a resposta é facilísima: nós estamos a carón da inmensa maioría dos galegos, pero da inmensísima maioría dos galegos que, proceso electoral tras proceso electoral, nos apoian e que recoñecen neste apoio que o uso das linguas ten que ser un uso en absoluta liberdade, en absoluto respecto e en absoluta normalidade. O que é normal na rúa ten que ser normal na escola e ten que ser normal tamén no Parlamento, e non intentar impoñer, cunha visión monolítica —desde a nosa perspectiva, absolutamente errada; dende a súa non, e é respectable—, a súa visión do país e, neste caso tamén, a súa visión da lingua.

Vostede falaba de datos. ¡Home!, eu voullos dar, supoño que non entrará a negalos —aínda que todo é posible—. Pois, miren, o seu modelo —téñeno dito nesta Cámara centos de veces— é utilizar unicamente como lingua vehicular no ensino o galego, pensando que con iso van conseguir que os alumnos, que os nenos e as nenas, falen máis en galego. O seu modelo é o do País Vasco. Unha parte do País Vasco, o 70 %, fai o modelo que vostedes din,

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*(Murmurios.)* pero vemos como esa situación, ese uso da lingua no País Vasco —viámolo hai uns días nun periódico de tirada nacional—, levou a unha perda das competencias lectoras e comprensoras e levou a un non incremento dos alumnos, dos xoves, no manexo das dúas linguas. Eses son os datos oficiais, supoño que non os negarán.

Eu o que lle dicía, respecto do negacionismo, é que, segundo os informes —informes tan reputados como o Informe Pisa—, en Galicia seremos pésimos, segundo vostedes, pero somos a comunidade autónoma bilingüe onde o alumnado fala as dúas linguas cooficiais con máis facilidade —datos do Informe Pisa—. Tamén os mesmos datos do Informe Pisa nos din que o alumnado galego é o que é máis competente nas dúas linguas. Como xa dicía, vostedes teñen un modelo respectable.

Outro dato significativo é que o 96 % —datos do IGE— do alumnado, practicamente o 100 % dos alumnos galegos, declaran falar ben ou bastante ben o galego, e teñen competencias plenas orais e escritas. É o dato máis elevado, se o comparamos, con todas as comunidades autónomas bilingües de España. E tamén, un dato moi importante que ás veces nos escapa, un dato comparativo, é que Galicia e os xoves galegos están á cabeza de España respecto da tolerancia con outras culturas. E é curioso que naqueles territorios onde se está implementando o modelo lingüístico monolingüe, cunha única lingua vehicular como propia, son os últimos do escalafón no tocante a tolerancia con outras culturas.

Pois, mire vostede, Galicia non está tan mal, cando somos, primeiro, os que máis competencias, destrezas e facilidades temos para usar as dúas linguas; e, segundo, cando somos os máis tolerantes comparativamente con outras comunidades autónomas. E iso logrouse cun modelo que leva tempo implementándose e que non xerou ningún problema —máis alá de que, no aspecto lingüístico, se estea nun extremo ou noutro— e cun modelo que se adaptou de xeito progresivo e que posibilitou que tivésemos os mellores resultados en coñecemento de España. É certo que hai debilidades, por exemplo, no uso dos xoves, pero tamén é certo que vostede cita a RAG. Pois eu tamén vou citar a RAG. ¿Que nos di a RAG? A RAG dinos que o que importa é promover o galego nos ámbitos de socialización. E, nese sentido, non podemos trasladar só á escola a responsabilidades dun maior ou menor uso. Unha cousa é o coñecemento —que si é responsabilidade do sistema educativo— e outra cousa é o uso. Agora, con linguaxes monolíticas como a súa, por esa liña, realmente non vai conseguir que os xoves falen máis galego. Temos que intentar, dalgún xeito, fomentar e convencer dende a amabilidade, dende os usos sociais, aos xoves de que falen galego, pero non poñéndolles máis horas no ensino. Iso, sinxelamente, xa o temos conseguido, xa sabemos que os nosos alumnos teñen as competencias lingüísticas e sociolingüísticas na aula sen ningún tipo de problema.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

O **señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** E a vostede, que tamén facía citas, eu tamén lle vou dicir unha cita dunha persoa moi relevante, de Ramón Villares, que foi presidente do Consello da Cultura Galega. *(Murmurios.)* É que, obviamente, a vostedes cando se lles di algo, sempre lles parece mal, tamén con esa especie de negacionismo intelectual: «Se a lingua continua sendo un motivo de conflito político, fica perdida». *(Murmurios.)* Vostedes fíxanse absolutamente nesa liña... *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e realmente, se queren acertar e se queren interpretar con acerto o que está pasando na sociedade, fíxense, asuman e entendan que a lingua é de todos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e que nós temos unha forma de defendela, de promocionala e de querela, polo menos, tan boa como a súa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Señor Rodríguez, dos datos, pouquiño ou nada. Pero é curioso que vén aquí e, na súa primeira intervención, dinos que vimos constantemente falando, dende tempos inmemoriais, dos mesmos datos. É que eu non sei se vostede ou non leu os informes ou nos os coñece ou non fala coa Real Academia Galega. Pero é que os estudos aos que lle fixemos referencia un foi publicado en abril do ano 2021 e o outro hai escasas semanas. *(Aplausos.)* Entón, ou ten vostede a bóla de cristal e sabe cales son eses estudos ou —o que moito tememos— é que obedecen a unha planificación lingüística que ten como único obxectivo que o galego desapareza deste país e contribuír ao proceso de substitución lingüística. *(Aplausos.)*

Pero é que imos a máis. Non me fala para nada dos datos do IGE, non fai unha soa mención dos informes do Consello de Europa, nin unha soa mención ás referencias que acaban de dar os expertos de ELEN, nin unha soa mención aos datos que estaba poñendo enriba da mesa a Real Academia Galega, e sácanos os informes Pisa. Mire, eu xa non vou entrar na barbaridade intelectual que é extrapolar datos dun exercicio de comprensión lectora e valores sociolingüísticos. Iso é unha barbaridade, é un insulto á intelixencia, é algo absolutamente impropio dun conselleiro de Educación. *(Aplausos.)* Pero é que, ademais, teñen que aclararse, porque é o propio Partido Popular o que está dicindo en moitos outros lugares que ese exercicio, esa extrapolación de datos sociolingüísticos a respecto do Informe Pisa, non se pode facer.

Pero, xa lle digo, o que si me parece unha inmoralidade —dígollo con todo o respecto, señor conselleiro— é que vostede faga esta vez unha correlación entre o que é tolerancia e o que é defender a normalización lingüística deste país. ¿Que pasa?, ¿que as persoas que cremos que o galego debe ser unha lingua normal nesta sociedade, que as persoas que cremos que o galego debe recuperar o uso, somos intolerantes? *(Aplausos.)* ¿Está vostede facendo esa co-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rrelación? *(Aplausos.)* Porque se o que vostede trata de poñer enriba da mesa con ese exercicio é esa correlación, non estamos nin ante negacionismo nin ante terraplanismo; estamos, señor Rodríguez, ante un exercicio de xenofobia de libro que é impropio deste Parlamento. *(Aplausos.)*

Pero, claro, ante cuestións como o modelo lingüístico, mire, nós o que lle traemos aquí é unha interpelación para sentarnos a falar. Póñanos día e hora. Vostede diga: reunímonos cos axentes sociais con base en criterios que está establecendo a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Instituto da Lingua Galega, as universidades públicas galegas, o Consello de Europa, a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, e sentémonos e falemos. E a partir de aí, a partir dese momento, vostede dirá en que situación estamos cada un. Porque se en algo coincidimos —con matices lexítimos que probablemente poida haber entre as diferentes posturas—, se en algo coinciden todas esas organizacións, é en que este decreto da vergoña debe ser derrogado porque é tremendamente lesivo para o futuro da lingua galega. *(Aplausos.)* E vostede ten dúas opcións: dicir que aquí a representatividade deste país é a maioría do Partido Popular, alienado e alineado coas posturas de Vox e da ultra dereita; ou pensar que neste país a Academia galega ten algo que dicir, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pensar que neste país o Consello da Cultura Galega ten algo que dicir... É que a Real Academia Galega —eu sinto que non lles guste— é quen está a dicir día tras día... Eu entendo que cando se fala... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de lingua e de educación, o que se demostra é que a lingua, moi longa, pero educación, pouquiña. *(Aplausos.)*

En todo caso, imos a cuestións relativas aos datos nos que vostede non quixo entrar, señor conselleiro: redes sociais, o 73 % maioritariamente en castelán; navegación en internet, o 96 % maioritariamente en castelán; preferencias por lectura, no 24 % maioritariamente en castelán; televisión, o 83 % maioritariamente en castelán. Son datos da Real Academia Galega. A ver se ten a ben falar co mínimo rigor que se espera dun conselleiro e traer datos aquí. O galego é a única lingua do Estado que perde falantes. ¿E que é o que di a Xunta de Galiza ante esta situación? «A Xunta seguirá traballando e comprometida co bilingüismo cordial», Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galiza.

Este é o panorama que nos traen, señor conselleiro, esta é a situación que vostedes están debuxando, e tanto lle ten o que diga a ciencia, tanto lle ten o que diga o mundo académico, tanto lle ten o que digan as universidades, tanto lle ten o que digan os informes, que semella que non leu, que non coñece ou que non quere ler, mais esa realidade está aí. E créanos que esa realidade representa, cando menos, tanto como pode representar a súa opción á perspectiva de futuro e lingua deste país. O que nós...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...propoñemos, señor conselleiro, é sentarnos a falar, co aval de todas estas organizacións, de ciencia, que se afasten do negacionismo, que se afasten do supremacismo e, sobre todo, que se afasten da ultradereita e da FAES e que empecen a pensar un pouquiño máis no futuro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...desta lingua e no futuro deste país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señor Lorenzo, o Partido Popular de Galicia está tan aliñado con Vox... *(Unha señora deputada:* ¡Lorenzo, non!*)* —Lourenzo, perdón—. O Partido Popular de Galicia está tan aliñado con Vox que Vox ten cero concejales en Galicia. *(Aplausos.) (Risos.)*

¡Mire que fácil era para min dicir que vostedes están moito máis aliñados con Bildu! ¡Era facilísimo dicilo! *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Se se van de fin de semana con eles! ¡Se se van de fin de semana por aí! Pero, mire, ¿iso aporta algo? Non, iso aporta un aplauso fácil, como os seus. Pero non nos aporta nada, non nos aporta nada. *(Murmurios.)*

Mire, eu pediríalle que mirase un xornal importante de Galicia do 23 de outubro do ano 2020. Aí verá unha noticia relativa aos niveis de convivencia e de tolerancia dos xoves españois por comunidades autónomas —23 de outubro do ano 2020—. *(Murmurios.)* Interprete vostede o que queira, interpréteo, pero unha constatación: vostede, que fala de ciencia, de datos e de números, interprete vostede o que queira. Simplemente vexa os datos e despois faga e opine o que queira.

A verdade é que vostedes, como xa dicía antes, son perseverantes, teñen a súa visión monolítica e mantéñena. Levan anos —¡anos!— dicindo que hai que derrogar o decreto de plurilingüismo. E eu faríalle unha pregunta moi sencilla. ¿Por que? *(Risos.)* E diríalle outra pregunta máis sencilla: ¿que hai de malo en que os nosos xoves aprendan galego? Son os primeiros de España en linguas cooficiais, manexando as dúas linguas oficiais. ¿Que hai de malo en que aprendan galego?, ¿en que sexan plenamente competentes en galego, en castelán e progresivamente nunha lingua estranxeira, como o inglés? Galicia é, dentro das comunidades autónomas de España, a terceira polo nivel, cun incremento notabilísimo nos últimos anos. ¿Iso é malo? Ao mellor, para a visión monolítica e aparentemente aberta que teñen vostedes —pero que é moi pechada— é malo, porque, ao mellor, como xa dixen antes, no camiño do Olimpo, confúndense. Ao mellor, no camiño do Olimpo confúndense.

E eu tamén lle diría que, volvendo aos datos —que vostede sempre pide datos—, o galego é a lingua maioritariamente falada por todos os galegos —saíu hai uns días nun medio de comunicación— *(Murmurios.)*, e a inmensa maioría —cos datos, coa última enquisa do ano 2018, que son datos absolutamente xenéricos de Galicia, non dun concello concreto, como vostede me di aquí— fálao maioritariamente en oito de dez concellos de Galicia. E miren, tamén —segundo datos do IGE— hoxe falan galego máis persoas que hai cinco anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Mentira? Vale, negacionismo. Hoxe a lingua galega é a maioritaria, temos o maior número de galegofalantes —datos do IGE—. Négueos, pode negalos, non hai ningún tipo de problema. E tamén lle diría que durante a última década se asumiu

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cunha gran normalidade o decreto dentro do ensino. E máis alá dos dous extremos do espectro lingüístico —os que queren só galego ou os que queren só castelán—, a inmensísima maioría dos galegos están conformes cun sistema que posibilita —en equilibrio, en respecto e en igualdade— manexar as nosas dúas linguas oficiais, sendo os mellores de España facéndoo. Son datos oficiais, datos absolutamente oficiais do conxunto de España —comparativamente unhas comunidades autónomas con outras— e cun coñecemento practicamente pleno do cen por cento en comprensión lectora e en comprensión oral, algo que non poden dicir noutras comunidades autónomas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Como xa lle digo, nós temos un modelo de convivencia, e conviven ambas linguas na escola, igual que conviven absolutamente na rúa, salvo —insisto— naquelas visións absolutamente monolíticas que queren utilizar a lingua con outros usos para galeguizar; para galeguizar, obviamente, e intentar que os xoves sexan nacionalistas e lles voten a vostedes. *(Murmurios.)* Será o que pensan, será realmente o que poidan pensar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, hai moitas formas de promover e de impulsar o galego, moitísimas formas. Nós témolo demostrado. Por exemplo, puxemos en marcha un plan de dinamización do galego no tecido económico, puxemos en marcha un plan de dinamización do galego na mocidade, imos poñer en marcha un plan de dinamización da lingua galega no deporte, nos ámbitos de socialización... Porque vostedes pensan que o galego só se aprende na aula e están equivocados, certamente.

Temos en marcha un dos grandes proxectos, dos máis estratéxicos e dos que teñen un maior futuro para a nosa lingua, que é o Proxecto Nós, que é mesturar a intelixencia artificial coa tecnoloxía da linguaxe. Ese é un proxecto vital —¡vital!— para o futuro da nosa lingua. Porque vostede fala das redes sociais. Ben, non pretenderá que o Goberno lles diga aos xoves o que teñen que escribir nas redes sociais e na lingua que teñen que facelo. Entendo que non chegará a eses niveis, ¿non? Entendo que vostedes non chegarán a eses niveis. *(Murmurios.)*

En todo caso, insisto, en Galicia a lingua non é un problema, non o é, salvo nos espectros, nas esquinas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...do espectro lingüístico. Somos un exemplo de convivencia. Se un ve algunhas noticias que pasan noutras comunidades autónomas, realmente é unha carencia de liberdade que recorda o período de entre guerras nalgún país... *(Murmurios.)* Realmente, é algo tremendamente serio, é algo para tomalo en serio.

Os resultados avalan a nosa política lingüística...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Seguimos tendo os índices de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas en linguas cooficiais, e non creo que poidan vostedes plantexar...

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pregúntelle, pregúntelle a el... Pregúntalle canto se pasou. Perdón, ¡eh!, por entrar aquí no debate.

E remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Eu vou nun minuto.

**O señor PRESIDENTE:** Pero tamén se pasou el un minuto. Vostede vaia rematando xa.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Vou rematando, señor presidente.

Insisto, nós estamos moi orgullosos da nosa lingua. É unha lingua que nos identifica, que nos dá cohesión, que nos diferencia e que nos dá orgullo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...pero que non nos enfronta a ninguén.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** E non a utilizamos nunca para separarnos nin nunca para confrontar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e nunca tampouco para usala politicamente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Continuamos, agora si, co punto sétimo da orde do día, que son as preguntas ao Goberno.

**Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas nos xulgados de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Castro Rey.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, supuxo un paso adiante de enorme calado e de gran transcendencia social e xurídica na loita contra a violencia de xénero, dando unha resposta integral e multidisciplinar a esta lacra.

Unha das medidas máis importantes desta lei foi a creación dunha xustiza especializada para coñecer un problema tan específico e grave como é a violencia de xénero. Estes xulgados con competencia exclusiva e excluínte nos litixios penais e civís en relación coa violencia de xénero viñeron proporcionar unha resposta xudicial a un incremento constante deste tipo de violencias, ou, mellor dito, a un incremento constante destas denuncias, xa que, por desgraza, esta violencia sempre a houbo. Pero, para que estes órganos xudiciais cualitativamente especializados sexan eficaces e efectivos, deben ser suficientes en número e en persoal.

En Galicia existen dous xulgados específicos de violencia, na Coruña e Vigo, e no resto das cidades galegas asígnase a un xulgado de instrución a tramitación destes asuntos de forma prioritaria, pero non exclusiva. Pois ben, con estes mimbres, temos que enfrontarnos a estes datos: 1.649 denuncias por violencia de xénero no segundo trimestre deste ano, que veñen a ser un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado, pero, tendo en conta os datos polo confinamento pola covid-19, ao mellor a situación de forma obxectiva varía. Polo tanto, preferimos referirnos aos datos de 2019, pero son un 2,6 % máis que no segundo trimestre de 2019.

Estes datos están extraídos dun informe elaborado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di que aumenta o número de vítimas ata, como dicía, 1.636, que as ordes de protección acordadas aumentaron ata 434 e que se emitiron 606 sentenzas, das que o 77,5 % foron condenatorias.

E isto o que produce é unha situación total de colapso nestes xulgados. O exemplo é o Xulgado de Violencia da Coruña, que ten 265 procedementos penais pendentes neste momento.

Eu entendo, señora conselleira, que para vostede é un marrón. É un marrón ter que vir lavarlles a cara a outras consellerías polas súas carencias, porque imaxino que xa ten vostede bastante con solucionar os temas en materia de emprego ou as desigualdades existentes no noso territorio. Pero, como vostede é a que está hoxe aquí, teño que preguntarlle se dende Vicepresidencia pretenden facer algo, pretenden tomar medidas en relación con este problema, e se a través da Comisión Mixta teñen pensado elaborar un informe diagnóstico sobre a situación actual dos xulgados de violencia de xénero no noso territorio e se teñen previsto buscar solucións, porque non podemos soportar máis esta situación. Porque así as vítimas nesta situación... Ben, continúo despois. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro Rey.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Boas tardes.

Non veño lavarlle a cara a ninguén. Eu veño en nome do Goberno e estou segura de que vou dar, coas miñas palabras, a mesma resposta que daría aquí o vicepresidente primeiro.

A ver, o primeiro que creo que ten vostede que saber é de quen é competencia o que está solicitando e, dende logo, non é competencia do Goberno de Galicia nin da Vicepresidencia nin desta consellería. É competencia do Ministerio de Xustiza, que, por certo, está en mans do Partido Socialista. Así que, ao mellor, teñen que falar entre vostedes.

Ese artigo 43 que vostede refire da Lei orgánica 1/2004 o que determina, precisamente, é que é o Consello Xeral do Poder Xudicial... Ben, en primeiro lugar, por suposto, determina a creación deses xulgados de violencia contra a muller e a continuación sinala que será o Consello Xeral do Poder Xudicial o que decidirá, no seu caso, que se acumulen estas funcións nos xulgados de primeira instancia ou instrución. Isto por unha banda.

E, segundo, de acordo coa Lei de demarcación e planta xudicial, en España é o Ministerio de Xustiza e o Goberno da nación o que crea os xulgados, co cal nada pode facer a Xunta de Galicia neste sentido. O que si pode a Xunta de Galicia —por suposto, e estao facendo— é participar nesa Comisión Mixta da que vostede falaba, onde se atopa o Goberno da Xunta e se atopa o Tribunal Superior de Xustiza, e establecer tamén medidas de soporte e de reforzo.

Esas medidas estanse establecendo no día de hoxe nos xulgados de violencia de xénero das sete grandes cidades, e hai un total de oito reforzos e trece prolongacións de xornadas.

Así mesmo, na reunión da Comisión Mixta do pasado 8 de novembro, que tivo lugar cos representantes da Xunta e do TSX de Galicia, trataron precisamente dun informe sobre a situación deses xulgados e propúxose un plan global de reforzo para os xulgados con competencias en violencia de xénero nas cidades; proposta que ten agora o TSX de Galicia nas súas mans e que terá que trasladar ao Ministerio de Xustiza.

Si me gustaría pór de relevo, dentro, como digo, das competencias que ten o Goberno autonómico, outra serie de medidas que estamos implementando para protexer o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero en sede policial. En primeiro lugar, a propia personación da Xunta de Galicia. Dende o ano 2013 personouse en 13 procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. Ampliamos no ano 2020 con 7 traballadores sociais máis as sete oficinas de atención ás vítimas de delito, situadas en sede xudicial. Dende o ano 2015 saben que temos o convenio de colaboración co Ministerio de Interior para integrar o punto de coordinación das ordes de protección co sistema Viogen, o sistema integral en casos de violencia de xénero. En 2020 foron 3.761 os casos activos en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E logo tamén quero destacar, por unha banda, a asistencia xurídica gratuíta a través do convenio entre esta consellería e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e tamén o convenio coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, para darlles un servizo de intérprete en lingua de signos ás vítimas en sede policial e xudicial.

Máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Vostedes teñen a competencia exclusiva en materia de persoal. Protexan o persoal, os traballadores e traballadoras deses órganos xudiciais, que están suxeitos a horarios incontrolados e que afectan a súa vida persoal e familiar.

Eu faláballe antes de colapso. Este colapso, cando falamos de vítimas, de mulleres vítimas, é terrible e dá lugar a situacións indesexables como a pendencia durante meses dun proceso considerado no papel —e refírome á lei— como urxente, e coas consecuencias económicas e psicolóxicas que ten isto para unha vítima. Pero, por outra banda, como dicía, tamén é inhumano para os traballadores destes xulgados, que, salvo nos dous específicos, teñen que compaxinar isto co resto do traballo diario.

Cando nun xulgado entra un caso de violencia de xénero, o persoal ten que dedicarse a mañá enteira a este caso de violencia: a tomar declaración á vítima, ao agresor, a ditar a correspondente orde de afastamento ou incluso a tramitar no seu caso a prisión preventiva. Isto exixe unha adicación case exclusiva e, cos medios existentes, non é viable. Polo tanto, insisto, é necesario que doten os xulgados existentes de máis persoal, e ademais que formen este persoal en materia de xénero, que é necesaria a perspectiva de xénero no eido xudicial, e estamos a velo e a sufrilo todos os días. A resposta global á violencia exercida contra as mulleres ten que ser efectiva. Os datos dinnos que o 80 % das mulleres asasinadas por violencia de xénero non denunciaran previamente. Isto é terrible e denota que non existe unha confianza no sistema xudicial. Temos a obriga de mellorar isto.

Cando unha muller dá o difícil paso de denunciar, atópase cun duro proceso no que ten que revivir estes horrores sufridos, enfrontándose ao maltratador. Pois non podemos permitir que a isto se sumen os prexuízos dun procedemento dilatado no tempo polo colapso existente nos xulgados que van resolver. Ou aínda peor, que este colapso cerne o seu dereito a unha tutela xudicial efectiva, ditándose unha resolución de forma apresurada segundo a instrución ou investigación suficiente que impida chegar a esclarecer todos os aspectos deste maltrato, ou peor, a unha absolución do maltratador. Escoiten os axentes xudiciais, que levan meses alertando desta situación. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro Rey.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas.

Veñen vostedes falar dos problemas existentes nos xulgados de violencia de xénero en Galicia, e volvo dicirlles que creo que están esquecendo a responsabilidade directa que ten o Partido Socialista neste tema. O Ministerio de Xustiza está en mans do Partido Socialista, e voulle ler textualmente algo do acordo de investidura do actual Goberno da nación, entre o Partido Socialista e o BNG, que asinaron o 3 de xaneiro de 2020. Dicíase literalmente: «Ampliar o número de xulgados de violencia de xénero en Galicia e, en concreto, de maneira urxente, en Santiago, Lugo e Ourense, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial». Que exactamente é o que eu lle acabo de explicar, porque así é como está regulado na lexislación. Entón, ¿onde está a materialización desa promesa que fixeron vostedes dese acordo de investidura co BNG? ¿Está nos orzamentos xerais do ano 2022? *(Murmurios.)* Porque penso que o 17 de novembro rexeitaron unha emenda do BNG que ía, precisamente, nesta liña.

Entón, dous anos máis tarde, seguen sen cumprir o prometido e veñen demandarlle á Xunta que faga o que vostedes non fan e que nós non temos competencia para facer. Entón, nós estamos facendo o que podemos facer, que é reforzar os xulgados que xa existen, pero non podemos crear xulgados novos nin determinar que se cree un xulgado específico de protección da muller e non se acumulen as competencias nun xulgado de instrución ou de primeira instancia.

En calquera caso, si quero aproveitar a oportunidade, sentado isto, porque creo que é máis produtivo para recordar os recursos que si se están poñendo en marcha en Galicia, que son moitos e dos que falei na primeira parte da intervención, para a protección ás vítimas en sede xudicial, e tamén para destacar a xustiza gratuíta, pero tamén as distintas vías que si teñen as vítimas para ter información tanto no Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico que teñen *on line* como no teléfono, por suposto, dos centros de información á muller e tamén na atención que se presta a través dos convenios que facemos co Colexio de Psicoloxía e de Traballo Social de Galicia.

Polo tanto, eu penso de verdade que hoxe é un día para conmemorar ese 25 de novembro, para que pensen vostedes tamén na responsabilidade que ten o Partido Socialista en Madrid respecto da cuestión que está plantexando e para chamar á unidade de todos os poderes públicos de todos os partidos e de toda a sociedade para erradicar a violencia de xénero.

Eu, dende logo, do que si podo falar aquí é do compromiso inequívoco que ten a Xunta de Galicia. Queda, por suposto, camiño por percorrer, pero imos seguir sumando e tomando nota das aportacións de todos e tamén da súa, sempre que busquen loitar e seguir dicindo non á violencia de xénero.

Máis nada. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha dun plan de industrialización e emprego para a comarca da Mariña**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Hai xusto unha semana asistiamos a dous actos memorables, a verdade, aínda que cunha gran diferenza entre ambos. O primeiro era unha mostra inmensa de dignidade do pobo, do hartazgo dunha comarca ante as promesas non cumpridas por dous gobernos, o español e o galego; unha comarca onde se xuntaban máis de quince mil persoas, en Burela, reclamando que A Mariña pode e debe ter futuro. É unha comarca, ademais, que pechaba absolutamente todo o comercio en apoio a esta folga histórica, e todo a pesar de que o Partido Popular non quixese que esta folga triunfase, porque, se non, non se explican eses servizos mínimos abusivos que levaron a cabo e que impuxeron nos eidos da sanidade, do transporte ou do ensino. Mais, como se pode dicir perfectamente, a pesar de vostedes, na Mariña, demostramos que somos un pobo digno. *(Aplausos.)*

E fronte a esa dignidade que mostramos claramente, na cara oposta estaba o Partido Popular, que ademais lle deu un novo nivel, unha nova acepción ao termo hipocrisía; un Partido Popular que mentres lle negaba o dereito á folga a moitos traballadores e traballadoras da Mariña, acudía en masa a facer Deus sabe que a Burela. Un Partido Popular que ás 12 estaba apoiando supostamente os/as traballadoras mariñás e que ás 6 da tarde votaba en contra do que levamos pedindo e reclamando toda a comarca desde hai máis de ano e medio, que é que haxa máis industria. ¿E que mellor forma de dar máis industria e emprego que cun plan industrial?

E así, nesta disxuntiva entre o digno e o indigno, estamos xa a 24 de novembro de 2021 e seguimos cunha Xunta de Galiza que segue de perfil, que ningún dos problemas que ocorren no país ten que ver con eles e que segue sen darse conta de que Vestas e Alcoa non son o único problema, desgraciadamente, porque hai xa máis de mil empregos en materia de industria perdidos só no Goberno de Feijóo e porque o problema tamén é, por exemplo, a sanidade, como ben se demostrou o mesmo 17 de novembro, ou o problema tamén son as infraestruturas, que non temos e das que non nos dotan. É dicir, o problema é xeral, e o principal problema de todos é que o Goberno galego é o problema e non é parte da solución.

E, por iso, aínda que sei que non lles gusta moito, volvemos preguntar hoxe e as veces que faga falta: ¿por que non levan adiante un plan de industrialización e emprego da Mariña?, ¿por que votan sempre que non?, ¿por que seguen preferindo que as empresas manden máis que vostedes?, ¿por que como conselleiro prefire que manden máis desde Pittsburgh ou desde Dinamarca ca vostede, que é o conselleiro de Industria? En definitiva, ¿por que queren

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha Mariña e, polo tanto, unha Galiza, máis gris, como vostedes din sempre, e máis pequeniña?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Castro, coma sempre, o Bloque Nacionalista Galego pretende vir a esta Cámara a patrimonializar os valores de todos os galegos, que non son valores do Bloque Nacionalista Galego nin do seu sindicato de cabeceira. A dignidade do traballo é un valor de todos os galegos. *(Aplausos.)*

A partir de aí, señor Castro, podemos falar, efectivamente, da situación industrial da Mariña. E vexo que igual que o Goberno non entendeu nada da folga da semana pasada, o Bloque Nacionalista Galego segue na mesma actitude. E, lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego segue en contra de todo, sen sumarse ás iniciativas que, efectivamente, este goberno está trasladando para apoiar o futuro industrial da Mariña.

Lamento que o Bloque Nacionalista Galego siga nas inconcrecións. Nós estamos sendo moi claros, señor Castro. Estamos defendendo dende o primeiro momento o mesmo. O futuro de Alcoa pasa por un prezo eléctrico competitivo e, se é precisa unha intervención temporal por parte da SEPI, este goberno a está apoiando dende o primeiro momento.

O que si é certo é que vostedes apoiaron e asinaron un acordo co Partido Socialista que supostamente ía garantir ese prezo eléctrico. Iso asinouno o Bloque Nacionalista Galego. E o certo é que nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego están cumprindo o seu compromiso e a súa palabra, que é ter un prezo eléctrico competitivo para que na Mariña se poida seguir producindo aluminio primario. Son vostedes igual de corresponsables que o Partido Socialista de que Alcoa nestes momentos non teña unha solución. A partir de aí, podemos seguir falando.

Dende a Xunta de Galicia imos seguir defendendo o mesmo, estámolo facendo en todas as emendas presentadas no Congreso dos Deputados, que defenden a intervención temporal da SEPI, en todas. E farémolo tamén mañá, votando non pola falta de compromiso con Galicia, coa Mariña, dos seus socios de goberno.

Vostedes parece que agora se van abster. Señor Castro, vostedes asinaron un acordo que se está incumprindo. A coherencia política marcaría estar en contra deses orzamentos, e vostedes, lamentablemente, van seguir apoiando e gobernando unha alianza co Partido Socialista, que está negando un futuro para A Mariña e que está negando un futuro para os traballadores de Alcoa.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

Para a réplica, o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas de novo, presidente.

Conselleiro, como era bastante esperable este tipo de resposta, eu veño aquí traer un pouco de hemeroteca. Vostedes seguen a dicir que a culpa é do BNG. Bueno, sigan, que non lles vou dicir eu o que teñen que facer. Pero, a ver, quizais quen privatizou a factoría no 1997 foi o PP —e non é culpa del—; quizais quen vota en contra de formar parte desa intervención na Xunta de Galiza foi o PP —e tampouco é culpa del—; quizais quen creou o marco enerxético en 1996 e que o reformou en 2013, dando aínda máis inestabilidade foi o PP —e tampouco será culpa del—; *(Aplausos.)* quizais —e mal que nos pese— levan máis de tres décadas gobernando este país —pero tampouco ten nada que ver—; quizais incluso levan anos e anos —agora non— gobernando no Estado —pero tampouco teñen nada que ver—; quizais son vostedes os que votan en contra unha vez e outra vez do Plan industrial —pero quizais tampouco teñen nada que ver—; e quizais quen creou a reforma laboral, que, ao mellor, axudaría algo a que o ERE de Vestas fose ilegal e a poder paralo —pero tampouco teñen nada que ver na súa creación—. *(Aplausos.)*

E logo xa o apoteósico da hipocrisía doutro nivel é que hoxe, na mañá de hoxe, votan en contra da intervención temporal de Alcoa nas emendas do Bloque Nacionalista Galego. Hoxe falábase aquí do «jetómetro». Ben, é que hoxe romperon os niveis. E iso é porque hai unha diferenza vital entre o Partido Popular —por moito que sexa de Galicia, Galicia, Galicia— e o Bloque Nacionalista Galego, que é que nós sempre imos votar o mesmo, sexa en Cervo, sexa en Lugo, sexa en Santiago ou na Conchinchina. *(Aplausos.)* En cambio, vostedes ven condicionado o seu voto desde o que lle din desde Génova ou desde o que lle din nesas misas filofascistas ás que tanto acoden. *(Murmurios.)* Porque vostedes son a Galicia en gris, a Galicia en pequeno, que di que o seu goberno non pode facer nada. Nós cremos nunha Galiza grande con poder e na cal o Goberno mande máis que calquera empresa en Pittsburgh, en Dinamarca ou en calquera parte do mundo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

Para o peche desta pregunta, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Castro, se non estivese en xogo o futuro de todas as familias dos traballadores de Alcoa, a súa intervención simplemente diría que se move entre o cómico e a falsidade.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E lamento profundamente que o Bloque Nacionalista Galego permanentemente traia a este Parlamento ocorrencias ou ben se mova na ambigüidade.

Mire, señor Castro, falemos claro. Levamos defendendo dende o primeiro momento a intervención temporal, dende o primeiro momento. *(Murmurios.)* E fíxese vostede na emenda da que vostede acaba de falar —espero que teña a oportunidade de rectificar, se o considera oportuno—, porque esta mañá presentaron unha emenda solicitando a intervención temporal. —linguaxe do Bloque Nacionalista Galego—. En conclusión, iso é o que di a súa emenda: «*La solución puede venir de la mano de una actuación política*» —*decía*— «*del gobierno que inicie la intervención efectiva de Alcoa.*». ¡Efectiva! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E na exposición de motivos falan de capitalización.

Mire, señor Castro, se queren dicir que a súa proposta é nacionalizar Alcoa, dígano. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* E se o que queren é defender o que están defendendo os traballadores e a Xunta de Galicia, que é a intervención temporal de Alcoa, dígano, así de sinxelo. *(Aplausos.)*

Mentres vostedes estean na ambigüidade, lamentablemente... O que si lle pediría é que non veña mentir aquí. Se vostedes defenden en Madrid a «intervención efectiva» —e dino en castelán—, pois intervención efectiva, e se quere dicir intervención temporal tamén o pode escribir en castelán, perfectamente, *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e a emenda tamén estaría perfectamente entendida por parte de todos.

Pero simplemente vostedes queren enganar a xente, e xa está ben, señor Castro. Xa está ben de enganar a xente e de intentar confundila. Se queren estar cos traballadores, súmense á súa proposta: prezo eléctrico competitivo e, no seu caso, a intervención temporal de Alcoa. E mentres sigan xogando ás ambigüidades, lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego seguirá teñindo de negro a Galicia, e nós non o imos permitir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de Dª María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do crédito orzamentario no ano 2022 para as subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señor Conde.

Imos falar —vou dicilo textualmente para que o teñamos claro— das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización de centros comerciais abertos e prazas de abastos e das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do tícket de dinamización comercial.

Pois ben, estas subvencións, como di a orde do DOG, teñen como obxectivo contribuír a un sector comercial máis competitivo e dinámico. Esperemos, cando menos, que o sector comercial sexa bastante máis dinámico que a Dirección Xeral de Comercio, porque, se non, van apañados. A convocatoria destas subvencións foi —está sendo— unha auténtica vergoña, señor Conde. Convocáronse tarde, resolvéronse tarde e hoxe mesmo —¡hoxe mesmo!— empezaron a pagalas. Non queremos no BNG pensar que é unha casualidade que coincida con esta pregunta do BNG no Pleno.

Foron convocadas o 28 de xullo e o 10 de agosto respectivamente, cando deberían ter sido convocadas, como tarde, en xaneiro de 2021, para que se poidan desenvolver as actividades en prazo, tendo en conta que o período no que se poden xustificar vai dende o 1 de xaneiro ata o 30 de outubro. Arredor do 19 de outubro a resolución da convocatoria foilles comunicadas ás entidades. E o gasto ten que estar feito antes do 30 de outubro nun caso e do 15 de outubro noutro. É dicir, nun dos casos comunicáronlle para qué lles conceden a subvención e con qué cantidade despois da data na que teñen que ter feito o pago. ¡Un escándalo! Algunhas federacións xa anunciaron que van destinar parte da subvención deste ano a mercar unha boliña de cristal por se o trámite o ano que vén vai ser igual poder ir adiantando para qué lle van dar o diñeiro.

Vaime dicir vostede que se ampliou o prazo. Ampliouse o prazo para xustificación, non para os pagos nin para a realización das actividades.

Como xa lle dixen, hoxe fixeron o aboamento das subvencións algunhas das asociacións, e hai un mes que rematou o prazo para desenvolver esas actividades. ¡Unha vergoña, señor conselleiro! Cando menos, deberían aprender dos erros e convocar estas axudas no próximo mes de decembro para que sexan resoltas en prazo. ¿Pensan facelo? E, ademais, como ben din as asociacións, esta partida orzamentaria é escasa totalmente. ¿Van ampliala, conselleiro? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, a verdade é que lle agradezo que traia á situación as axudas que a Xunta de Galicia está a desenvolver en apoio á dinamización de centros comerciais abertos e prazas de abastos. Na súa intervención eu pensei que ía felicitar este goberno porque dunha forma ininterrompida durante os últimos anos temos convocado esta orde de axudas. É unha orde recorrente. O sector sabe que hai un compromiso claro e explícito por parte do Goberno para seguir apoiando os centros comerciais abertos e as prazas de abastos, e, polo tanto, para seguir desenvolvendo esas actividades vinculadas ás campañas para animar as vendas, co

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mantemento tamén dos *marketplaces* e doutras iniciativas dixitais e desenvolver sistemas centralizados de envío e entrega a domicilio.

Doulle un dato. Debería saber que somos das comunidades autónomas que temos maiores axudas precisamente para este tipo de asociacións. Tan só nos últimos seis anos temos convocadas axudas por máis de doce millóns de euros, por riba sempre dos dous millóns de euros anuais, e apoiando arredor de oitenta asociacións.

Debería saber —e debería trasladalo tamén na súa intervención— como no ano 2021 elevamos o orzamento para estas axudas nun 9 %, ata os 2.250.000 euros. Aumentamos en cinco puntos a porcentaxe subvencionable en todos os tramos, ata un máximo do 80 %, para os centros situados en concellos cunha rede comercial que precisa necesariamente gañar en fortaleza.

Os datos son certos; os datos son os datos sempre. Efectivamente, tras finalizar o prazo de xustificación o pasado 15 de novembro, case o 60 % dos expedientes xa están revisados en apenas unha semana e un terzo do total xa están pagados. Eses son os datos, señora González.

E simplemente para ter toda a información e para que este Parlamento teña toda a información, debería saber e trasladar tamén que a Dirección Xeral de Comercio acordou co sector as prioridades das diferentes ordes do ano 2021. Debería sabelo. E debería saber que foi o propio sector o que estableceu esas prioridades, e que non só convocamos as axudas para a dixitalización e modernización dos comercios, senón que tamén —debería sabelo— lle demos prioridade á activación dos bonos Activa Comercio, que non estaban plantexados nos orzamentos, precisamente para axudar os centros comerciais abertos, as prazas de abastos e, polo tanto, para estar co comercio de proximidade.

Estamos establecendo esas axudas e seguiremos co comercio de proximidade, a pesar, polo que vexo, da incomprensión do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

Para a réplica, a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

Xa me preocupaba que non nos nomeara vostede, señor Conde.

Mire, voulle dicir unha cousa. Quero felicitalo porque a súa soberbia supera todo... O que debería é estar vostede aquí —estao escoitando o sector— pedindo perdón polo trámite dunhas axudas que son un copia e pega, como vostede di, ano tras ano; e a pesar de todo estanas pagando a golpe de finais de novembro. Non sei se o sabe, pero xa teñen facturas na actualidade que poden meter nas axudas do ano que vén. Están gastando o diñeiro que deberían

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recibir da Dirección Xeral de Comercio do ano que vén. ¿E vén vostede dicir que temos que felicitalo? Paréceme que baixarse un pouquiño do pedestal no que está ao mellor lle viría un pouco ben, señor Conde. *(Aplausos.)*

Volvo repetirlle que ten oportunidade de pedirlles perdón, porque o están escoitando, e de asegurarlles que as subvencións para o ano que vén van saír a principios de ano, como moito tardar, e que van incrementar ese orzamento.

Porque mire, eu non sei se o sabe, pero moitas asociacións e federacións non puideron desenvolver as actividades, xa que non tiñan o diñeiro para facelo, porque incluso, se quixeran pedir o diñeiro, para poder pedilo, para poder pedir unha póliza —e vostede sábeo—, teñen que ter a resolución da subvención; se non a teñen, as entidades bancarias non lles soltan o diñeiro así polas boas. E estamos a falar de asociacións e federacións sen fin de lucro que, na situación de crise na que se atopa o comercio na actualidade, non van sobradas de efectivo. Tiveron a traballadores sen cobrar durante case un ano —si, si, señor Conde; estano escoitando, pense o que vai dicir— , e en plena crise foron abandonados á súa sorte pola Xunta de Galiza; vostedes, que enchen a boca...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...dicindo que apoian o comercio. Ten oportunidade de pedir perdón, señor Conde.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González Iglesias.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, efectivamente, somos un dos gobernos que máis apoio traslada aos centros comerciais abertos e ás prazas de abastos en toda España. Ese é un dato obxectivo. Pero é máis, aínda que non lles guste, nós estamos consensuando permanentemente todas as medidas co propio sector. *(Murmurios.)* E iso significou no ano 2021 consensuar co sector as prioridades nas diferentes ordes de axuda e, polo tanto, tamén darlles certezas de que, efectivamente, esa orde de axudas se ía convocar e que, polo tanto, ían poder dispoñer desas axudas para as diferentes actividades.

Polo tanto, señora González, eu creo que o que debería de trasladar o Bloque Nacionalista Galego é se realmente está co pequeno comercio ou non. Eu trasládolle que, claro, vostedes agora veñen aquí dicir que son o partido do si, do si ao comercio de proximidade, e iso é o que pretenden trasladar fóra, pero eu, xa que nos está escoitando o comercio de proximidade, recórdolle que neste Parlamento o Bloque Nacionalista Galego votou que non ao comercio de proximidade *(A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* e recórdolle a resolución que se votou neste Parlamento que dicía textualmente: «Poder desenvolver un

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plan de reactivación e adaptación dixital do pequeno e mediano comercio co obxectivo de mellorar a súa competitividade e manter o emprego». ¿Quere dicirme en que non está de acordo? Porque votaron que non, señora González. Entón, isto de querer trasladar que se está co pequeno comercio fóra e aquí votar que non é a hipocrisía política do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

A partir de aí, señora González, o que lle podo trasladar ao comercio de proximidade é que, efectivamente, nosoutros seguiremos colaborando coas asociacións de comerciantes galegos e complementando os seus recursos para as actuacións de fomento do comercio galego, cumprindo a normativa e a Lei de subvencións, que, como vostede debería de saber, pois, loxicamente, temos que asumir no desenvolvemento destas ordes de axuda. E o sector coñéceo perfectamente. Polo tanto, pretender cargar a responsabilidade do pago das nóminas das asociacións á Xunta de Galicia é simplemente outra hipocrisía política por parte do Bloque Nacionalista Galego.

O vindeiro ano, señora González, manteremos o apoio ao movemento asociativo, manteremos o apoio á Federación Galega de Comercio, o tícket de dinamización comercial e, por suposto, manteremos o apoio, señora González, e as axudas para centros comerciais abertos e prazas de abastos, a pesar do voto non do Bloque Nacionalista Galego ao comercio de proximidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pago por uso das autovías**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra don Diego Calvo Pouso, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor CALVO POUSO:** Presidente.

Señora conselleira.

Este grupo parlamentario está preocupado acerca das novas en relación cos establecementos de peaxes nas autovías. Tivemos coñecemento de que o Partido Socialista se comprometeu diante da Unión Europea a levar a cabo unha serie de reformas que están recollidas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia para poder ser receptores dos fondos europeos. En concreto, nese plan, na páxina 127, reza da seguinte maneira: «É preciso desenvolver un sistema de pago polo uso da rede de vías de alta capacidade que permita cubrir os custos de mantemento e integrar as externalidades negativas do transporte por estrada».

Polo tanto, queda claro —meridianamente claro— que non era un globo sonda do Partido Socialista, queda claro que é unha decisión firme do Goberno do Partido Socialista e que

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquel compromiso do exministro Ábalos de poder chegar a un acordo con todas as comunidades quedou en fume.

Este grupo parlamentario quere expresar a rotunda oposición a esta decisión unilateral do Goberno do Partido Socialista. Non é o momento de introducir peaxes. Aquela recuperación en V da que nos falaba non era tal, e as previsións económicas cada día que pasa empeoran.

Se o Estado necesita orzamentos para a conservación das estradas, nós propoñemos outro tipo de solucións, por exemplo, reducir o número de ministerios ou reducir o número de altos cargos; en ambos os casos é un novo récord na democracia: vinte e tres, e máis de mil douscentos.

Ademais, o sector do automóbil é un sector que, á parte de xerar moitos empregos en España e en Galicia, xa está profundamente gravado. No ano 2019, por exemplo, a través do imposto de matriculación, recádanse 616 millóns de euros; a través do IVE, recádanse 4.877 millóns de euros; a través do imposto de vehículos de tracción mecánica —neste caso para os concellos—, recádanse 2.800 millóns de euros; a través dos carburantes, o 50 % do prezo do carburante; a través do imposto especial de carburantes e tamén do IVE, 21.515 millóns; a través das ITV, tamén se recada IVE a para o sector do automóbil. E ademais este ano o Goberno quere subir o imposto sobre as primas aseguradoras, pasando do 6 % ao 8 %, o que supón un incremento de 450 millóns de euros. ¿Non cren que hai suficientes cargos xa sobre o sector do automóbil como para agora vir introducir nas vías de alta capacidade de novo un imposto? Unha vez máis, ponse de manifesto que o Goberno de Sánchez o tiña meridianamente claro.

Pero é que, ademais, hai outro razoamento, e é que nós estamos na periferia, nós estamos nunha das comunidades que está na periferia de España, e isto nestes momentos o que vén é a complicar aínda máis a recuperación, a facer menos competitivos os sectores e a discriminar os españois en función do sitio onde vivan.

Dende logo, este grupo parlamentario non está a favor deste compromiso do Partido Socialista con Europa e queriamos saber cal era a postura do Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, o Goberno galego, dende logo, está moi preocupado pola pretensión da Administración xeral do Estado e do Ministerio de Transportes de pretender impoñer un pago polo uso das autovías, unha tarifa por quilómetro percorrido, porque esa tarifa por quilómetro percorrido polas autovías do Estado dende logo que é un mazazo para a economía, un mazazo para a competitividade, e sobre todo nun momento no que estamos centrados na loita contra a pandemia e nesa recuperación económica como consecuencia da pandemia.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos preocupados, dende logo, polas maneiras. Estamos a falar dunha medida pola porta de atrás, de xeito unilateral, sen diálogo e sen transparencia, sen abordar iso nin comentalo coas comunidades autónomas. O certo é que nos sorprende moitísimo que o Goberno de España comprometera en firme coa Unión Europea ese pago polo uso das autovías para conseguir fondos de reconstrución sen informar os españois e sen dicir nada ás comunidades autónomas.

Tamén estamos preocupados pola ausencia de talante. As comunidades autónomas non dispoñemos de información ningunha e, dende logo, hai falta de talante. Creo que sería o mínimo —dende a lealdade institucional, que é un principio básico— polo menos informar dunha medida de tanto calado, cando temos esas conferencias sectoriais de transportes para abordar asuntos co Ministerio de Transportes, porque nelas se abordan outros asuntos menos importantes que estes. Non se presentou ningunha proposta que poidamos debater, falar ou abordar.

E, dende logo, tamén estamos preocupados polo fondo. O fondo supón un agravio a Galicia, á nosa situación periférica, tamén pola dependencia que temos nas infraestruturas; infraestruturas como son as autovías, que chegaron moitísimo máis tarde que a outros territorios.

Polo tanto, o impacto é moito maior en Galicia que noutros territorios, e esa tarifa por quilómetro percorrido dende logo que nos fai máis periféricos, afástanos moito máis do resto dos territorios e condénanos practicamente a desaparecer dos mercados europeos. Isto creo que calquera o pode entender. Esa tarifa euro/quilómetro fai que Galicia quede condenada aos mercados europeos e que se favorezan territorios como Cataluña ou o País Vasco, que están moito máis cerca da Unión Europea. Ao mellor é o que pretende o Goberno de España. Debería aclaralo.

Tamén estamos preocupados por ese impacto. Temos unhas autoestradas das máis caras, con peaxes, a AP-9 e a AP-53, e esta última sen bonificación ningunha. Polo tanto, é unha situación que ten moito impacto.

E preocúpanos a inoportunidade, preocúpanos, porque non é o momento oportuno cando está a luz polas nubes e cando están os carburantes disparados. Dende logo, preocúpannos as maneiras, a falta de talante, o agravio e o impacto desta medida que pretende o Goberno de España. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Calvo Pouso.

**O señor CALVO POUSO:** A verdade, conselleira, é que hai datos suficientemente significativos. Fíxese vostede que para unha persoa que compre un coche da categoría dos urbanos, un Seat Ibiza, de 100 cabalos, de gasolina, cun custo aproximado de vinte mil euros, se lle calculamos unha vida útil de dez anos, veremos que ao longo deses dez anos o propietario do vehículo vai pagar catro mil quiñentos euros en impostos, e isto sen ter en conta os carburantes. É dicir, por ter o coche parado simplemente no garaxe, vai pagar catro mil quiñentos euros durante dez anos.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha vez máis vimos que as medidas que tiña pensado levar a cabo o Goberno do Partido Socialista foron ocultadas. Foron ocultadas e, se non chega a ser porque se vai coñecendo pouco a pouco ese plan, pois non saberiamos exactamente que é o que queren facer.

E é importante que se saiba que ademais isto non é unha imposición da Unión Europea, senón que é un compromiso do Goberno do Estado para poder recibir os fondos. Podíase ter comprometido con calquera outra medida, pero estimou oportuno comprometerse a poñer pago por circular polas autovías.

E tamén é importante, señora conselleira, saber cal é a postura do resto dos partidos, porque é realmente curioso que, nesta situación que se está a producir con este aviso que temos por diante, parece que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista están totalmente calados e que este tema non lles afecta. *(Murmurios.)* É curioso, sabe Dios por que. Parece que valoran moito máis os sillóns nas institucións que outras cousas. Pero, bueno, non nos estraña porque estamos acostumados a que o Bloque Nacionalista Galego diga unha cousa pola mañá e outra pola tarde. *(Murmurios.)* Por exemplo, hoxe o seu deputado no Congreso dos Deputados, o señor Rego, xa dixo que «Galiza será máis pronto que tarde unha república libre e soberana.» ¡Benvido o Bloque de sempre! *(Aplausos.)* ¡Benvido o Bloque de sempre! Poden vostedes estar seguros de que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista non van preguntar sobre as peaxes, señora conselleira, e non van preguntar sobre as peaxes porque no fondo están de acordo con ese acordo do Goberno do Estado... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CALVO POUSO:** ...para que todos paguemos por circular polas autovías.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

**O señor CALVO POUSO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Si, grazas, señoría.

Se fose o PP, sería a segunda navallada, seguramente. Pero, en calquera caso, eu vou á pregunta do deputado.

Señor Calvo, dende logo, Galicia non pode aceptar ningunha fórmula que aumente o seu agravio. Galicia non pode aceptar fórmulas que nos fagan máis periféricos, que nos afasten máis do resto de España, que nos afasten da Unión Europea e que nos acentúen esta situación no córner de España.

Dende logo, é unha medida de moitísimo calado. Eu pregúntome se o Goberno de España fixo certas reflexións. ¿En que situación quedará o sector do leite galego con esta medida de

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pago por quilómetro polo uso das autovías? Multiplicando iso aos custos de transporte, dende logo, non será competitivo e condenarémolo a desaparecer dos mercados europeos. E é moi distinto Bilbao que Viveiro.

Polo tanto, é unha medida que non podemos aceptar, e sobre todo que ademais se nos venda como unha medida de equilibrio territorial. E outros calan. O certo é que ese pago por uso euro/quilómetro polas autovías do Estado, e que se nos pretenda vender como unha medida de equilibrio territorial, parécenos incomprensible e inaceptable.

Outra ocorrencia que vimos no día de onte é que o Goberno de España pretende tamén ou ten a idea de implantar as peaxes urbanas para entrar nas cidades. Dende logo que tamén nos quedamos sorprendidos. É outra escusa perfecta para minguarlle a carteira ao contribuínte e tamén para contar con máis ingresos no Goberno de España.

Estamos a falar, en calquera caso, de implantación de taxas nas autovías, o que supón un prexuízo a Galicia e, dende logo, desincentiva o asentamento de industrias e empresas no noso territorio. É un modo de desincentivar a actividade empresarial e industrial en Galicia, que o certo é que non nolo podemos permitir, e sobre todo nestes momentos.

Hai que ter presente que tamén impoñer esas peaxes polo uso para o mantemento das autovías, dende logo, é amplificar a carga impositiva. E aí están os datos tamén, ademais, do que se recada xa polo sector do transporte, como dixo vostede, e que tamén afectará a seguridade viaria. Hai que ter en conta que é unha medida que afectará a seguridade viaria porque obrigará a discorrer o tráfico polas estradas convencionais.

O segredismo sorpréndenos, e a falta de transparencia e a falta de diálogo tamén é altamente preocupante e sobre todo inxustificable. Dende logo, hai unha falta de talante importante, e de lealdade. E que se baseen en criterios de equidade e igualdade para vendernos esta medida dende logo parécenos inaceptable.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra don Ovidio Rodeiro Tato, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor RODEIRO TATO:** Grazas, señor presidente.

As bibliotecas custodian os libros e os feitos, como custodiarán no día de hoxe o rápido adiós á moderación promovida por Ana Pontón. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola mañá o señor Néstor Rego pronunciou que «Galiza será máis pronto que tarde» —como dicía o deputado Diego Calvo— «unha república libre e soberana». E a primeira proposta que tivemos pola tarde, esta tarde, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é a que propuxo tamén a imposición do galego para esa república. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Efectivamente, as bibliotecas son instrumentos educativos que contribúen a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias co obxectivo de que o alumnado poida formarse para desenvolver un verdadeiro espírito crítico —insisto, que poidan formarse, porque co novo decreto parece que xa dá igual a formación—, e para desenvolver un verdadeiro espírito crítico, efectivamente, fai falta esa formación. Porque a formación, a cultura do esforzo e o traballo son a clave para un verdadeiro espírito crítico. Sen coñecementos, aínda que se teña moito espírito crítico, o único que conseguiremos ter será un bo charlatán pero nunca un estudante libre.

Por iso mesmo, para este grupo parlamentario, as bibliotecas escolares contribúen a espertar no alumnado o interese polo coñecemento, o interese por descubrir cousas novas, o interese por fomentar a participación en novas actividades e iniciativas; iniciativas como o Plan de mellora de bibliotecas escolares, os clubs de lectura, a biblioteca inclusiva ou as mochilas viaxeiras, entre outras medidas agrupadas no Plan LIA, que axudaron as comunidades escolares a aproveitar estes espazos como recursos de innovación educativa e pedagóxica.

A Consellería de Cultura leva anos investindo nestes recursos educativos e fomentando a súa implantación en centros educativos de todo o territorio galego, en especial no medio rural.

Este grupo parlamentario entende que a biblioteca escolar xoga un interesante papel no proceso pedagóxico, pero tamén contribúe a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros. E tamén contribúe, dalgunha maneira, a proporcionar novas oportunidades para o emprego destes múltiples recursos e para mellorar tamén a progresiva autonomía na aprendizaxe.

Por todo o exposto, señor conselleiro, queremos preguntarlle que traballos e que programas se están a desenvolver nestas bibliotecas escolares galegas.

Máis nada, moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, dentro dos múltiples eslabóns que conforman a cadea de valor do sistema educativo, un dos máis significativos e un dos que eu persoalmente estou máis orgulloso, pero creo que tamén o conxunto da comunidade educativa, é o das bibliotecas escolares. E é así por un motivo básico que se podía resumir nunha comparativa do que eran as bibliotecas cando

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

algúns eramos máis xoves, cando estabamos en idade escolar e iamos aos institutos, aos colexios —unha gran maioría dos deputados temos unhas idades parecidas—, e naquel momento as bibliotecas eran simples contedores de libros, eran lugares onde se ía simplemente a estudar nunha mesa e ás veces eran os lugares de castigo; castigábannos ás bibliotecas.

Hoxe en día é xusto ao revés. Hoxe en día son o corazón de moitos centros educativos, de moitos colexios, de moitos institutos. Son auténticas aceleradoras da innovación educativa, para traballar por proxectos, para poñer á disposición do conxunto do profesorado e do alumnado recursos tecnolóxicos, recursos informáticos, recursos audiovisuais, servizos especializados, abertas dun modo progresivo ás familias, aos pais, ás nais, á sociedade.

E todo isto materialízase nun resultado tremendamente positivo en todo o que ten que ver coas actividades vencelladas á biblioteca, fundamentalmente á lectura. De aí temos tamén nos últimos anos uns índices crecentes nas variables que están vencelladas á lectura, á comprensión lectora. E todos os anos a través dos informes PISA vemos como están medrando en Galicia a un ritmo creo que moi positivo.

Todos os anos hai unha xornada de bibliotecas onde se intercambian experiencias. Participan aproximadamente seiscentas persoas. Este sábado pasado tivemos ocasión de repetila presencialmente, o ano pasado foi dixitalmente, virtualmente. E aí se demostra, coas experiencias e cos intercambios de información que teñen os profesionais do sistema educativo que traballan nas bibliotecas, a importancia que teñen e a dinámica positiva que levan desempeñando nos últimos anos.

Obviamente o éxito progresivo non é froito da casualidade, é froito do traballo dos profesionais e é froito dunhas liñas de traballo, dunha serie de plans que ao longo do tempo foron consolidándose e foron xerando unha liña de traballo asumida polos centros educativos e polo profesorado.

Quizais os dous plans principais sexan, por unha parte, o Plambe e, por outra, o LIA.

O Plambe, que é o Plan de mellora de bibliotecas escolares, é unha realidade que ano a ano medra. Estamos xa practicamente en 730 centros vencellados, incrementáronse 27 neste ano.

E o Plan LIA basicamente o que fai é dotar de materiais e converter en laboratorios creativos...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Moitas grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...en laboratorios para a innovación estes centros.

**O señor PRESIDENTE:** Hai outro turno despois. Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** En definitiva, temos unha dinámica moi positiva e na seguinte resposta...

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Na seguinte, na seguinte.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...acabarei de concretar os datos.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Grazas, señor presidente.

Grazas, conselleiro, por trasladarnos información que consideramos relevante para este grupo parlamentario do importante traballo que está desenvolvendo a comunidade educativa galega.

Señorías, Galicia é a terceira comunidade de España en competencia lectora. As rapazas galegas son as sextas a nivel mundial en competencia lectora, posto que é compartido con Dinamarca, Eslovenia e Corea. Señorías, as rapazas galegas tamén son as primeiras en España en competencia lectora.

Son datos do informe PISA, que é a maior e a máis influente proba educativa de carácter internacional, que mide os coñecementos de matemáticas, ciencias e lectura dos alumnos aos 15 anos; unha radiografía comparada na que participan os 79 países máis importantes do mundo. Son datos que ratifican unha vez máis a calidade e a equidade do sistema educativo galego.

Pero cada vez que os estudos máis rigorosos que existen falan ben do noso sistema educativo hai grupos parlamentarios aos que lles molesta especialmente e fan todo o posible para desacreditalos. Son os mesmos que tan só lles dan credibilidade ás enquisas que lles encargan aos seus sindicatos amigos. A verdade é que é unha manobra lamentable intentar desacreditar as probas PISA cando non lles favorecen os resultados.

Señor conselleiro, este grupo parlamentario quere trasladar unha felicitación a toda a comunidade educativa por estes excelentes resultados. Queremos animalos a que sigan vostedes implementando novas medidas e iniciativas en favor e para o fomento da lectura, porque o sistema educativo ten que estar en constante evolución, o que exixe que se implementen novas medidas e actividades.

Polo tanto, para rematar, gustaríanos que nos ampliara un pouco máis a información acerca dos traballos que se plantexan no marco do Plan LÍA.

Máis nada, presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González)**: Moitas grazas, señor presidente.

Como estaba dicindo, hoxe as bibliotecas escolares son un motivo de orgullo para os propios centros e para a Administración educativa. Os últimos anos téñense caracterizado por unha progresiva mellora colectiva das propias bibliotecas, que se converteron nun dos motores da innovación educativa, do traballo colaborativo, da investigación, da colaboración. E, obviamente, detrás —estaba dicindo— hai un gran traballo de todos os responsables das bibliotecas escolares, pero tamén hai detrás unha planificación axeitada.

Xa dei os datos do Plambe e agora gustaríame falar do Plan LÍA. O Plan LÍA é un plan que se comezou no ano 2010. Neste primeiro Plan LÍA, do ano 2010 ao ano 2015, o que fixemos foi integrar todas as actuacións que existían por parte da consellería, ou doutros departamentos da Administración pública, no ámbito das bibliotecas, nun vector cunha orientación, que era mellorar as competencias de lectura, de escritura e de habilidades lingüísticas. Vostede acaba de dar uns datos tremendamente significativos, dos que é para estar orgullosos como galegos.

Tamén este Plan LÍA tivo unha continuidade no ano 2016-2020 cunha segunda fase, que supuxo un investimento de catorce millóns de euros, onde tamén se plantexa como unha ferramenta básica para o traballo colaborativo e onde se comezou a falar dunha serie de proxectos específicos orientados a vencellar as familias, os colectivos dos contornos dos centros educativos coa biblioteca.

Aí están as mochilas viaxeiras, aí están os clubs de lectura, aí está un proxecto tremendamente interesante como é Radio na biblio, que para os alumnos é unha grandísima experiencia polo que implica para eles de aprendizaxe, de romper certos tabús; as bibliotecas creativas.

En definitiva, unha serie de proxectos que converteron as bibliotecas nun laboratorio de ideas onde o alumno aprende facendo. E é algo tremendamente significativo xa que, ademais, o desenvolvemento curricular materialízase en diferentes accións neste ámbito.

Temos agora, xa a piques de rematar, a terceira fase do Plan LÍA. Esta terceira fase do Plan LÍA vai dar lugar a un proxecto, o Plan LÍA 2022-2025, onde imos actualizar os proxectos básicos nas bibliotecas; é dicir, todo o que ten que ver coa mellora da biblioteca nos centros do rural, a biblioteca creativa, as bibliotecas inclusivas. En definitiva, mellorar a presenza das bibliotecas escolares naqueles centros que aínda non están dentro do Plambe —queremos chegar ao 100 % dentro do ámbito das bibliotecas escolares— e tamén abrilas á sociedade, no sentido de que a biblioteca escolar sexa un punto de converxencia, sexa un punto de encontro entre as familias, os profesores, os nenos, as nenas, e se poidan desenvolver no seu contorno proxectos colaborativos e que contribúa todo isto, dentro dos métodos pedagóxicos actuais, a consolidar...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Remate, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...ese cambio de percepción que dixen ao principio.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Que deixen de ser lugares de castigo...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...para ser lugares de innovación educativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**Pregunta de Dª Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva**

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten a palabra, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, esta pregunta que lle trasladamos require da súa máxima atención e tamén de empatía.

A medida que vai avanzando este curso, desde o pasado mes de setembro foron medrando as evidencias dunha realidade discriminatoria coas persoas xordas nos centros educativos galegos. Día tras día fomos vendo como se multiplicaban, mesmo publicamente, as denuncias de familias provocadas pola falta de recursos suficientes nos colexios e nos nosos institutos, que está a privar as súas crianzas da necesaria inclusión educativa como persoas xordas que son. Onte mesmo tivemos oportunidade de acompañalas ás portas deste parlamento.

As familias e os colectivos de persoas xordas denuncian como cada novo curso comeza unha esgotadora e inxusta odisea: a de reclamar o acompañamento educativo de intérpretes de lingua de signos ao longo da totalidade da xornada educativa, un recurso que —non se nos escapa a ninguén— é fundamental para garantir, por unha banda, a aprendizaxe e a adquisición das competencias e, por outra, algo fundamental como é a socialización das crianzas xordas no seu contorno educativo, entre os seus compañeiros e compañeiras e o profesorado.

Unha demanda de atención educativa sometida a un inxustificado proceso reiterativo, xa que nada pode resolver a xordeira. Isto é, un alumno ou unha alumna xorda que se incorpora a un centro educativo vai manter esta situación ao longo de toda a súa escolaridade, curso

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tras curso. Non entendemos pois que razón pode explicar a incapacidade do Partido Popular para entendelo e actuar en consecuencia programando un plan de organización e previsión adaptado a esta realidade.

A limitación do horario de apoio por parte dun intérprete de lingua de signos, xunto coa escasa presenza de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e en audición e linguaxe con coñecemento de lingua de signos, está a provocar sufrimento no alumnado e nas familias —sen esquecer que moitas destas familias son unidades familiares con todos os seus membros xordos—, está a xerar problemas de conduta, déficit de atención, fracaso escolar e, en consecuencia, exclusión do alumnado xordo do seu dereito fundamental á educación.

Ante a persistencia e a reiteración desta demanda por parte das familias e ante a falta de resposta ás mesmas, mesmo a escritos dirixidos á consellería por parte do Goberno, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trasladamos a vostede, señor conselleiro, esta pregunta: ¿que medidas ten previsto poñer en marcha de forma urxente e programada o Goberno do Partido Popular para reparar a grave discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación de calidade e inclusiva? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Queixas.

Para contestar esta pregunta ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo o ton da deputada, pero non podo compartir un discurso tan interesado e tan desproporcionado. Creo que en cuestións deste tipo hai que ter, como vostede dixo, a máxima empatía, a máxima sensibilidade e o máximo respecto, pola orde que vostede queira.

E mire, se por algo ten destacado esta administración nos últimos anos é por poñer como unha das súas bandeiras o apoio á diversidade e o apoio aos alumnos con necesidades educativas especiais. En Galicia temos —e creo que é un orgullo e que debemos estar orgullosos diso— o sistema educativo máis inclusivo de España. Iso non o di un político, iso dino os informes que avalían a nivel interautonómico esta realidade. Nós temos o 93,6 %, case o 94 %, dos alumnos con necesidades educativas especiais integrados en centros ordinarios; a media de España está en pouco máis de 80 %; case quince puntos máis.

Non compartimos, non podemos compartir, o que vostede plantexa como unha discriminación ou como unha grave discriminación. Nós podemos entender que algunhas familias, algúns casos concretos, poidan sentir algunha frustración, algún desconcerto ou que a resposta da Administración non satisfaga a idea que estas familias poidan ter. Agora, eu creo que é unha grande irresponsabilidade tomar o todo por unha parte ou poñer en dúbida o traballo de miles, de miles de profesionais (PT, AL, coidadores, intérpretes de signos —máis de cincuenta—) que desempeñan a súa función cunha entrega altísima dentro do sistema educativo galego.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o que vostede nos plantexa, esta administración ten moi claro como proceder. Primeiro, con protocolos. Neste caso, temos un protocolo de atención educativa ás persoas xordas. Segundo, con convenios específicos cos colectivos, neste caso de persoas xordas, e coa propia federación, para chegar aí onde non chega a Administración. E, terceiro, dotando de recursos. Todo isto cunha visión clara e integral, onde o máis importante é a atención que merecen aqueles alumnos que máis o precisan. Estamos a falar —como xa dixen— de cincuenta intérpretes de signos. Todos os informes, que son positivos, por parte dos profesionais...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...para dotar de recursos humanos...,

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...incluídos os casos de persoas xordas... *(O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, conselleiro.

*(Aplausos.)*

Para réplica ten a palabra a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a súa Galiza é tan limitada, tan pechada e tan pequena que lles impide ver a totalidade dunha Galiza moito máis grande que existe e que é real. *(Aplausos.)*

O problema non son os recursos nin os profesionais que hai, o problema son os que non hai, os que non están nos centros e que impiden socializar e comunicar os nenos e as nenas xordas. Esa é a realidade. Deixe, por favor, vostede de facer ouvidos xordos, escoite —vostede que pode, igual ca min— e fale coas familias. *(Aplausos.)* Déalles resposta ás familias, porque están esperando. E, sobre todo, gobernen, por favor, para a diversidade, porque esa é a Galiza real e diversa na que temos que poñer os recursos para atender na súa totalidade.

Mire, Olalla é unha nena de 4 anos. Comezou este curso nun colexio da Coruña 5º de educación infantil, podendo comunicarse cun intérprete de lingua de signos oito horas das vinte e cinco horas lectivas que hai á semana, é dicir, dezasete horas incomunicada no seu centro educativo. Grazas á presión familiar e á presión e mobilización social, a consellería decidiu que se podía ampliar esa atención a dezanove horas. Olalla segue seis horas incomunicada de vinte e cinco horas lectivas. Esa é a resposta ou ese é o merecemento que o señor conselleiro acaba de dicir que lle corresponde a Olalla. ¿Cal é a súa preocupación, señor conselleiro? ¿Garantir o dereito a unha educación verdadeiramente inclusiva ou sim-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plemente cadrar o balance das súas contas? ¿Cal é a preferencia como conselleiro e deste goberno?

Pedimos dereitos, non privilexios. A xordeira non é unha diversidade intelectual, senón funcional, e existe a lingua de signos para comunicarnos. Isto é o que demandan as familias. Non demandan privilexios nin moito menos esmolas, sempre condicionadas, demandan un dereito básico. Teñen que mudar esta práctica habitual que caracteriza ao Partido Popular de traballar para a privación lingüística, que é así como a cualifican os especialistas, cando non se facilita a comunicación das persoas xordas; negan a existencia de intérpretes na sanidade.

Xa vimos como descaradamente incumpren un acordo parlamentario do 25 de febreiro deste ano. *(Aplausos.)* Diminúen curso tras curso o horario de atención con intérpretes de lingua de signos aos nenos e ás nenas xordas. Teñen un severo problema coas linguas —xa o confirmamos hoxe aquí—, máis alá da única hexemónica que está na súa cabeza e na súa Galiza pequena. Por unha banda, privan de aprender o galego e, pola outra, privan de aprender a través da lingua de signos. É moita hora de que abandonen a súa política de exclusión da escola pública e que activen unha educación verdadeiramente igualitaria. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Queixas.

Para réplica ten a palabra o señor conselleiro, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señora Queixas, despois de escoitala a vostede, eu non sei se insinúa que as decisións neste ámbito son decisións arbitrarias, que as toma o conselleiro ou que as toma o político de turno, e que non se teñen en conta, en todos os casos, os informes dos especialistas da consellería para adoptar as decisións necesarias e precisas. Se vostede di iso, a min non me quedaría máis que falar con estes profesionais e dicirlles: miren, teñen que facer algo, porque a vostedes non os cren.

Sobre o que comentaba antes, aquí non hai decisións arbitrarias. Aquí hai uns protocolos, que fixan uns marcos de resposta educativa, hai uns convenios coas federacións, con colectivos de diferentes ámbitos de atención á diversidade, e hai unha dotación de recursos, que se fai con base nuns informes —digamos— especializados das unidades provinciais de orientación específica. Non son arbitrarios. Pode ser que, nalgún caso, ese informe á familia non lle guste, pode ser, ou que a familia teña unha percepción diferente á que plantexan os especialistas, pode ser.

Agora, que veña aquí dicir que somos insensibles, como Partido Popular e como Goberno, a esta situación raia case a inmoralidade, *(Murmurios.)* porque temos a mesma sensibilidade que vostedes, non dubiden iso. E vostede plantexa todo en máis, máis e máis. Non é ter máis, máis e máis. O que hai que ter é o que se precisa e o que nos din os informes técnicos que é necesario para poñelo en marcha. *(Aplausos.)*

Nós temos moi claro que a atención educativa aos alumnos que máis o precisan, aos alumnos con necesidades educativas especiais, é unha absoluta prioridade; xa lle dixen antes os efec-

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tivos humanos que traballan neste ámbito. Busque vostede, dentro de España e dentro das rexións máis avanzadas de Europa, un sistema educativo que porcentualmente teña un número tan alto de profesionais adicados á integración e á atención á diversidade. Búsqueo, porque seguramente levaría unha sorpresa.

Nós temos, como Administración, que dar resposta a estas necesidades. A forma de dárllela é moi diversa e, ás veces, non coincide o que queren as familias, ou o que queremos as familias, coa realidade.

Pero, neste caso concreto, á parte de intérprete de signos, a Administración fornece os centros educativos de emisora de FM, de amplificadores de bucle magnético, de profesores especialistas en audición e linguaxe, de PT, de intérpretes de signos... E isto faise sempre con base nas necesidades.

Hai case quiñentos alumnos xordos en Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que reciben a atención que os técnicos da consellería... *(O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo. Xa está entendido. Grazas.

Cometemos un erro e volvemos á pregunta anterior.

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación da formación profesional en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor RODEIRO TATO:** Grazas, presidente.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, ten acreditado unha aposta clara pola formación profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos do Goberno do presidente Feijóo.

A oferta de titulacións de formación profesional en Galicia gañou prestixio e tamén gañou e mellorou as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que, grazas a este esforzo, se puido reverter a tendencia de crecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas de FP superan as do bacharelato, tal e como se acredita na enquisa sobre a situación actual da educación en España, elaborada por Educa 2020 e pola Fundación AXA. Desta enquisa despréndese que a maioría das familias en España teñen unha imaxe negativa da FP. Máis da metade dos pais e nais de Andalucía, Aragón, Castela-León, Madrid, Valencia e País Vasco non valoran positivamente a formación profesional. É dicir, que a media das comunidades autónomas con peor imaxe da FP é do 57,5 %. Fronte a esta

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

situación, están Estremadura e Galicia, nas que a maioría si ten opinións positivas sobre a formación profesional. No caso de Galicia, o 53 % das familias considera que estes estudos brindan boas oportunidades laborais aos alumnos. Deste estudo tamén se desprende que o 44,6 % dos pais que participaron consideraron que a formación profesional ofrece maior estabilidade laboral, fronte ao 26 % do resto das comunidades autónomas analizadas. Estes datos certifican a boa imaxe e unha maior consideración social da formación profesional galega, que efectivamente se contrasta co número de alumnos matriculados.

No curso pasado, o Goberno central anunciou a elaboración dunha nova lei estatal de formación profesional, e os sectores produtivos e a propia sociedade están a poñer o foco na necesidade de modernizar e desenvolver, aínda máis, a oferta de ciclos e modalidades destas ensinanzas pensando nas necesidades laborais e nos novos perfís demandados.

Este grupo parlamentario cre preciso coñecer, conselleiro, a situación actual da formación profesional e os traballos que está a desenvolver a consellería para seguir potenciando estas ensinanzas. Polo tanto, gustaríanos preguntar cal é a situación da formación profesional en Galicia para afondar no camiño de potenciar estas ensinanzas nos vindeiros cursos.

Máis nada, presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, así como Galicia foi capaz de mudar a percepción da utilidade das bibliotecas escolares nos últimos anos, tamén foi capaz de mudar a percepción e a utilidade da formación profesional. A min gústame dicir que nos últimos anos a formación profesional experimentou unha auténtica revolución silenciosa, un cambio radical na percepción social.

Hoxe, falar de formación profesional é falar dun ensino de absoluto prestixio, conectado cos sectores produtivos, cunha gran demanda social, cunha gran capacidade de empregabilidade e cunha capacidade constante de favorecer a innovación, con posibilidades de inserción laboral altísimas. Este progresivo e cada vez máis forte prestixio vencéllase tamén cunha crecente confianza por parte das familias e dos alumnos que cursan formación profesional, que entenden que as aprendizaxes nos diferentes niveis da formación profesional (básica, superior e media) ou nos denominados máster lles vai ser útil para a súa vida laboral e para a súa inserción plena no mundo laboral, así como tamén neste caso para os sectores produtivos, para as empresas, que ven que a formación profesional ten capacidade de formar ben futuros profesionais, que poidan aportar ao mundo da empresa, ao mundo do traballo, o seu coñecemento e os seus saberes.

Creo que, neste sentido, hai datos que poñen de relevo e certifican o que estamos a dicir. Quizais, o indicador máis significativo é o incremento da matrícula que tivo a formación

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

profesional dende o curso 2008-2009, dende que o actual Goberno comezou a traballar neste ámbito.

Dende aquel momento, incrementamos en case un 70 % o alumnado. Pasamos de trinta e catro mil oitocentos a preto de sesenta mil alumnos; é dicir, case duplicamos o número de alumnos. Pero se este dato é un dato sólido, tremendamente sólido, máis sólido é a empregabilidade, onde pasamos naquel momento de arredor dun 50 % a practicamente un 85 % por cento, en xeral, e se falamos da FP dual estamos a falar de porcentaxes de inserción laboral altísimas.

Hai datos que tamén falan do progresivo prestixio da formación profesional. Un deles é o dos centros onde se imparte. Impartimos formación profesional en 216 centros, 25 títulos de FP básica —fundamental a FP básica para a integración dos alumnos con máis necesidades educativas—, 47 de grao medio, 77 de grao superior e 13 cursos de especialización ou máster.

Temos moitos indicadores que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...falan dun salto cuantitativo e cualitativo sen precedentes que se basea —como dixen— na confianza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e no prestixio crecente da formación profesional.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Grazas, señor presidente.

Este Grupo Parlamentario Popular cre tamén nas moitas posibilidades que ofrece a formación profesional na nosa Comunidade. Somos conscientes do esforzo realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar —como ben dicía— os ciclos e o número de alumnos que seguen este tipo de oferta educativa. E, ademais, gustaríame poñer en valor un dato que acaba vostede de dar hoxe aquí: ese incremento de case o 70 % do número de alumnos matriculados na formación profesional.

A verdade é que esta decidida aposta pola formación profesional fai que os galegos de hoxe vexan esta oferta formativa como unha garantía de emprego, tanto de futuro como de calidade, cunha formación que se adapta ás características do tecido produtivo de cada comarca e que garante a realización de prácticas profesionais que achegan o alumnado á realidade

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das empresas. Unha formación profesional —como vostede anunciou tamén— que abriu unha nova liña de traballo hai uns anos ao implantar a formación profesional dual, que se está desenvolvendo na nosa comunidade en colaboración coa participación activa do tecido empresarial galego.

Polo tanto, conselleiro, para rematar xa, gustaríame saber se nos pode ampliar a información desta nova modalidade da formación profesional dual na nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas.

Remataba a anterior intervención falando da oferta en ciclos, dos diferentes títulos que ten a formación profesional.

Hai tamén outra serie de datos que creo que son moi significativos para entender o prestixio social crecente e a confianza progresiva das familias e das empresas no ámbito da formación profesional.

Obviamente, non é froito da casualidade que practicamente nunha década se dupliquen os alumnos, se duplique practicamente a inserción laboral e se xere este prestixio, sacando un estigma do pasado, e a confianza do conxunto do mundo produtivo e das familias. Detrás hai un traballo serio, ambicioso e moi rigoroso que nos permitiu crear e ter unha serie de indicadores tremendamente positivos en Galicia. Por exemplo, temos vinte e tres centros integrados de formación profesional. Eu lembro nesta Cámara como se cuestionou a creación dos centros integrados de formación profesional. Temos vinte e seis viveiros de empresa, case sesenta e cinco ciclos plurilingües en FP, e somos das primeiras comunidades autónomas que fixemos ciclos plurilingües en FP, que agora o Estado potencia, pero nós fomos dos pioneiros en facelo.

En canto á oferta que vostede plantexaba de FP dual, hoxe é unha das estratexias máis sólidas de formación profesional a curto e medio prazo. Estamos a falar dun incremento moi notable nos últimos anos que nos leva a falar de 163 ciclos nos cales se forman aproximadamente dous mil alumnos, cunha empregabilidade practicamente do cen por cento. Tamén lembro como nesta Cámara se criticaron amargamente as experiencias iniciais da FP dual por parte da Xunta de Galicia.

O prestixio, a calidade e a inserción laboral son sinónimos da FP dual. Como xa dicía, estamos a falar dunha inserción altísima, dun crecente interese por parte do tecido empresarial e dunha formación que combina, por unha parte, a formación no instituto, na aula, coa formación na propia empresa, na que o alumno se forma en contacto co mundo do traballo. Desde a perspectiva da empregabilidade, isto ten unha capacidade para poder avanzar altísima.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A evolución foi tremendamente positiva —xa o dixen—: 163 ciclos, unha grande implicación, neste caso, do mundo empresarial, e hai 571 empresas que colaboran no ámbito da formación profesional dual. Algunhas delas, as de maior tamaño, son capaces de ter un único ciclo ou de dar saída e formación aos doce, quince ou dezaseis alumnos que poidan estar nun ciclo destes, e, noutros casos, é un ciclo que se forma coa agregación de microempresas ou de empresas máis pequenas que poidan coller a un, a dous ou a tres alumnos para formarse neste ámbito.

E, ademais, podemos dicir...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que a formación profesional dual é unha auténtica formación...

**O señor PRESIDENTE:** Si, agora lle explico. Perdón, tardei un minuto en pór o reloxo. Foi fallo meu.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):**

Xa remato. Se me deixa...

**O señor PRESIDENTE:** Non, foi un fallo meu, que o puxen un minuto tarde.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Se me deixa cinco segundos, remato.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, cando poida.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Tamén quero dicir que é unha formación profesional dual auténtica, xa que a implicación da empresa é absolutamente real. O alumno ten un aporte económico e ningunha administración subvenciona as empresas para ter estes alumnos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, eu creo que está comprendido.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Creo que o dobre interese é claro, e, sen dúbida, é unha mostra máis dun traballo serio e rigoroso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que se leva desenvolvendo nos últimos anos.
Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pido desculpas, pero foi un fallo meu. Puxen o reloxo a funcionar cando xa levaba falado un minuto, pero quedou a cousa máis ou menos equilibrada. Non pasou nada.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

Chegamos á última pregunta.

Nós pensamos que se trata dun asunto capital, e ademais é importante coñecer cal é a valoración que fai o Goberno da Xunta de Galicia dunha sentenza dun tribunal que condena o Sergas por non dar cumprimento e non garantir os dereitos das persoas transexuais da nosa comunidade; coñecer cal é a valoración, en concreto, desa sentenza e como valoran tamén que unha galega, ou calquera cidadán, calquera galego, se vexa na obriga de acudir a un tribunal, á xustiza, para que se vexan recoñecidos e cumpridos eses dereitos fundamentais; dereitos que, sen ir máis lonxe, están contemplados nesa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Esa sentenza recolle o caso, en concreto, de Sara Romero. Dicimos o seu nome porque, sen pretendelo, coa súa loita, se converteu xa nunha activista con dúas sentenzas que veñen a sentar xurisprudencia neste país. E, neste caso concreto, é nesta sentenza na que se condena o Sergas, o Servizo Galego de Saúde, pola agarda, os atrasos e o pesadelo que tivo que vivir esta muller.

Despois de moito tempo agardando, seguindo todos os pasos e todos os cauces, chegou un momento tan delicado que o seu benestar, a súa saúde, tanto física como psicolóxica, estaba en grave risco. Tanto é así que, despois de agardar e de non acadar esas respostas no Sergas, a endócrina coa que trataba habitualmente Sara recoméndalle acudir á sanidade privada. Sara, aínda que non ten os cartos, decide pedir un préstamo para someterse a esa operación, a unha mamoplastia e a unha vaxinoplastia na sanidade privada. Sara continua con todos os cauces antes de acudir á xustiza e diríxese á Xunta de Galicia para solicitar que lle aboe a cantidade de 22.500 euros que lle cambiaron a vida e aos que tiña dereito, ademais, no catálogo —como dicimos— da sanidade pública. Despois de tantos anos de silencio, recibe primeiro a negativa por parte da Xunta de Galicia e xa é cando recorre á xustiza.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é moi clara: condena o Sergas a aboarlle esa cantidade a Sara, pero ademais é importante ter en conta o contido e o argumentario do fallo, que di que non é un capricho nin foi unha decisión caprichosa, senón que agardou dabondo. E ademais lembra ao Goberno, lembra ao Sergas, que hai que dar cumprimento á lei e que, no caso das persoas transexuais, ademais, hai que facelo en prazo, porque ese silencio non é unha resposta e eses atrasos redundan directamente nas persoas e poñen en risco as súas vidas.

Queremos saber cal é a valoración que fan desta sentenza e, sobre todo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**A señora OTERO LAGO:** ...que van facer para que se dea cumprimento a esa lei galega.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moi boas tardes.

Señora Otero, para a Consellería de Sanidade é imprescindible ofrecer a mellor atención sanitaria a todos os galegos e galegas e, se mo permiten, especialmente, ás persoas trans. Por iso, asumimos esta sentenza, como facemos, obviamente, con calquera resolución xudicial.

Pero o asunto do que falamos hoxe, derivado dunha cuestión administrativa —quero empezar destacando isto—, fainos poñer o foco sobre a necesidade de garantir que estes casos non se volvan producir no noso sistema de saúde.

Aínda que é unha obriga manter os dereitos de confidencialidade e intimidade dos pacientes, ademais de atender aos regulamentos de protección de datos, a sentenza —eu ía dicir anonimizada, pero vostede mesma utilizou o nome— é pública, polo que cremos poder ofrecer algunha explicación sobre o contido.

En primeiro lugar, gustaríame destacar que o período do que falamos coincide no tempo cunha transición que se produce no sistema sanitario público español cando o hospital público Carlos Haya, de Málaga, o centro público de referencia para todo o sistema, deixa de acoller pacientes doutras rexións. Nese momento, houbo que abordar a derivación destes pacientes a outros centros públicos e privados. Neste contexto, xurdiu o caso que orixinou esta sentenza da que falamos, no que se recoñece o reintegro do gasto orixinado por unha intervención nun centro privado de Cataluña; soamente se recoñece o reintegro de gasto e non outra cuestión.

En segundo lugar, gustaríame destacar que, en todo momento dende o comezo, a vontade da Consellería de Sanidade foi a de prestarlle a esta paciente a asistencia que lle corresponde segundo —como vostede ben di— a carteira de servizos do Sistema nacional de saúde. E, precisamente, niso se estaba traballando cando ela decide intervirse a comezos do mes de xaneiro do 2017. Quero que quede claro —tal e como dicía— que asumimos a sentenza porque esa era a vontade da Consellería de Sanidade: prestarlle a atención sanitaria que os especialistas tiñan determinado para a paciente, asumindo por parte do Sergas o conseguinte custo económico.
O 31 de outubro de 2016, dous meses antes desa intervención, realízase dende a área sanitaria da Coruña a correspondente solicitude. Pouco máis alá dun mes, dende Asistencia Sanitaria, requíreselle á área unha información complementaria para continuar co trámite do expediente, segundo o establecido neste caso na Instrución 6/2012, que se basea no Decreto 1030/2016. A paciente sométese —como diciamos— á intervención o 10 de xaneiro, mentres —reitero— se agardaba a completar o proceso de documentación para o proceso de derivación. Un procedemento, por certo, dobremente extraordinario, xa que se trata, por un lado, dunha derivación a un centro privado e, por outro, fóra da nosa comunidade autónoma. Quero

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dicir con isto que, en todo momento, o obxectivo foi e é garantir a atención ás persoas que requiren dunha intervención destas características, xa que, ademais, está regulado pola lei.

Agora mesmo todos os casos de derivación foron tramitados e ningún está á espera da resolución de Asistencia Sanitaria. Así, 29 persoas foron derivadas a centros privados externos nos últimos cinco anos, e na área sanitaria da Coruña creouse un comité cirúrxico de disforia de xénero grazas a que se introduciron melloras na organización. Todas as intervencións que se realizan, tanto no propio CHUAC como as que son derivadas, pasan por esta comisión, que xa avalía a máis de sesenta persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Saudamos o ton no que comparte que, evidentemente, estes dereitos hai que garantilos en todo caso.

Simplemente poderiamos non estar neste punto cando Sara, despois de ter que someterse a esa operación na sanidade privada, que valora non só a nivel médico a súa endócrina senón tamén despois, nesa sentenza, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, cando acode á Xunta de Galicia, ao Goberno galego, para reclamar esa cantidade, eses 22.000 euros, recibe esa resposta na que se valora que non supón unha urxencia nin ningún tipo de risco. Aí están facendo unha valoración que nós non compartimos.

En calquera caso, para rematar, dabamos o nome non só porque a sentenza é pública senón porque Sara Romero —como dicía— se converteu en toda unha activista. Nós, a compañeira Iria do BNG e mais eu, tivemos a oportunidade de estar compartindo unha tarde con ela e queremos convidar a este Goberno a que coñeza a súa historia e fale directamente con ela, e mesmo queremos convidar a educadoras e a educadores para que coñezan a historia de Sara, que é a historia, ao final, de que as leis están sobre o papel. E Sara leva unha loita a nivel administrativo, laboral, educativo, familiar e sanitario para que eses dereitos na práctica se vexan recoñecidos.

E, por último, quero dicir que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lembra que Sara acudiu, obrando de boa fe —porque iso tamén se puxo en dúbida nun primeiro momento dentro do Goberno galego—, sendo a única vía á que podía acudir para obter unha prestación á que ten dereito e que non debería serlle denegada polo argumento de que non esperou a terminar a xestión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quero insistir no que dicía anteriormente. Non foi unha cuestión de indicación ou de soporte a esa intervención. De feito, esta paciente foi operarse exactamente ao mesmo centro onde estabamos tramitando a derivación. Polo tanto, non hai ningún problema nese sentido, como quedou demostrado nos casos seguintes.

Nós coñecemos esta paciente. Ben, eu non, pero si as persoas que traballan con ela directamente e as persoas que interaccionaron con ela no proceso de derivación. Como digo, foi unha cuestión de non facer o procedemento que está contemplado, non para ela senón para todos os galegos e as galegas cando son derivados a un centro alleo. Esa é a cuestión. Pero, en todo caso —repito—, se hai que rectificar algún proceso, niso estamos e —como dicía— esa comisión que se creou no hospital da Coruña para este tipo de situacións así o garante.

Nós imos seguir co noso obxectivo de atender a saúde de todos os pacientes e, en particular, tamén a saúde dos pacientes trans. Nese sentido, mantemos reunións coas entidades do colectivo para atender de xeito constante as necesidades e peticións. Por exemplo, agardamos as súas achegas e a súa participación na formación, respecto da atención sanitaria, á diversidade sexual, unha formación que xa se está impartindo ao persoal do Sergas e que é moi ben acollida. Tamén traballamos para recoller a identidade sentida nos sistemas que se empregan dentro do Sergas, tal e como demandan as entidades, e tamén —como saben— se creou, a finais do 2017, unha unidade específica de atención á transexualidade para os menores de idade, neste caso no CHUS, que, aínda que non é de uso obrigatorio para todos os pacientes, si está dispoñible para aquelas persoas, pacientes e familias, que queiran ter unha atención multidisciplinar.

Como dicía, esta unidade pretende ser unha unidade de acompañamento e apoio e non de derivación de todos os casos. Cremos que foi un paso importante para a homoxeneización da atención en toda a comunidade. E, nesa liña, seguiremos traballando e atendendo, por suposto, todas as persoas que requiran unha intervención cirúrxica, tanto as que se poidan realizar dentro do sistema sanitario galego como aquelas que, pola súa alta especificidade, como era caso desta intervención, haxa que derivar a outros centros.

Os mellores resultados danse, desde logo, cando se traballa en equipo, de aí que continuemos traballando da man das entidades e dos profesionais na mellora dos protocolos de atención sanitaria e do colectivo trans.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, conselleiro.

Xa non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

*Remata a sesión ás seis e trinta e dous minutos da tarde.*

CSV: BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

**CSV:** BOPGDSPG-YbEF0ugDh-6
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/